



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 29

Sesión plenaria
23 de marzo de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGxT1jXJC7g2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto legislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación (doc. núm. 10503, 11/PPL-000004)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

Punto 2. Comparecencia

2.1 12830 (11/PPP-000046)

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións en relación coa evolución da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

Punto 3. Mocións

3.1 12632 (11/MOC-000031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada. (Moción consecuencia da Interpelación nº 11066, publicada no BOPG nº 101, do 24.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.03.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

3.2 12705 (11/MOC-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa crise económica e social que asola a comarca de Ferrol. (Moción consecuencia da Interpelación nº 11392, publicada no BOPG nº 101, do 24.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.03.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

3.3 12706 (11/MOC-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Moción consecuencia da Interpelación nº 9732, publicada no BOPG nº 91, do 10.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 09.03.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 6665 (11/PNP-000756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a establecer facilidades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas, dando cumprimento ás vontades da Lei 5/2015, así como para realizar as actualizacións e adecuacións necesarias no sistema legal e sanitario de Galicia para acompañar os mecanismos públicos aos avances sociais xerados a partir da aprobación da Lei orgánica de regulación da eutanasia no Congreso dos Deputados e garantir a posibilidade de exercer ese dereito en Galicia en plenitude de condicións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 76, do 14.01.2021

4.2 8443 (11/PNP-000855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

4.3 10803 (11/PNP-001061)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

4.4 11302 (11/PNP-001116)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego dun plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña, a licitación polo Goberno central da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira, así como a xestión da condonación da débeda ou solución análoga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

4.5 11701 (11/PNP-001145)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia para dirixirse ao Goberno de España para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de reducir o tipo impositivo do imposto sobre o valor engadido do 21 % ao 10 % en todas as prestacións de servizos deportivos e de actividade física prestados a persoas físicas que non estean xa exentos conforme a normativa en vigor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021



4.6 11912 (11/PNP-001167)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos riscos que presenta para a saúde das persoas e o ambiente o estado das instalacións de Ence en Lourizán.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 105, do 03.03.2021

Punto 5. Interpelacións**5.1 2842 (11/INT-000165)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación con causas seguidas na Audiencia Nacional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

5.2 3673 (11/INT-000237)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación cos prezos do alugueiro de vivenda en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 33, do 21.10.2020

5.3 8063 (11/INT-000496)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da situación do sector eólico en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 27.01.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 12825 (11/POPX-000023)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre o compromiso do Goberno galego contra a corrupción en relación coa caixa B dun partido político e as informacións que a conectan con ese partido en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

6.2 12826 (11/POPX-000024)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre os novos supostos de financiamento irregular dun partido político de Galicia, no coñecido como «caso Bárcenas»

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 7562 (11/POP-001204)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre os obxectivos acadados co convenio asinado coa Fegamp en relación cos procedementos sancionadores vinculados á loita contra a covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

7.2 12799 (11/PUP-000165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para desbotar mecanismos de participación que consoliden o estaleiro Barreras e o sector naval de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

7.3 12445 (11/PUP-000164)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das implicacións que supón para a Comunidade Autónoma de Galicia a formulación do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética e o resultado da súa votación na ponencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

7.4 12804 (11/PUP-000167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da reunión mantida o 10 de marzo entre o presidente da Xunta de Galicia e o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana na que se abordaron temas referidos ás infraestruturas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 17.03.2021

7.5 11714 (11/POP-001648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a elaboración dun plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos *Next Generation* para a reactivación e o impulso da cultura galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

7.6 6907 (11/POP-000817)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021



7.7 12039 (11/POP-001681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación cos efectos da pandemia no mercado laboral de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 11.03.2021

7.8 9866 (11/POP-001458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coa dotación de máis recursos materiais e humanos ao servizo do 061 da comarca do Morrazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 16.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 19.)

Rolda de réplica: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 22.)

Votación da toma en consideración da proposición de lei

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención* (Páx. 24.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións en relación coa evolución da covid-19. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 24.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Díaz (S)* (Páx. 34.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 38.) e *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 41.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 45.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 49.) *Nesta rolda interveñen a señora Otero Díaz (S)* (Páx. 49.), *o señor Bará Torres (BNG)* (Páx. 51.), *o señor Calvo Pouso (P)* (Páx. 54.) e *a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 56.)



Moción do G.P. dos Socialista de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Ortega Otero (S) (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 62.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 65.)

A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 68.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa crise económica e social que asola a comarca de Ferrol. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 69.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Fernández Alfonso (BNG) (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Tellado Filgueira (P) (Páx. 75.)

O señor Fernández Alfonso (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 79.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 81.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado quintela (S). (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 85.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 88.)

O señor Torrado quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 91.)

Votación das mocións

Votación da Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada: rexeitada por 32 votos en contra e 38 abstencións. (Páx. 93.)

Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa crise económica e social que asola a comarca de Ferrol: rexeitada por 33 votos a favor, ningún en contra e 38 abstencións. (Páx. 94.)



Votación das alíneas a) e c) do punto 1 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental: *aprobadas por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención* (Páx. 95.)

Votación das alíneas b), d) e e) do punto 1 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental: *rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 95.)

Votación do punto 2 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 95.)

Votación dos puntos 3 e 4 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental: *aprobados por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención* (Páx. 96.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional en relación coa candidatura de don Francisco Javier Píttillas Torra ao premio Príncipe de Asturias da Concordia (Páx. 96.), *que é aprobada por asentimento*. (Páx. 96.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a establecer facilidades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas, dando cumprimento ás vontades da Lei 5/2015, así como para realizar as actualizacións e adecuacións necesarias no sistema legal e sanitario de Galicia para acompañar os mecanismos públicos aos avances sociais xerados a partir da aprobación da Lei orgánica de regulación da eutanasia no Congreso dos Deputados e garantir a posibilidade de exercer ese dereito en Galicia en plenitude de condicións. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 97.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 98.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 101.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (S)*. (Páx. 104.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 107.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e tres deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalaría. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 109.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 110.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Pérez López (BNG)* (Páx. 113.) e *Sr. Vereia Fraiz (P)* (Páx. 116.).

A señora Gallego Sanromán (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 118.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 120.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rey Varela (P).* (Páx. 122.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 124.) e *Sr. Fernández Alfonso (BNG).* (Páx. 127.)

O señor Rey Varela (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 129.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego dun plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña, a licitación polo Goberno central da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira, así como a xestión da condonación da débeda ou solución análoga. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 131.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Queixa Zas (BNG).* (Páx. 132.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Calvo Pouso (P).* (Páx. 135.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 138.)

A señora Queixa Zas (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 141.)

Suspéndese a sesión ás vinte horas e cinco minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez da mañá

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias ou delegacións de voto.

Entramos xa na orde do día.

Si, señor Arangüena, ¿para que quere a palabra?

Perdón, déanlle voz ao escano do señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Agradeceríamos, dado que levamos aquí, os deputados do PSdeG e os do BNG, oito minutos aproximadamente, e dado que isto se reproduce en cada sesión, agradeceríamos un pouquiño máis de puntualidade por parte do Grupo Parlamentario Popular, por respecto a nós e por respecto á propia Cámara.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: ...do texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación

Para a presentación desta proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hoxe, desde o BNG, presentamos esta proposición de lei, co obxectivo de introducir na lexislación galega mecanismos correctores que garantan a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito científico e investigador. Unha proposta de lei que ten tras de si moitas mans e que é en boa medida o resultado do esforzo, do enorme esforzo realizado por moitas investigadoras deste país.

Hai uns meses, nunha xuntanza coa Rede Galega pola Investigación (Investigal), trasladáronnos —e cóstanos que a todos os grupos e tamén á Xunta de Galiza— un documento no que analizaban as situacións de discriminación ás que se teñen que enfrontar especialmente as mulleres investigadoras cando deciden ser nais. Nese informe propuñan fórmulas obxectivas que garantisen que os permisos de maternidade e paternidade non supuxesen un obs-



táculo nin o fin tampouco da súa carreira profesional. Para elas, pero tampouco para ningunha persoa a futuro. Porque o certo é que, a día de hoxe, en 2021, e malia os enormes avances en materia de igualdade que se teñen producido nas últimas décadas tamén no noso país, hai mulleres que teñen que escoller entre ser nais ou científicas. E outras que ven como a decisión de ter crianzas e exercer o seu dereito a conciliar supón un atranco para continuar adiante coas súas carreiras profesionais.

En Galiza veñen producíndose durante os últimos anos denuncias sobre as discriminacións de xénero, no ámbito científico e investigador, especialmente denuncias referidas aos agravios que padecen as persoas que concorren ás convocatorias públicas de investigación, desenvolvemento e innovación, como as axudas posdoutorais da Xunta de Galiza.

Son axudas e convocatorias que están a penalizar nos procesos de avaliación as investigadoras que gozan de permisos de maternidade durante as súas carreiras. En 2020 tres investigadoras posdoutorais presentaron unha queixa diante da valedora do pobo na que facían constar a discriminación padecida durante o proceso de avaliación do seu rendemento investigador, no que se viron penalizadas por gozar durante o período avaliado de permisos de maternidade. Nas súas conclusións, a valedora do pobo instou a Xunta de Galiza a adoptar as medidas e os instrumentos xurídicos necesarios para equiparar o persoal investigador que teña permisos de maternidade ou paternidade co resto das súas compañeiras e compañeiros, asegurando así a continuidade, non só dos seus proxectos de investigación senón a continuidade tamén dos seus programas formativos, e, sobre todo, garantindo que as persoas que concorren a esas convocatorias gocen dunha total igualdade de oportunidade tanto nos procesos de avaliación, cando estes correspondan, como nas condicións dos seus contratos.

En febreiro deste ano, coñecen todas as súas señorías que a investigadora María de la Fuente, directora da Unidade de Nanooncoloxía do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, do IRIS, conseguiu que a xustiza lle dese a razón e recoñecese que sufriu unha discriminación indirecta por razón de xénero no proceso de avaliación da súa carreira profesional, ao non incluírse na convocatoria supostos de interrupción nin medidas correctoras que permitisen competir a esta investigadora —xefa de grupo, ademais, no seu equipo de investigación— en condicións de igualdade, igual que aquelas persoas que, como acontecía no caso de María de la Fuente, durante o período avaliado, viran interrompida a súa carreira por ser nais.

A sentenza que lle daba a razón a esta investigadora galega, emitida polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Madrid, porque a súa é unha convocatoria estatal vinculada ao Instituto Carlos III, senta un importante precedente porque exige e insta todos os organismos de investigación, tanto estatais como autonómicos, a que realicen avaliacións de traxectorias científicas en réxime de concorrencia competitiva, introducindo medidas correctoras en convocatorias de contratos de investigación.

Máis recentemente, tamén o Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana anulaba parcialmente a convocatoria dunhas subvencións dirixidas á promoción da investigación científica por non incluír, de novo, medidas que fixesen efectiva a igualdade entre mulleres e homes.



Fago esta análise de contexto porque unha das razóns polas que o Bloque Nacionalista Galego formula hoxe neste parlamento e nesta sesión plenaria esta proposta de lei é porque non podemos permitir que o poder xudicial substitúa o poder lexislativo. Son os parlamentos os que deben impulsar os cambios legais necesarios para garantir os dereitos do conxunto da sociedade do noso país, e non que sexan as mulleres as que teñan que pelexar nos xulgados o dereito a coidar, o dereito a conciliar e o dereito a non ser penalizadas por exercer, precisamente, os seus dereitos de conciliación.

Malia que a lexislación galega recolle os principios de igualdade entre mulleres e homes e de non-discriminación por razón de xénero, o certo é que no noso país persisten aínda discriminacións en todos os ámbitos da vida social, da vida cultural, da vida laboral, económica e tamén do ámbito científico, académico e investigador. Recentemente, un estudo publicado pola prestixiosa revista *Nature* cuantificaba en case o 50 % a porcentaxe de mulleres que abandona a carreira investigadora a tempo completo despois do nacemento da súa primeira filla ou fillo.

A proporción de mulleres descende de maneira alarmante segundo se vai ascendendo na carreira investigadora, é o que se coñece como «teito de vidro», pero tamén «a tubaxe que pinga»: pasar dunha porcentaxe equilibrada nas primeiras etapas formativas, na primeira etapa da carreira investigadora, a predoutoral, até ir pouquiño a pouco desaparecendo esa presenza equilibrada de mulleres nas capas máis altas desa carreira investigadora. De ser a metade, practicamente, nos primeiros chanzos desa carreira investigadora pasan a representar apenas o 26 % entre o persoal docente e investigador das universidades, e apenas o 21 % das cátedras nas universidades públicas, do conxunto do Estado, pero tamén de Galiza.

Os últimos datos publicados, e que todas e todos coñecen, publicados, insisto, pola Xunta de Galiza, sitúan, no caso das universidades galegas, o 55 % do estudiantado matriculado feminino, o 55 % das persoas estudantes son mulleres, pero despois, cando vemos cal é a porcentaxe ou a proporción de mulleres nas cátedras das universidades públicas do noso país, apenas representan dúas de cada dez.

Esta fenda, insisto, débese á pervivencia de teitos de vidro e tamén de atrancos que atopan as mulleres ao longo de toda a súa carreira profesional, para, especialmente, conciliar esa vida profesional e familiar, que van aos poucos, eses atrancos, eses obstáculos, esas barreiras... van aos poucos expulsando as mulleres da carreira científica.

Lonxe de reducirse esta desigualdade nos últimos anos, vimos, precisamente, como a pandemia provocada pola covid-19 agravou e agudizou aínda máis esa situación de discriminación. Así o recollen estudos publicados por prestixiosas revistas do ámbito científico a nivel internacional, pero tamén é moi interesante, e moi especialmente, un informe publicado a finais do pasado ano pola Universidade de Vigo. Un informe que se titula *Xénero e investigación científica* e que aborda a realidade e a situación das mulleres entre o seu cadro de persoal, especialmente na parte que corresponde ao persoal docente e investigador.

Dío a Universidade de Vigo, e a nós gustaríanos ter datos sobre o conxunto do sistema universitario galego, pero, como xa sinalamos nesta cámara en varias ocasións, a Xunta de Ga-



liza non cumpre co que marca a lexislación neste país e, especificamente, coas obrigas que ten e que lle corresponden á Unidade Muller e Ciencia, que é a de difundir e visibilizar a situación das mulleres no ámbito científico. Só temos, polo tanto, o informe, que foi o exercicio de vontade que fixo a Universidade de Vigo por visibilizar as condicións nas que se atopan as mulleres investigadoras dentro desa universidade. Di a Universidade de Vigo: antes do estado de alarma as mulleres representaban, como coidadoras principais nas súas unidades familiares, o 21,3 %. Falamos de mulleres que fan parte do cadro de persoal da propia universidade, concretamente do persoal docente e investigador. Apenas esa proporción chega ao 5 % no caso dos homes. Cando se establece o estado de alarma, di a Universidade de Vigo, a carga que soportaron as mulleres asumindo en exclusiva o coidado das súas fillas e dos seus fillos superaba o 50 %, unha proporción que cae por baixo do 17 % no caso dos homes. Máis do 50 % no caso delas, menos do 17 % no caso dos homes.

O mesmo, a respecto, por exemplo, do difícil que supuxo conciliar o traballo remoto, o traballo telemático, o teletraballo, coa conciliación da vida laboral e persoal. Máis do 60 % das persoas enquisadas din que lles foi moi difícil conciliar esa vida persoal coa continuidade das súas obrigas laborais: no caso das mulleres, o 17,4 %; no caso dos homes, o 7,1 %; máis de dez puntos por debaixo no caso dos homes.

E advirte, alerta a Universidade de Vigo, das consecuencias que iso terá na carreira investigadora das mulleres a medio e longo prazo, porque lembra a Universidade de Vigo que as avaliacións da carreira investigadora xa de por si antes da covid-19 están enmarcadas dentro dun sistema de méritos que penaliza a maternidade.

Esa é unha das razóns polas que o BNG impulsa hoxe esta proposta de lei, pola necesidade, cremos desde esta organización, que debemos asumir todas e todos, colectivamente, como sociedade, para camiñar cara a unha maior, primeiro, corresponsabilidade social, para unha maior corresponsabilidade entre mulleres e homes, no coidado das persoas dependentes, das crianzas, pero tamén a obriga que temos todas e todos de ir suprimindo as barreiras e discriminacións de xénero que impiden competir en condicións de igualdade as mulleres, como intentamos facer coas medidas que incorporamos no articulado desta proposta de lei. Unha proposta que pretende, polo tanto, introducir medidas obxectivas, obxectivables e transparentes que regulen as avaliacións, os procesos de avaliación de méritos, nas convocatorias públicas de investigación tanto das universidades galegas, dos organismos públicos de investigación e outras entidades do sistema de investigación, desenvolvemento e innovación de Galiza, co obxectivo de evitar situacións de discriminación e vulneración dos principios de igualdade de trato e de oportunidades. Así mesmo, buscamos incorporar a perspectiva de xénero no conxunto do sistema investigador do noso país, especialmente nas universidades —hai que lembrar que máis do 70 % da produción científica, da produción de coñecemento do noso país, ten lugar vinculada á universidade pública—, a través de medidas que xa están hoxe, nunha parte, incluídas na propia lexislación galega desde o ano 2004, e incorporando tamén outras a maiores. A creación de cátedras sobre cuestión de xénero, tanto nas facultades, escolas técnicas superiores ou escolas universitarias, apoiando a participación das mulleres nos órganos colexiados, na toma de decisións, romper ese teito de vidro para garantir que eses espazos sexan equilibrados por razón de xénero, pero tamén incorporar medidas de acción positiva e de promoción do uso dos tempos e da organización de



traballo diferentes que faciliten a conciliación, pero, sobre todo, favorezan a corresponsabilidade social da que falabamos hai un momento.

Medidas tamén encamiñadas, como falabamos hai apenas unhas semanas neste mesmo pleno, a potenciar a vocación científica e investigadora entre as mulleres, especialmente naquelas áreas de coñecemento onde hai unha presenza menor de mulleres que de homes, e tamén co obxectivo de visibilizar, visibilizar o enorme valor que a produción científica das mulleres ten para o desenvolvemento social, o desenvolvemento cultural e o desenvolvemento económico deste país. Porque a discriminación de xénero fai perder a Galiza un enorme talento e coñecemento, penalizar as mulleres por ser nais ao longo da súa carreira investigadora supón a expulsión *de facto* desas mulleres, precisamente, da súa carreira profesional, e con elas perdemos o seu coñecemento, a súa capacidade e o seu enorme talento. E iso é algo que ningún país, ningún país, Galiza tampouco, se pode permitir. Primeiro, por unha cuestión democrática, por unha cuestión de dereitos e de garantir que calquera persoa, independentemente da súa condición, do seu sexo, da súa raza, da súa relixión ou de calquera outra cuestión vinculada á súa identidade, poida supoñer unha pexa no desenvolvemento da súa carreira profesional, pero tamén —e se se quere— non podemos permitírnos a expulsión desas mulleres da carreira investigadora polo interese do propio país, non podemos prescindir da metade do coñecemento, da metade do talento e, en definitiva, da metade de Galiza.

Con ese obxectivo de dar visibilidade, pero tamén de lembrar e homenaxear as investigadoras galegas que nos trouxeron até aquí, quixemos poñerlle nome de muller a esta lei. Poderían ser moitos, pero decidimos lembrar unha das investigadoras máis brillantes que deu Galiza, unha pioneira no seu campo, a primeira muller científica en subir a un buque oceanográfico, non en Galiza, non no Estado, senón no conxunto do planeta, pero tamén unha das primeiras mulleres en dicir: abonda xa, até aquí chegamos (*Aplausos.*).

Ángeles Alvariño, que foi como decidimos acuñar esta proposta de lei, a proposta de lei Ángeles Alvariño, naceu en Serantes, Ferrol, en 1916. O 3 de marzo de 1977 —hai hoxe 44 anos— enviou unha carta á daquela ministra de Comercio, Juanita Morris, con copia directa ao presidente Carter, na que denunciaba as pexas na promoción profesional e a exclusión das mulleres nas categorías superiores dos Southwest Fisheries Science Center, que era a institución, o laboratorio no que ela traballaba. E exixía nesa carta que se adoptasen medidas para poñer fin a esa discriminación por razón de xénero. Anos máis tarde, nunha entrevista, dixo Ángeles Alvariño: «non fun das que se inclinaron e aceptaron en silencio a situación». Nin ela, nin María de la Fuente, nin tantas outras mulleres que teñen dereito a continuar adiante coas súas carreiras profesionais exercendo os seus dereitos sen atrancos, sen teitos de vidro, sen chans pegañentos e sen obstáculos, tamén sen ter que pelexar nos xulgados o dereito que a Administración ten a obriga de garantirlles.

Ese é o obxectivo fundamental desta proposta de lei, que, de seguro, é mellorable, pero que nos parece, desde o BNG, un bo punto de partida para mudar dunha vez por todas esta situación. Esta non é unha fórmula máxica que vaia acabar con séculos de discriminación por razóns de xénero, diso somos conscientes, pero si cremos que é un importante e necesario paso adiante para que Galiza sexa un país un pouco máis xusto, un pouco máis equitativo e



máis democrático para coas mulleres, nun ámbito moi concreto e tan importante para o futuro deste país como é a investigación.

Hai moitas persoas que ven necesaria —e con isto remato, presidente— esta lei, organismos e entidades de aquí de Galiza, pero tamén do conxunto do Estado, que están hoxe mirando con atención o que imos facer neste Parlamento. Porque podemos abrir tamén camiño para que outros territorios e outras cámaras avancen tamén.

Por iso agardamos, e dicímolo de maneira sincera e honesta, que os demais grupos da Cámara apoiem a toma en consideración desta proposta de lei, que a fagan súa e que traballen connosco nela.

Polo de agora máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Hoxe, de novo, tristemente volvemos debater nesta Cámara sobre desigualdade, de novo a desigualdade. Volvemos debater sobre a necesidade de traballar en novas actuacións a prol da igualdade efectiva na participación de homes e mulleres, neste caso na carreira científica e investigadora.

Os datos —e aquí xa se expuxeron algúns deles— son, realmente, teimudos; pero nesta cuestión son, ademais de teimudos, preocupantes. Nada, nada, ou moi, moi pouco temos avanzado nesta materia: a proporción de mulleres no conxunto do persoal investigador mantense por baixo do 40 %, segundo datos oficiais. Por certo, coincidimos tamén neses datos, os datos máis recentes que podemos nós conseguir, consultar, ben do CSIC ou ben dos distintos ministerios, ou mesmo tamén das oficinas ou das unidades de igualdade de xénero das universidades, ou dalgún organismo científico galego, pero botamos de menos —como xa dixemos aquí a semana pasada— un informe con datos propios e globais da Xunta de Galicia para poder traballar mellor nesta cuestión.

Como dicía, eses datos oficiais mostran que aínda é moi escasa a presenza de mulleres nos cargos de goberno de universidades e de organismos públicos de investigación. Eses datos mostran tamén que se mantén o teito de cristal na carreira investigadora: apenas subimos dun 20 % de mulleres en cátedras universitarias, e apenas somos o 25 % do profesorado de investigación. Aínda tamén atopamos fendas de xénero no acceso a axudas, a recursos humanos e proxectos de I+D+i e a contratos de investigación. E disto sabemos algo, porque tamén, como apuntaba a deputada que me precedeu, levamos todos estes meses traendo ao



Parlamento —creo que cada mes— a loita desas investigadoras que queren solucionar as eivas que as convocatorias públicas da Xunta de Galicia aínda presentan. Porque aínda as presentan, aínda as presentan. Certo que este ano se deron pasos, pero foron tímidos e aínda non están corrixidas esas desigualdades.

Os datos que acabo de dar son datos do Estado, do conxunto do Estado, pero ¿que é o que pasa en Galicia, non? Pois en Galicia a realidade é que temos uns datos moi semellantes, realmente son uns datos moi semellantes. Falamos dunha fenda de xénero de 17,6 puntos porcentuais, que se van facendo maiores, eses puntos porcentuais, a medida que ascendemos no escalafón. O curioso disto que digo é que somos nós, as mulleres, as que lemos máis teses cada ano, nunha porcentaxe, creo, do 54 % fronte ao resto, que son homes. Non obstante, despois non ascendemos como deberíamos.

¿Que pasa? Que aínda que temos datos semellantes ao resto do Estado, tamén é certo que coñecemos outros datos que falan de que a porcentaxe referida ao equilibrio de xénero baixou nestes anos dous puntos, pois estamos agora mesmo no 38 %, pasando a estar agora xa xusto por baixo da media estatal. Tamén, en canto ao sector de empresas, aínda ningunha comunidade, é certo, ningunha comunidade autónoma alcanzou o equilibrio de xénero, pero Galicia é, xunto con Baleares, a que apenas conta cun 26 % de mulleres entre o seu persoal investigador neste sector.

De todos os modos, dando os datos de diversos documentos, xa que existen informes de organismos estatais, o que mellor cremos que podemos empregar para debater sobre a proposición de lei que tratamos hoxe —ademais, non é para nós o único documento de referencia, pois sabemos que, por exemplo, entidades como Investigal, da que xa se falou aquí, tamén o colle como referencia— é o estudo sobre a situación das novas investigadoras elaborado pola Unidade de Muller e Ciencia do Ministerio de Ciencia. É un documento do ano 2020–2021, deste, de hai escasamente un mes ou dous meses, e que pon o foco nas mulleres máis novas. ¿E por que pon o foco nas mulleres máis novas? Porque, lonxe de ser menor agora o problema da desigualdade para elas, incrivelmente está a ser maior, está a ser maior. E non o dicimos nós, pois falamos tamén con investigadoras de referencia, investigadoras *senior* neste país, e din que, efectivamente, as mulleres novas están atopando con moitos máis atrancos e diferentes, e non estamos respondendo a eles.

Pero hai algo máis importante que apunta este informe, e que para nós, para este grupo, para o Grupo Socialista, é a causa da desigualdade da que falamos ou, polo menos, unha das causas. Apunta á existencia de redes de poder masculinizadas, aínda moi arraigadas na comunidade académica e científica. Claro, falamos de —xa se dixo aquí tamén— teito de cristal, chan pegañento, síndrome do impostor, efecto tesoira, tubaxe que gotea, un sen fin de conceptos, de novos conceptos, que están asociados, ao final, sempre, á situación de desigualdade á que se enfrontan, á que nos enfrontamos continuamente as mulleres, neste caso as que queren facer carreira científica. Mesmo asumindo que si se están a dar cambios, a realidade é que estes cambios son moi lentos, porque, a pesar de que a participación das mulleres na carreira científica é cada vez maior, as súas posibilidades de promoción seguen a ser diferentes e peores que as dos seus compañeiros varóns. Esta é unha realidade, como tamén o é que si comezamos timidamente a acceder a postos de responsabilidade, pero fun-



ciona a división de traballo por sexo, que nos asigna, nesos mesmos postos de responsabilidade, a nós, responsabilidade da xestión administrativa, da representación institucional, mesmo de tratamento co alumnado, estas cousas amables, bonitas, pero os homes dedícanse nesos postos de responsabilidade no eido científico a labores de xestión estratéxica, a investigación, a relación coas empresas.

Claro, se a isto unimos que somos nós, as mulleres, as que nos dedicamos en maior medida a responsabilidades dos coidados e do fogar, ou sexa, menos tempo de dedicación á nosa carreira profesional, que, por suposto tamén menos posibilidades de mobilidade, temos o cóctel perfecto, temos o cóctel perfecto.

Así que, diante de toda esta situación que acabo de expoñer, que acabamos de expoñer, unida á anterior, á que me precedeu, cabe —nós tamén o pensamos así— unha reforma lexislativa. Só lexislando aseguraremos o cumprimento de medidas que garantan a igualdade real, a xusta e necesaria participación das mulleres no ámbito investigador, porque conseguir a plena igualdade na ciencia é ante todo unha cuestión de xustiza social (*Aplausos.*), unha cuestión de xustiza social.

Non foron, miren, non foron poucas as xuntanzas e conversas que este grupo, o Grupo Socialista, mantivo con asociacións de investigadoras e investigadores galegos, e en todas sempre apareceu esta cuestión como unha preocupación constante: as mulleres queremos estar nos órganos de dirección das entidades científicas; as mulleres queremos dirixir grupos de investigación, queremos que non penalicen as nosas maternidades, e, ¡ollo!, tamén queremos que non penalicen todo o que conleva ese proceso de maternidade.

Recentemente, a Asociación Investigal, como tamén xa se dixo aquí, rexistraba neste Parlamento un manifesto, que, por certo, tivo moitísimos apoios, contan con máis de mil apoios de figuras de referencia, destacadas no ámbito da ciencia neste país, no resto do Estado, e mesmo tamén internacional e de organismos científicos, solicitando o que hoxe debatemos aquí: un marco lexislativo que garanta a igualdade de oportunidades no ámbito da investigación e a ciencia.

E como ben se di nese documento, e que tamén aquí apuntou a voceira do BNG, ¡claro!, está a ser a xustiza a que, dalgún xeito, está a corrixir a situación de discriminación que sofren as mulleres no eido da ciencia: recentemente coñecemos o caso de María de la Fuente. Temos que rachar con iso, non pode ser a xustiza quen ampare esas mulleres, son as leis quen deben establecer os límites e recoller medidas correctoras das desigualdades existentes.

Por todo isto, é hora de comezar a traballar, efectivamente, en medidas concretas e efectivas que garantan o cumprimento desa igualdade. E, ¿por que non?, ademais, que penalicen o incumprimento.

Por iso nós anunciamos xa aquí o noso apoio —como non podía ser doutro xeito— a esta proposición de lei, e a nosa colaboración, a nosa total colaboración para, logo de todo o proceso de tramitación, acadar o mellor texto para varias cuestións: para garantir a igualdade de oportunidades en todo os niveis da carreira investigadora; para rachar cos estereotipos



de xénero, pois necesitamos derrubar desde idades moi, moi temperás, estes estereotipos que vinculan a ciencia coa masculinidade; para erradicar o acoso sexual no traballo, para erradicar o acoso sexual no traballo; para visibilizar o importante papel das mulleres na ciencia, das nosas mulleres, das mulleres galegas na ciencia tamén; para garantir medidas de corresponsabilidade e o seu cumprimento; para asegurar procedementos que non penalicen as maternidades e para acadar unha presenza equilibrada das mulleres nos órganos de toma de decisión. E todas, todas, absolutamente todas cantas medidas sexan necesarias para que os vindeiros 11 de febreiro —que saben que é o Día Internacional da Muller e Nena na Ciencia— deixen de ser eses días nos que levamos as mans á cabeza e pensemos que alá vai, alá foi outro ano perdido máis.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías.

O pasado Pleno, hai concretamente 12 días, era o Partido Popular o que traía unha iniciativa para impulsar a Xunta de Galicia co fin de avaliar o segundo programa de *Muller e Ciencia* e, tras esa avaliación, facer un terceiro programa. Tras o debate da iniciativa incorporamos as aportacións dos grupos parlamentarios Socialista e do grupo do Bloque Nacionalista Galego, e conseguimos acadar por unanimidade un acordo que aínda hoxe está vixente. Eu, señora Rodil, non vou facer o que fixeron as voceiras do PSOE e do BNG naquel Pleno de minusvalorar e menosprezar a proposta do PP, porque viña do PP. Nós concordamos cunha iniciativa veña de quen veña, ou non concordamos veña de quen veña. Por iso, a nós todas as propostas que melloran situacións, que impiden discriminacións ou que resolven problemas para nós son sempre benvidas, veñan do grupo parlamentario que veñan.

E hoxe vostedes traen unha proposta coa que concordamos no fondo. Para nós resulta importante defender os dereitos das mulleres no ámbito académico e da investigación. E presentan vostedes unha proposición de lei, con tres artigos, para modificar o artigo 20 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, e introducir mecanismos correctores e obxectivos nas convocatorias públicas de I+D+i, para evitar a discriminación e/ou a penalización en caso de maternidade, paternidade, e/ou permisos temporais por embarazo, coidado de persoas dependentes ou lactación. E nós consideramos que hai cuestións na súa proposición de lei que xa están reguladas na lei, no mesmo decreto do 2015, e unha proposta que traen vostedes hoxe aquí e que é idéntica a unha que trouxeron no 2018 e que defendeu a señora Presas; daquela non lle chamaban Ánxeles Alvariño, simplemente era unha proposición de lei, pero o contido é exactamente o mesmo. E xa daquela nós dicíamos que a universidade ten autonomía e nós temos que respectala. E respectando esa



autonomía da universidade, señora Rodil, a Xunta non quedou parada, e a Xunta avanzou, e a Xunta colaborou coas universidades en materia de fomento e divulgación da igualdade no sistema universitario galego, e nas convocatorias do 2021 para axudas predoutorais e postdoutorais introducíronse unha serie de melloras con respecto a convocatorias anteriores, dirixidas, precisamente, a evitar a discriminación de xénero. Por primeira vez este ano, introducíronse criterios obxectivos, novidosos e diferenciadores neste ámbito, que non existen en ningunha convocatoria de investigación de ningunha outra comunidade autónoma, nin tampouco no Estado español. Agora, calquera investigador pode escoller se se presenta á convocatoria deste ano ou do vindeiro 2022, segundo máis lle interese, en función da súa situación persoal ou particular. Ata o de agora só se podía presentar a unha das dúas, e sempre que tivera obtido a avaliación positiva, que era obrigatoria. E este requisito tamén quedou eliminado.

Por tanto, a Xunta está aplicando por primeira vez unha flexibilidade que duplica as posibilidades de elección de calquera investigador ou investigadora, e rebaixa os requisitos para acceder a un contrato de formación posdoutoral. Galicia é a única comunidade autónoma do Estado que por primeira vez instalou unha puntuación adicional para compensar os candidatos que estean en baixa laboral, e isto fíxose para rachar coa discriminación á hora de acceder a estas bolsas.

Estas convocatorias fanse de xeito consensuado cos departamentos de investigación das universidades, que valoraron moi positivamente estas medidas, e vostedes, na proposición de lei que hoxe debatemos, enganden algunha materia que xa está ou ben incluída nestas propostas, nestas convocatorias novas, ou están incluídas na lexislación vixente, ou algunhas cuestións nas que Galicia non ten competencia. Pero si propoñen algunha cuestión que nós consideramos oportuno reforzar vía lexislación.

En primeiro lugar, a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas. Ben, señora Rodil, iso xa é unha estratexia global dende Pekín de 1995, pasando polo Tratado de Ámsterdam do 1997. No ámbito estatal temos unha Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes do 2007, no caso galego temos o Decreto legislativo do 2015, que vén de dúas leis do 2007 e 2005. Todas elas reiteran a transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

No punto A, sobre creación de cátedras, no B, sobre apoio a proxectos de estudo e investigacións, están previstas no vixente artigo 20. Convirá comigo en que é unha formulación similar á prevista na proposición de lei que hoxe propón o BNG.

No punto C, a formación da totalidade do persoal en materia de perspectiva de xénero e prevención da violencia das mulleres, tamén está no artigo 21 do decreto legislativo do 2015, formación en igualdade de oportunidades. No que se refire ao punto 10, establecemento de medidas de acción positiva para apoiar o traballo de mulleres no ámbito de investigación, fomentando a súa participación e liderado en grupos de investigación, e ao punto E, sobre visibilización das achegas das mulleres no ámbito científico e técnico, estas dúas cuestións forman parte dos obxectivos e medidas incluídas no sétimo Plan estratéxico de Galicia.



Todo isto xa está regulado. Pero, jollo!, non por estar regulado entendemos que sexa suficiente, porque que estea regulado non significa que se cumpra. Vostede falou hoxe aquí do caso de María de la Fuente. No caso de María de la Fuente, que foi unha investigadora que sufriu unha discriminación indirecta no ano 2018, cando xa estaba vixente a Lei do 2007, a Constitución española, a lexislación galega, e onde se establecía xa a prohibición de discriminación directa ou indirecta, e sufriu unha discriminación. ¿E por que o xulgado lle dá a razón? Precisamente porque había unha regulación previa. ¿Vulnerouse a regulación? Si, pero non por ter máis leis imos evitar que haxa esas discriminacións. Por desgraza, este caso, o caso de María de la Fuente, demostrounos que, por desgraza, ás veces hai que acudir aos xulgados para reivindicar os dereitos.

Dicía naquel debate a señora Presas: «A igualdade lexislada non é a igualdade real». Eu coincido, efectivamente: non por legislar máis imos acadar a igualdade real, pero si é certo que axuda e por iso nós estamos de acordo en que, a pesar de que temos moitísima lexislación en materia de igualdade e hai que desenvolvela e hai que cumprila, pois non sobra que algunhas cuestións que non están especificamente nunha lexislación haxa que poñelas.

Eu non concordo, señora Rodil, co que di vostede de que hai mulleres que elixen entre ser nais ou científicas. Non, María de la Fuente non elixiu entre ser nai e científica, foi nai sendo científica e viu vulnerados os seus dereitos fundamentais, recorreuno e houbo unha sentenza que lle deu a razón.

Por tanto, creo que o que temos é que apoiar esas mulleres que poden sufrir ese tipo de discriminacións. Eu doulles a benvida á defensa dos dereitos das mulleres embarazadas. Eu lembro o meu primeiro debate nesta Cámara no ano 2009, cando defendía a iniciativa lexislativa popular de apoio á muller embarazada, e daquela vostedes dicían que iso era un paso atrás no feminismo, que iso era unha cuestión retrógrada, concretamente dicían: «Protexer os dereitos das mulleres embarazadas é reproducir os estereotipos da maternidade como un problema das mulleres, das mulleres como seres indefensos que precisan protección.» Vostedes, no BNG, consideraban que esa protección era un paso atrás na loita do feminismo. Eu alégrome de que hoxe veña vostede aquí falar dos dereitos das mulleres embarazadas, de que hai que protexelos e que hai que defendelos, e que hai que introducilos vía lexislación. (Aplausos.)

¿Acórdase cando dicían aquilo de «se unha muller embarazada é despedida, a solución é readmitila.»? Ben, pois para o mesmo caso da fenda salarial, se unha muller cobra un salario inferior polo mesmo traballo que un home, pois o que hai que facer é subirlle o salario. E se unha muller embarazada sofre unha discriminación, pois hai que corrixila. Non é tan fácil, señora Rodil, por desgraza non é tan fácil nin tan sinxelo. Por tanto, benvidas, e en ningún caso é un paso atrás na loita do feminismo, e seguiremos avanzando e seguiremos dando pasos.

Todos os instrumentos que sirvan para incrementar o número de mulleres nos postos máis altos da carreira académica e investigadora nós os imos apoiar. Temos a obriga de poñer todos os medios que impidan os obstáculos cos que se atopan as mulleres para promocionar na súa carreira profesional e, neste caso —o debate que temos hoxe—, académica e investigadora.



Por iso, aínda que a proposta que hoxe debatemos, como expuxen, moito do seu contido xa está recollido na lexislación vixente, consideramos que hai algunhas cuestións que pode ser un avance recollelo na lei, e por tanto nós, igual que vostedes consensuaron connosco no pasado Pleno unha iniciativa neste ámbito, nós imos traballar xuntos, e nós imos apoiar o inicio do trámite desta proposición de lei, señora Rodil, porque eu creo que o consenso é o piar máis sólido que temos na defensa dos dereitos das mulleres, porque con consenso é moito máis difícil que ninguén cuestione calquera avance en materia de igualdade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado del Río.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Mire, empezamos ben *(Risos.)* empezamos ben, ¿non? Eu quero agradecerllo e personalizalo tamén nas deputadas que posicionaron os distintos grupos, a señora Díaz e a señora Prado, agradecerlle tanto ao Partido Socialista como ao Partido Popular que voten favorablemente ao proceso, ao inicio do proceso de tramitación desta proposta de lei, sinteticamente, para entendernos, tamén Ángeles Alvariño, que formulamos hoxe desde o BNG.

Agradézollelo coincidindo plenamente niso que dicía a señora Prado agora ao rematar. Eu creo que o que fan que os dereitos pervivan, e que neste país, ademais, se avanzamos moito coa lei do 2007, por exemplo, de prevención e tratamento integral da violencia machista, ou da mesma Lei de igualdade do 2004, e se manteñan hoxe, aínda que é verdade que custou tamén recuperar algunhas das cuestións que se perderan nos últimos anos, foi precisamente por manter esa posición de consenso en que os avances en materia da igualdade dos dereitos das mulleres era unha cuestión irrenunciable para toda esta Cámara. Quero quedarme con iso.

Algunhas cuestións a respecto do que se dicía na intervención, neste caso a última que fixo a señora Prado. Nós non derrogamos o artigo 20. Efectivamente —eu dicíao tamén na miña primeira intervención—, que ese artigo 20 partía do que xa recolle a lexislación, a Lei de igualdade de Galiza orixinalmente, porque nos parecía que o que era necesario era amplialo, era incorporar outras cuestións a ese artigo 20 e non tombalo, non tiralo abaixo, senón, partindo do que xa recollía a lexislación aprobada hai 17 anos, seguir traballando.

Pero unha cuestión, que é o que motiva fundamentalmente o artigo 20 bis, son esas medidas correctoras obxectivas e obxectivables que queremos e cremos que é importante incorporar na lexislación galega para acabar con esas barreiras, eses obstáculos e esa discriminación.

Nós podemos, con toda a boa vontade, con todo o consenso do mundo, loitar e traballar para que as mulleres se incorporen á carreira científica, que se incorporen, ademais, a aque-



les campos do coñecemento onde teñen unha menor representación hoxe, o caso das áreas de coñecemento STEM, o que ten a ver co ámbito científico-tecnolóxico. Nós podemos facelo coa maior das vontades e o mellor dos consensos posibles, pero se non somos capaces de superar, de suprimir e de erradicar esas barreiras que hai ao longo da carreira investigadora, e nomeadamente nunhas profesións como é a investigación e a ciencia, que está sometida constantemente —porque así debe ser— a unha avaliación mesmo externa permanente, se non conseguimos suprimir e eliminar esas barreiras, dá igual a énfase que poñamos nas etapas máis temperás, porque non impediremos que con esa tubaxe que pinga, con eses chans pegañentos, esas mulleres vaian deixando e abandonando esa carreira investigadora e se siga reproducindo e pervivindo no tempo as situacións que describíamos tanto a señora Díaz, a señora Prado como eu mesma na primeira intervención, que de ser a metade, por exemplo, no estudantado matriculado, nas teses que se len na etapa predoutoral, vaian cada vez sendo menos e non cheguen nin sequera a un terzo, por exemplo, nas etapas superiores desa carreira investigadora, as cátedras, pero tamén o persoal docente e investigador.

Esa é a vontade coa que o BNG impulsa este proxecto de lei, introducir eses mecanismos correctores que nos permitan suprimir esas barreiras que hoxe perviven, incluso nas convocatorias que emanan da Xunta de Galiza. Porque non é certo que nós esteamos saltando a autonomía universitaria. As convocatorias predoutorais, as convocatorias posdoutorais son deseñadas pola Xunta de Galiza, son contratos vinculados coa Xunta de Galiza, é a Xunta quen establece os criterios que rexen esas ordes e tamén os criterios que rexen a avaliación deses procedementos de concorrencia competitiva. É, polo tanto, unha responsabilidade non das universidades senón do conxunto do Goberno galego, porque vinculan tamén, por exemplo, a Axencia Galega de Investigación, Again, tamén nos contratos que dependen dela. Entón non vulnera o principio de autonomía universitaria senón que o que vai é directamente a esa normativa que debe implicar a Xunta, como tamén a outras institucións e outros organismos públicos.

Eu quedome con esa vontade de consenso, tamén quero deixalo hoxe constar aquí. Espero que se manteña o espírito da lei. Quero pensar que se vai manter o espírito da lei. Saben que agora, cando inicie o proceso de tramitación, vostedes teñen a maioría, e iso é irrefutable e innegable. Nós esperamos que se manteña o principio inspirador e reitor que motivou esta proposta de lei Ángeles Alvariño. Estamos confiadas en que así será e creo que podemos sacar a adiante algo moi importante para este país, pero creo que imos poder situar tamén Galiza como pioneira e á vangarda tamén na loita pola igualdade entre mulleres e homes no ámbito científico e investigador. Estou segura de que hoxe moitas persoas dentro e fóra deste país se alegran, igual que o facemos desde o BNG, porque imos dar un paso a adiante de xigante e espero, polo menos, que así sexa. Así que, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Aplausos.)

Rematado o debate desta proposición, pasamos á votación da mesma.



Votación da toma en consideración da proposición de lei

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, é tomada en consideración por unanimidade esta proposición de lei, que continuará a súa tramitación parlamentaria.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto 2 da orde do día; neste caso, comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións en relación coa evolución da covid-19

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías.

Comparezo hoxe a petición propia para explicar as liñas xerais de actuación desta consellería nesta lexislatura. Unha lexislatura que —é coñecido por todos— se desenvolve dende o minuto 1 nun contexto extraordinario que nos obriga a facer esforzos extraordinarios como consecuencia da pandemia que estamos a vivir; un momento complexo xa dende hai un ano que nos obriga a adoptar medidas excepcionais. E o certo é que as administracións públicas somos máis necesarias que nunca neste contexto, e os que temos responsabilidades públicas debemos estar á altura das circunstancias para garantir o benestar dos cidadáns. A protección da saúde dende logo que tamén na Consellería de Infraestruturas ten un lugar preferente; foi, é e seguirá a ser un lugar preferente.

E así a Consellería de Infraestruturas saben que está a contribuír para fortalecer a sanidade pública con infraestruturas imprescindibles que estamos a realizar. Paliar na medida das nosas posibilidades tamén prexuízos económicos desta crise que temos mundial. A nosa prioridade é a loita contra a pandemia, e afrontámolo con valentía e con decisión. Na Consellería de Infraestruturas estamos convencidos de que debemos facer deste enorme reto unha oportunidade para seguir progresando, para seguir avanzando nun crecemento sostible, nun crecemento verde. Un traballo inxente no que estamos inmersos e no que temos



que ter a oportunidade, dende logo, e aproveitar esa oportunidade dos investimentos mobilizados da Unión Europea para facer de Galicia unha Galicia máis competitiva. Temos que ofrecer, e é o noso deber ofrecerlles aos cidadáns, infraestruturas e servizos que garantan ese dereito á mobilidade de xeito eficaz e tamén de forma o máis sostible posible. E o noso referente, dende logo, que é o concepto *MAS*, esa *mobility as a service*, mobilidade para un servizo público adaptada á loita contra o cambio climático, pero tamén adaptada aos novos hábitos que nos ten imposto a pandemia. Os novos hábitos como o teletraballo ou o comercio electrónico, polo tanto, unha nova forma de movernos á que temos que tamén adaptarnos porque os nosos hábitos o certo é que xa mudaron.

Neste gran obxectivo enmárcase esta Axencia Galega de Mobilidade que estamos xa redactando para unhas infraestruturas máis modernas, máis sostibles, máis eficientes. E aí tamén apostamos polo transporte público en Galicia coas vantaxes da tarxeta Xente Nova. Na mobilidade sostible por suposto que tamén compartirán vostedes que está a chegada da alta velocidade a Galicia, que seguimos agardando a pesar de estar no ano 2021. Tamén é relevante o Plan de sendas de Galicia, novas sendas peonís e ciclistas, para unha mobilidade non soamente saudable senón tamén segura; esa epígrafe de segura tamén é importante para a Xunta de Galicia. E a estratexia loxística, a Estratexia galega de mobilidade está coordinada, por suposto, coa Estratexia loxística de Galicia, na que definiremos tamén esas infraestruturas necesarias para reducir a nosa posición periférica e potenciar a nosa posición na fachada atlántica de xeito importante.

Os mesmos criterios seguimos na xestión da auga, para conseguir avanzar en sistemas de saneamento e abastecemento máis verdes, aumentando a resiliencia fronte á seca, menores custos enerxéticos, xestión de recursos hídricos de forma máis eficaz e eficiente, tamén máis innovadora —e aí está o Proxecto Innovaugas, que é pioneiro—, e reforzando a colaboración coas entidades locais. Son as administracións locais as que teñen as competencias en materia de xestión da auga, en saneamento e abastecemento, e a colaboración da Xunta segue a estar aí a pesar de que algúns o queiran negar.

Todas as liñas de actuación —como dixen— da Consellería van encamiñadas a un crecemento verde e a un crecemento sostible no noso territorio, e abordámolo non soamente dende os servizos senón tamén dende as infraestruturas e aproveitando o máximo posible o financiamento europeo. E queremos seguir aproveitando os seguintes fondos europeos, que agardamos que nos cheguen porque Galicia quere seguir sendo o que é, un referente na xestión dos fondos europeos comunitarios. Polo tanto, unha perspectiva social en materia de infraestruturas, en materia de servizos, e con esa perspectiva social eu infórmolles que estenderemos a toda Galicia o próximo mes de maio esta tarxeta Xente Nova. Universalizaremos a tarxeta Xente Nova para toda Galicia para que os mozos menores de 21 anos, vivan onde vivan, poidan utilizar esta tarxeta, polo tanto, o próximo mes de maio. E tamén a finais de ano queremos crear, ultimar, e que se poña en marcha a área de transporte de Galicia para que tamén a tarxeta metropolitana TMG se poida utilizar en toda Galicia; para que os galegos, vivan onde vivan, utilicen estas tarxetas metropolitanas e a xente nova en toda Galicia.

Ampliaremos tamén descontos nas peaxes competencia da Xunta de Galicia. As estradas autonómicas son as máis baratas de España pero incrementaremos esas bonificacións esten-



déndoas ás familias numerosas. Tamén liñas de axudas aos máis prexudicados pola pandemia. E tamén reactivación económica, imprescindible, e aí está un piar básico que é a obra pública.

Estender a toda Galicia as bonificacións que se veñen aplicando ao transporte público coa área de transporte de Galicia é un dos principais obxectivos que temos este mesmo ano, un eixo de actuación prioritario. E, como dicía, a universalización da TMG coas mesmas vantaxes, as mesmas oportunidades, as mesmas posibilidades a todos os galegos, vivan onde vivan; e, polo tanto, fortalecendo o transporte público. Un plan que empezou a andar na súa totalidade en Galicia o pasado 23 de decembro, que garante o futuro do transporte iniciado no ano 2017 e que supón unha enorme magnitude: 127 contratos, 3.100 novas liñas de transporte, 300.000 servizos ao mes, máis de 50.000 paradas. O fácil era non facer nada pero tivemos a valentía de afrontalo e implantalo.

O deseño foi cun proceso dun diálogo aberto, está en permanente revisión. E estamos puntualmente informando á cidadanía a través da páxina web *Bus.gal*, que está en constante actualización. Incorpora importantes novidades como son tarifas máis económicas, esquema tarifario integrado, homoxeneidade, de xeito igualitario, e reordenación e melloras. En definitiva, son melloras nas frecuencias, nos horarios, nas tarifas e na eficiencia, e tamén adaptado ás necesidades dos galegos. Supón, sobre todo, unha mellora radical no noso rural, esas dúas modalidades de transporte, de bus compartido e transporte a demanda que certos partidos políticos auguraban como desfeita e aventuraban como unha desfeita, pois en vez de desfeita foi un éxito. Implantación efectiva que xa está en marcha e queremos seguir traballando para estender todas esas vantaxes que xa disfrutaban cinco áreas de transporte.

E da área de transporte de Galicia xa avanzamos e informamos a Fegamp, tamén no Consello Galego de Transportes. E o noso obxectivo —como dicía— é rematar a finais deste mesmo ano esa área de transporte de toda Galicia para estender esas vantaxes e bonificacións. Hoxe mesmo damos un paso importante porque o *Diario Oficial de Galicia* recolle hoxe a aprobación da área de transporte de Galicia. Pois xa é un paso hoxe importante nesta extensión da universalización das vantaxes da tarxeta metropolitana e da tarxeta Xente Nova en toda Galicia.

Agardamos cumprir cos convenios cos concellos e tramitar os convenios cos concellos para estender estes beneficios. Son vantaxes importantes. Importante é a despenalización dos transbordos, bonificacións importantes e aforros que se poderán complementar cunha ampla gama e abano de bonos. E tamén lles podo informar e anunciar que estamos traballando para que sexa que o próximo 1 de abril aplicaremos máis descontos aos usuarios recorrentes, levando eses descontos por recorrencia máis alá das áreas de transporte. Porque queremos seguir implantando este plan social de transporte, porque é un auténtico plan social. Para que se dean unha idea da envergadura, estamos a falar de que antes da pandemia eran de 5,1 millóns de viaxes ao ano, pois bonificaremos o 70 %, polo menos, de todas esas viaxes, 17,5 millóns desas viaxes bonificadas coas iniciativas que lles explico hoxe. Un importantísimo esforzo económico, son 110 millóns de euros ao ano, dos cales 81 millóns de euros son achegas directas da Xunta de Galicia.



E como dicía, en xaneiro de 2020 tiñamos a tarxeta Xente Nova para 21 anos nas áreas de transporte, no mes de maio estenderémola a toda Galicia; e, polo tanto, o noso obxectivo é duplicar os beneficios da tarxeta Xente Nova; e, polo tanto, duplicaremos tamén esas achegas. Polo tanto, achegas económicas coa xente nova e co Plan de transporte que superan os 85 millóns de euros ao ano.

Tamén traballamos por un transporte público seguro, con protocolos de seguridade no bus compartido moi estritos. Moitísimo máis —e protocolos aprobados polas autoridades sanitarias— que o tren e o avión, que nos gustaría que tiveran uns protocolos similares. Pero nós no transporte público implantamos protocolos para garantir a seguridade como consecuencia da pandemia.

Traballamos, polo tanto, por unha mobilidade sostible dende o punto de vista dos servizos, dende o punto de vista dos prezos facémolo —acabo de relatalo—; pero tamén executando infraestruturas. E aí unha parte fundamental son as estacións intermodais, a intermodalidade; o intercambio áxil, seguro, cómodo dos diferentes modos de transporte. Potenciamolo dende a Xunta de Galicia pero temos que estar, desde logo, as diferentes administracións coordinadas e traballando conxuntamente.

Na Coruña, Santiago, Ourense e Vigo comezamos ao mesmo tempo. Avanzamos ao mesmo ritmo. E o certo é que o tempo da intermodalidade se abre en Galicia pola acción da Xunta de Galicia, a pesar da inacción do Goberno de España. É a Xunta de Galicia quen abre o tempo da intermodalidade na nosa comunidade autónoma. A estación de autobuses en Ourense está a funcionar, non está rematada pero está xa a funcionar, permite en 30 segundos o intercambio do modo de transporte entre o bus e o tren, intermodalidade plena e garantida. A estación de autobuses de Santiago está rematada, tamén polo esforzo da Xunta de Galicia, a pasarela que conecta ambas terminais está a piques de rematar tamén este mesmo mes. E agardamos que o Concello de Santiago contrate os servizos necesarios para a súa posta en marcha.

O certo é que os compromisos do Goberno de España con estas dúas estacións nin se lles ve nin se lles espera. A cláusula de tres millóns e medio de pasaxeiros en Santiago, anos esperando a que se retire. Na estación de autobuses de Ourense, algo similar. Na estación intermodal de Vigo, en execución, garantimos o máis difícil, que é a viabilidade completa de todo o que se está a facer, ese gran centro comercial Vialía e esa gran estación intermodal grazas á Xunta de Galicia, que demos o amparo urbanístico. A estación intermodal de Pontevedra tamén en execución, en meses rematando. E na Coruña o que espera, desespera. Na Coruña seguimos agardando a ese anuncio do ano 2019 do delegado do Goberno de que se licitaban as obras da terminal ferroviaria da intermodal de Coruña. Agardamos eses trámites canto antes, agardamos asinar ese convenio, o Concello da Coruña e a Xunta de Galicia estamos agardando polo Goberno de España a poder asinar ese convenio necesario para poder seguir avanzando, igual que fixemos nas outras estacións intermodais, con convenios con repartición de responsabilidades asinados, e seguimos, polo tanto, agardando por esa reforma ferroviaria anunciada como inminente no ano 2019, e estamos no ano 2021.

En Lugo traballamos tamén querendo avanzar, pola parte que nos corresponde á Xunta de Galicia, no deseño da estación de autobuses. Eu creo que a postura de Adif semella bastante



enrocada a non querer chegar a acordos, saben que hai discrepancias para asinar ese convenio de repartición de responsabilidades imprescindible que conseguimos asinar nas outras estacións intermodais que están en execución. E por parte da Xunta non é falta de interese, nós propuxemos tres alternativas para o financiamento dese aparcadoiro, tres alternativas, e non se nos contesta cal se adopta en concreto. Pero, en calquera caso, seguimos traballando intensamente para esas estacións intermodais: Ourense, Santiago, Pontevedra, Vigo, rematadas este ano, a parte da Xunta, polo que nos toca. E avanzar tamén na Coruña, Lugo e Ferrol.

A implicación da Xunta de Galicia creo que é evidente, aí están os resultados, están no territorio e agardamos e nos gustaría o mesmo nivel de implicación por parte do Goberno central.

Na intermodalidade, dende logo, tamén é un papel fundamental o corredor de mercancías, o corredor atlántico, as mercadorías tamén son importantes. Temos unha alianza frutífera entre Galicia, Asturias e Castela-León para mellorar a nosa capacidade loxística. Son unha oportunidade os fondos europeos e queremos a mesma implicación do Goberno de España, a mesma que co corredor mediterráneo. Non pedimos máis pero, dende logo, creo que non podemos conformarnos con menos.

Agardamos que se nos poida confirmar nas próximas xuntanzas ese nomeamento do comisionado comprometido, porque o noso deber, aínda que algún non o entenda, o noso deber como Goberno galego é defender os intereses lexítimos dos galegos, defender o interese dos galegos fronte ao Goberno de España. Se non o fixeramos estaríamos faltando á nosa responsabilidade.

Creo firmemente na colaboración leal, pero a miña obriga —volvo insistir— é defender os intereses lexítimos de Galicia. Non cumpriría ese deber se me resignara a aceptar sen chistar os flagrantes incumprimentos que vemos ultimamente do Goberno de España.

A prolongación da alta velocidade con Portugal tamén é prioritaria para os intereses de Galicia, sobre todo vendo que Portugal aposta claramente pola conexión de alta velocidade Lisboa-Porto-Vigo. E, por suposto, temos que seguir traballando conxuntamente en materia ferroviaria non soamente co AVE a Galicia, senón cos servizos ferroviarios, que o certo é que deixan moito que desexar. A interrupción do tráfico ferroviario, por exemplo, entre Vigo e Ourense, esa liña ferroviaria con incidencias tras incidencias entre Vigo e Ourense, preocupanos. E tamén as incidencias no tren de vía estreita. E nada que dicir xa do da Coruña-Ferrol, pois vemos escasos avances na liña ferroviaria A Coruña-Ferrol. Aí vemos, eu creo, actitudes diferentes: o impulso que estamos a dar dende a Xunta de Galicia e o que están a facer outras administracións.

Eu insisto en que o deber da Xunta de Galicia —o deber e as nosas responsabilidades— é ser autoexixentes coas nosas competencias, pero tamén exixentes cos demais. Non pedimos aos demais o que non nos pedimos a nós mesmos, pero o noso deber é defender os intereses lexítimos de Galicia fronte a outras administracións.

Do transporte aeroportuario non nos podemos esquecer. Eu creo que cómpre unha coordinación por parte do Goberno de España, que é quen ten as responsabilidades, pero, sobre



todo, que se prepare o sistema aeroportuario para a chegada do AVE. É imprescindible. Gustaríanos ver unha proposta que hai sobre esa planificación, coordinación e preparación do sistema aeroportuario para a chegada do AVE, porque estou segura de que lle vai afectar.

Co fin de contribuír a promover a dinamización económica temos a Estratexia loxística de Galicia tamén en redacción, pero en redacción xunto a tres comunidades autónomas. Estamos Galicia, Castela-León e Asturias coordinadas, realizando, elaborando e redactando esta Estratexia loxística a ver se o podemos aportar a ese Plan director de corredor atlántico que non coñecemos. Pero nós, como saben, non somos de pancartas, somos de propostas, de traballo, de cálculos e, polo tanto, a nosa proposta é unha estratexia loxística a ver se podemos aportar a ese Plan director do corredor atlántico que non coñecemos.

Señorías, no Goberno galego apostamos —acabo de relatalo— por unha mobilidade sostible, moderna, segura, pero tamén dixeran que unha mobilidade social. Non quero deixar pasar a oportunidade de que o fixemos dende o ano 2009, en plena crise económica: incrementamos nun 60 % as vías de altas prestacións, sen unha soa peaxe, en plena crise económica, 220 quilómetros novos de vías de altas prestacións sen unha soa peaxe para vertebrar o territorio, para reforzar a competitividade. E temos agora mesmo en marcha tres proxectos de gran envergadura, tres proxectos importantes: a vía Ártabra, que agardamos que o Goberno de España nos autorice esa conexión coa AP-9; a autovía Nadela-Sarria, en plena execución, e tamén traballando xa para licitar o proxecto construtivo nas seguintes fases; a vía de altas prestacións Tui-A Guarda, tamén en execución. E seguimos avanzando noutras vías de altas prestacións como a VAC Costa Norte, a Costa da Morte, Santiago-A Estrada, Brión-Noia.

O termo avance é claro en infraestruturas viarias da Xunta de Galicia, porque estamos avanzando. E, señorías, na miña intervención, xa digo, eu creo que estamos a falar dunha mobilidade social, con avances por parte da Xunta de Galicia, e que nos gustaría que tamén en materia de infraestruturas haxa avances nas competencias das outras administracións. Porque é notorio, dende logo, a situación na que se atopa a provincia de Lugo en materia de infraestruturas, competencias doutras administracións: autovía A-54 Santiago-Lugo. Xa vimos ese anuncio que nos deu o secretario xeral de Infraestruturas de produción de dous millóns ao mes. A quen non saiba de obra pública —que hai moita xente que non ten por que coñecelo nin saber— podía parecerlle moito; pero soamente hai que facer cálculos. Ímonos ao 2026. Eu creo que é inaceptable e é case como dicir que está paralizada. A autovía A-56: ningún avance; a autovía da Mariña A-74: non vemos avances administrativos; Vigo-O Porriño: creo que tampouco; a de Alfonso Molina: creo que paciencia teñen os veciños da Coruña e, polo tanto, creo que nos gustaría máis implicación.

Non dicimos que se fagan as obras de golpe, pero si que se vaia avanzando nestas infraestruturas. E o certo é que na autovía Santiago-Lugo, esa ratio que se nos deu, dende logo, non a podemos admitir de ningunha das maneiras.

Señorías, a nosa política de infraestruturas destaca non soamente polo que facemos senón polo xeito de como o facemos, sen impoñer novas peaxes. Lembramos que as autoestradas AG-55 e AG-57 da Xunta de Galicia son as que teñen as máis baixas de España, pero rebáixámolas ou conxelámolas. Vimos implantando bonificacións aos usuarios recorrentes, fomos



pioneiros implantando esas bonificacións. Agora incrementamos ás familias numerosas esas bonificacións; tamén temos bonificacións de viaxes nocturnas e, como dicía, queremos aplicar esas bonificacións ás familias numerosas este verán.

E non vai aparelado o que está a pasar coa AP-9. As autovías da Xunta de Galicia ou se conxelan ou baixan, a AP-9 é a que máis sobe de toda España, a que máis sobe de toda España. Quen apoiou ao Goberno en Madrid, dende logo, foi o Bloque Nacionalista Galego, se non me falla a memoria, que non creo que me falle agora mesmo. (*Aplausos.*) Polo tanto, é cómplice quen apoia ao Goberno de Pedro Sánchez en Madrid con esa subida: o único que temos a día de hoxe non son bonificacións na AP-9, son unha subida o 1 de xaneiro de peaxes, a que máis sobe en España, ademais nun contexto xeneralizado en que case todas baixan. Baixan todas e aquí na AP-9... mira, en Galicia temos a triste honra de que a AP-9 sobe, pois, grazas tamén ao seu apoio a esa sinatura que puido ser un folio en branco, non o sei, entre Adriana Lastra e a señora Ana Pontón.

Con todo, nós seguimos, nós facemos propostas, somos un goberno de propostas porque traballamos e fixemos unha proposta con 50 millóns de euros, cunha proposta sólida, rigorosa, con cálculos. É máis fácil poñer unha pancarta que facer cálculos, pero nós facemos cálculos, porque traballamos e facemos propostas. Porque coas propostas algo se consegue, e conseguimos que o ministro entendera e atendera as nosas propostas de bonificacións porque estaban traballadas, estaban avaladas e respaldadas por traballo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Voulle mandar o estudo, señor Bará, voulle mandar o estudo: bonificacións do 100 % das viaxes de volta para usuarios frecuentes, bonificacións adicionais do 25 % na ida tamén a usuarios frecuentes as 24 horas do día. ¡Que lle paso o estudo, non se preocupe! Bonificacións do 60 % a transportistas de mercadorías, tamén a familias numerosas, bonificacións, e tamén viaxes nocturnas.

E queremos avanzar tamén na transferencia da AP-9, que veña acompañada cos recursos necesarios.

A pandemia deixou un cúmulo de problemas, segue a deixar dramas, un regueiro de dramas humanos, e temos que seguir apoiando as persoas neste contexto moi complicado, e por iso estamos apoiando os sectores, sectores que están afectados, nos que temos as competencias, en sectores do transporte, mercadorías, viaxeiros, taxistas... e seguimos con ese diálogo permanente cos sectores que dependen desta consellería. E por iso o ano pasado fixemos anticipos, anticipos ante ese fondo estatal, que non nos chegaba, da covid, de 28 millóns de euros, para que puidera seguir o transporte público andando e rodando en Galicia e polos traballadores do sector. Tivemos que facer eses anticipos porque apoiamos os nosos sectores. Pedimos o mesmo esforzo, dende logo, para este ano 2021, pola redución da demanda —a caída é de ata o 80 % dos usuarios do autobús— e, polo tanto, é un sector —e polos traballadores do sector— que temos que seguir apoiando.

En materia de formación tamén seguimos apoiando o sector do transporte. En programas de axudas tamén é relevante o que estamos a facer co sector do taxi. O sector do taxi puido acceder ás axudas de apoio aos autónomos e microempresas cun plan de rescate, máis dun millón de euros. Tamén temos axudas para a renovación da frota —importante—, que re-



novamos tamén este mesmo ano. E tamén apostamos pola hostalería co que podemos contribuír dende esta consellería, que é a exención do canon da auga aos sectores, e tamén do coeficiente de vertido, aos sectores afectados da hostalería. É unha exención que xa está aplicándose.

Dicía ao principio que era importante a reactivación económica, e por iso é importante o fomento da obra pública. Fundamental, primordial, a obra pública para esa reactivación económica, e tamén para asegurar o noso futuro.

Estamos cunha intensa actividade na obra pública, fundamentalmente no que nos dá maior satisfacción, o de poder contribuír ás infraestruturas sanitarias, e poder facer o que mellor sabemos facer, que é obra pública, e axudar os nosos admirados compañeiros da Consellería de Sanidade. Tamén obra pública en infraestruturas viarias e tamén obra pública en obras hidráulicas.

Infraestruturas sanitarias: Gran Montecelo, adxudicamos en tempo récord. En maio inicianse as obras. Tempo récord, menos de tres meses —señor Bará, ten o seu turno—, en menos de tres meses adxudicamos. En maio comezarán as obras.

Tamén o novo CHUAC, no que traballamos intensamente: máis de 400 millóns de euros blindados na Lei de orzamentos para seguir avanzando nese novo hospital, que xa está unha fase en plena execución. Finalizaremos a reforma do Hospital Naval e do Arquitecto Marcide.

Centros de saúde: Narón; o CIS de Lugo; en Ourense; en Vigo; en Lalín, que acabamos de adxudicar. E tamén sen esquecer o pequeno, porque tamén é importante, como son os accesos, a mellora dos accesos e dos firmes aos centros hospitalarios.

Na área loxística e viaria tamén é clave a seguridade viaria. E antes de afondar na seguridade viaria eu, desde logo, que quero trasladar as nosas condolencias polo accidente ocorrido o pasado venres, e sentimos que a nosa responsabilidade é non escatimar esforzos, non escatimar traballo nin colaboración entre as administracións para seguir traballando pola mellora da seguridade viaria. Eu creo que non hai nada máis importante que a vida das persoas, e por iso a seguridade viaria é fundamental, e non escatimaremos, dende logo, ningún esforzo.

A aposta pola seguridade viaria ten protagonismo na acción da consellería: vimos de licitar o plan de seguridade viaria. Na seguridade viaria, para nós é fundamental a conservación das estradas, e aí están os contratos de conservación ordinaria para prestar atención aos usuarios as 24 horas do día os 365 días do ano; aí están os plans de reforzo de firmes; os plans de viabilidade invernal; os plans de control de noiros e muros, de pontes e lugares de paso, porque estamos sendo pioneiros en materia de conservación.

Tamén, treitos de concentración de accidentes. Temos un plan de treitos de concentración de accidentes, tamén para ir eliminando os treitos de concentración de accidentes nas estradas da Xunta de Galicia, que, por certo, foi un acordo nesta Cámara que se eliminasen os



treitos de concentración de accidentes, pero das estradas da Xunta de Galicia e das estradas do Goberno de España. Nós estamos a cumprir, gustaríanos ver tamén por parte do Goberno de España que se actuara na eliminación dos treitos de concentración de accidentes da súa rede, porque están en Galicia e o noso deber é defender os intereses de Galicia, o mesmo que os firmes. Nós temos, a Xunta de Galicia, o noso plan de reforzos de firme continuado e anual, e gustaríanos ver sensibilidade en certos reforzos de firme que vemos en estradas nacionais, principalmente na N-120, co peche do túnel de Folgoso do Courel, que nos preocupa de xeito importante.

Seguimos traballando nos Camiños de Santiago, ademais dos treitos de concentración de accidentes. Nos Camiños de Santiago, máis de 10,5 millóns de euros aquí, en Compostela, obras que están aí a vista de todos e que se rematarán antes do verán. Plan de sendas de Galicia, fundamental, iniciámolo no ano 2016, foron 170 quilómetros xa executados, están aí, no territorio, executados, aí están os resultados; con intensidade traballamos na primeira fase, temos a segunda fase en redacción e estamos traballando xa nesa terceira fase no Baixo Miño, O Condado, Deza, Sarria, Val de Lemos, Barbanza e Noia. E tamén apostamos por conseguir eses fondos Next Generation con propostas, acreditando o que é necesario e xustificando e en certas obras que consideramos fundamental para o noso rural como é a estrada Portomouro-Santa Comba, estrada Sarria-Becerreá, a estrada A Gudiña-A Rúa, Celanova-Fronteira portuguesa ou Folgoso-Seoane en Folgoso do Courel.

En vías de altas prestacións estamos avanzando por seguridade viaria tamén, ademais das infraestruturas hospitalarias, pero tamén realizamos equipamentos públicos: o edificio Amizar está en execución por parte desta consellería; tamén o Iferi, que acabamos de adxudicar; tamén as obras na Tea as realizará esta consellería; e a Cidade de San Caetano tamén a estamos a impulsar dende esta consellería.

Polo tanto, un peso importante na obra pública, co obxectivo global de incentivar a economía con dotación de infraestruturas, pero tamén de infraestruturas hidráulicas. Salvamento, depuración e abastecemento, estamos a axudar os concellos facendo un esforzo titánico, axudando os concellos nas súas propias competencias de salvamento e depuración que teñen outorgadas —repítome pero para que quede claro— por lei básica estatal.

Ademais das 28 EDAR que asumimos axudando os concellos a exercer as súas propias competencias está o saneamento das rías galegas, prioritario. E estamos a traballar no salvamento de Pontevedra: depuradora, o emisario, o río Lameira en Marín, imos resolver o vertido en Cocheras, competencia municipal do Concello de Pontevedra; na ría de Arousa, en Viveiro, en Burela, en Foz. O Plan de saneamento en Sada, en Betanzos, en Pontedeume. En total estamos a mobilizar 180 millóns de euros nas rías galegas entre execución e tramitación. ¿A que parece competencia nosa? Pero non o é. ¿A que parece competencia de...? Pero non o é, non se confundan vostedes, aproveitan todo isto e que estamos axudando e apoiando os concellos, de diferentes cores políticas, fagan as contas. E estamos apoiando os concellos nas súas competencias: 180 millóns de euros en execución ou en tramitación nas rías galegas, máis que as tres deputacións con costa galega xuntas. Gustaríanos unha... gobernan vostedes, o Partido Socialista co BNG, nas deputacións, gustaríanos un pouco de sensibilidade, de implicación, non soamente nas rías galegas, nas deputacións que teñen máis competencias que



a Xunta de Galicia, principalmente nos concellos de menos de 20.000 habitantes, porque é obrigada a súa colaboración institucional; considerámola, dende logo, básica.

En materia de augas, son moitas as iniciativas que temos: o plan de salvamento galego en redacción, con grandes obxectivos, e, sobre todo, con ese obxectivo global que temos de afondar na sostibilidade e no crecemento verde no abastecemento, nunha xestión da auga eficiente e tamén na seca, temos o plan de seca na demarcación Galicia-costa feito. Temos dous novos programas para axudar os concellos de menos de 5.000 habitantes, e mañá, mércores, sae unha orde de axudas no DOG para axudar os concellos de menos de 5.000 habitantes, para obras menores de saneamento ou abastecemento. Modernización, tamén, para as redes, con outras axudas para renovación de redes, para control de perdas en rede. Plans municipais de emerxencia de seca, ordes de axuda que vén sacando Augas de Galicia, onde se beneficiaron moitos concellos.

Gustaríame ver tamén un compromiso similar noutro organismo de conca, porque Augas de Galicia —non nos olvidemos— é un organismo de conca, fundamentalmente, como a Confederación. Pois a Confederación tamén viña ben que fixese un esforzo similar, non digo máis, pero polo menos similar, en materia de xestión da auga, no que é a súa conca, que é a do Miño-Sil, fundamentalmente.

En episodios de seca tamén estamos traballando para anticiparnos, risco de inundacións, temos ese plan de risco de inundacións. Hai nove zonas de alto risco de inundacións que xa coñecen todos vostedes, non o vou relatar, pero a que máis sorprende é a do río Lagares en Vigo, no que queremos investir 6,8 millóns de euros, e temos a sorpresa de que o Concello de Vigo prefira confrontación e deixar case vendidos os veciños de Vigo en vez de asinar un convenio coa Xunta de Galicia para investir 6,8 millóns de euros, para evitar a con financiación.

Se Carballo puido, se Carballo pode asinar ese convenio coa Xunta de Galicia, pois eu non entendo como o Concello de Vigo non pode, porque o noso obxectivo é anticiparnos para prever inundacións. E tamén con modelos de predición estamos a traballar na maior eficiencia e facer un salto cualitativo para a predición no risco de inundacións. Temos ese programa Merlín en colaboración coa Universidade da Coruña. Pero, fundamentalmente, seguiremos. Eu traslado aquí que seguiremos apostando por ese apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas propias competencias que teñen de saneamento e depuración. Vímolos facendo, seguiremos facendo, e tamén coas comunidades de usuarios, para as que vimos sacando tamén axudas. Ao final, das comunidades de usuarios son unhas 60.000 persoas que se abastecen. Polo tanto, para nós son importantes esas traídas de auga. Tamén estamos contratando servizos dos plans de abastecemento autónomo a seis concellos, para replicar esa experiencia piloto de éxito en Abegondo.

Eu vou rematando, porque me estou estendendo moitísimo. Temos o plan hidrolóxico Galicia-Costa para sacar a consulta pública. Agardo que nos trasladen as súas achegas. A conservación de ríos é fundamental nos 15.000 quilómetros de ríos de Galicia-Costa e incrementamos de forma importantísima a conservación, o investimento para a conservación dos ríos. Ímolos adxudicar dentro de nada. O plan de control de vertidos seguirá afondando para resolver e reducir a contaminación, como vimos facendo, e tamén innovación co proxecto Innovaugas.



E, por suposto, a explotación. A explotación dos sistemas de saneamento, abastecemento, sempre digo que é importante. Non podemos facer obras se logo non as explotamos ben, é importantísimo tamén a conservación e o mantemento, e eu agardo colaboración para finalizar e articular ese sistema de apoio aos concellos, na xestión do mantemento e conservación dos sistemas hidráulicos.

Por último, Augas de Galicia saben que vén colaborando e seguindo a evolución da covid nas augas residuais. Creo que é un proxecto importante que estamos a realizar en colaboración coas autoridades sanitarias, co obxectivo de anticiparnos e de que sexa unha alerta temperá, pois o máis recente é o que estamos a participar en Augas de Galicia, os colectores e depuradora de Santiago.

Eu remato xa que me estendín abondo. Traballamos por unha mellora da mobilidade, para mellores infraestruturas, para unha mellora da xestión na auga e pedíndonos axilidade a nós mesmos e o noso deber tamén é pedir axilidade aos demais, non pedimos aos demais sen pedirnos primeiro a nós o mesmos. Polo tanto, demandamos aos demais o mesmo que nos demandamos a nós mesmos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Benvida, señora conselleira.

Dende o PSdeG tamén queremos trasladar as nosas condolencias ás familias das vítimas do accidente de tráfico desta fin de semana, así como a todas as familias dos diferentes accidentes de tráfico.

A conselleira dicía e incidíu varias veces: non somos de pancartas. ¿Está segura, señora conselleira, de que agora non son vostedes de pancartas, de agarrarse a esas pancartas, de mobilizar e tamén de meter medo a determinadas plataformas que levan tempo loitando polas infraestruturas na nosa comunidade autónoma?, ¿está segura vostede de que non son agora os que collen as pancartas? *(Aplausos.)*

Vostede tamén dixó: bueno, parece que outros non teñen por que saber de obra pública. Vostede si, polo seu cargo de conselleira e pola súa profesión, pero a verdade é que tamén pedir esa reapertura urxente e inmediata do túnel do Folgoso sen ter en conta as medidas de seguridade, di bastante tamén do seu coñecemento da obra pública e da infraestrutura.



Por poñer algúns datos enriba da mesa sobre versións que deu vostede. Porque é a súa versión, porque non é a realidade dos feitos. Vostede falaba das intermodais e dicía que na Coruña nin están nin se lles esperan outras administracións públicas. Pois pónolle un dato: o Goberno de España, o Goberno de Pedro Sánchez, puxo nos orzamentos xerais do Estado 18,6 millóns de euros para a intermodal da Coruña; a Xunta de Galicia, nos orzamentos xerais da comunidade autónoma, 4,5 millóns de euros. Polo tanto, un cuarto a Xunta de Galicia con respecto ao Goberno de España. A intermodal de Lugo... é que, ¡vamos!, ¡se é o Adif o que está desexando chegar a un acordo! O que fan vostedes unicamente é poñer paus nas rodas e, ademais, discriminan —a Xunta e Galicia— a Lugo con respecto a outras provincias, porque vostede sabe que a Xunta de Galicia financia determinadas obras noutras provincias que na provincia de Lugo non financia.

Falaba vostede da xestión da auga, e dixo literalmente: estamos a facer un esforzo titánico. E repetía que as competencias eran das entidades locais. E dixo: a pesar de que algúns intenten torpedear estas xestións, a Xunta de Galicia está aí.

E eu quería saber que o orzamento da súa consellería... ¿cantas EDAR se van poñer en funcionamento neste exercicio en Galicia? E se tamén hoxe me pode dicir aquí se algunhas EDAR, por exemplo a de Burela ou a de Foz, non corren risco de perder eses fondos europeos pola súa mala praxe e polo atraso reiterado da Xunta de Galicia.

Mire, vostede dicía que estaba aquí para defender os intereses lexítimos de Galicia. Pero parece que non é o xeito máis acertado. Porque, mire, o pasado 10 de marzo tivo lugar unha reunión entre o presidente da Xunta e o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, na que trataron asuntos de suma importancia para Galicia en tema de infraestruturas, como as bonificacións das peaxes na AP-9, a saída sur de Vigo ou o AVE, por exemplo. Nesa rolda de prensa posterior, o presidente da Xunta agradecía o compromiso orzamentario do Goberno central para acometer as rebaixas de peaxes na AP-9, así tamén como ratificaba o compromiso do propio ministro de que o real decreto que dará lugar a estas bonificacións estará listo no primeiro semestre deste ano. Parecía daquela que se normalizaban as relacións entre as distintas administracións, pero nada máis lonxe da realidade, xa que ao día seguinte a propia conselleira e outros cargos do Partido Popular poñían de novo a camiseta do Partido Popular, antepoñían os intereses do seu partido aos intereses dos galegos e galegas e empezaban a espallar mentiras e a torpedear as inversións e obras anunciadas e orzadas polo Goberno central, e así tamén o fixo vostede hoxe na súa intervención.

Por poñer un exemplo: na miña provincia, o PP de Lugo e a propia conselleira dedicáronse a torpedear os investimentos xa orzados e que vai executar e materializar o Goberno central. Opuxéronse á modernización e electrificación do ferrocarril que une a capital da provincia de Lugo con Ourense e a Meseta. Opóñense a eses 546 millóns dos que nos beneficiaremos en tempo e en comodidade os galegos e as galegas.

Miren, opóñense a avanzar despois de que, durante anos, a pesar de ter un presidente do Goberno galego e unha ministra galega, abandonaran as infraestruturas galegas. Eu sei que están avergoñados polo feito ou polo non feito polos gobernos de Mariano Rajoy, pero a única realidade é que por primeira vez os anuncios e os estudos se converten en realidade con este Goberno central. (*Aplausos.*)



Mire, señora conselleira, vostede dedicou moitísimo tempo a falar en contra do Goberno central, a pesar de que pedía, dicía, que había que ir coordinados, esa lealdade institucional. Dedicou moitísimo tempo a criticar o Goberno central. Pero, mire, falemos de vías de altas prestacións, da costa norte, incumprimento tras incumprimento, unha promesa que aínda segue no aire, e a este ritmo a conexión Ferrolterra-Ortegal-A Mariña chegará no ano 2135, e non o di este grupo parlamentario, dío algún medio de comunicación bastante afín ao Partido Popular.

Vía de alta prestacións Tui-A Garda: todos os anos se anuncia, todos os anos vai a orzamentos, e ao final nunca se fai nada de nada. Falaba vostede do desdoblamento do corredor Lugo-Sarria-Monforte, atraso lamentable. Todos os anos se contemplaban partidas nos orzamentos e nada se facía, é certo, agora empezáronse as obras, si, pero xa con estes orzamentos da Xunta de Galicia vemos que este desdoblamento no vai ser total, non vai ser dende Lugo ata Monforte, imos cachiño a cachiño. Falemos do acceso ao porto seco de Monforte: nada se fixo con independencia de que todos os anos se contemple a mesma partida nos orzamentos. Falemos do plan Paradai, falemos da rolda leste. Falemos de por que a Xunta leva anos poñendo parches en vez de actuar para dar solucións en dúas estradas como son a 313 Marín-Moaña, ou a 308 Pontevedra-Sanxenxo, dúas estradas que se atopan entre as de maior sinistralidade de toda España. ¡Cantas e cantas estradas autonómicas sen atender! Escaso ou nulo mantemento das estradas de competencia autonómica. Falemos, falemos diso. Da mellora da accesibilidade e seguridade na PO-551. Falemos dos tramos de concentración de accidentes de Domaio e Tirán, da seguridade da AC-305 en Boiro.

Mire, señora conselleira, a verdade é que, despois do engano ao que nos someteron co Plan Move, ¿que quere que lle diga?, ¿que credibilidade pode ter calquera cousa que hoxe vostede aquí anuncie? Do que anunciaron como a gran iniciativa estrela do Goberno da Xunta de Galicia en materia de infraestruturas xa vemos o resultado, xa vemos como está. O propio presidente da Xunta de Galicia recoñecía aquí, en sede parlamentaria, ese atraso do Plan Move, pero iso si, ao máis puro estilo do Partido Popular, botándolles as culpas ás herdanzas.

Vostede chegou a falar aquí da chegada do AVE a Lugo, pero, mire, perdoe, señora conselleira, o único que prometeu a chegada do AVE a Lugo foi o señor Feijóo e todos os de Lugo recordamos, naquel acto de campaña das eleccións autonómicas do ano 2012, que comprometía a chegada do AVE a Lugo con fondos propios da Xunta de Galicia. ¡Iso si que é un atraso!: palabras de Núñez Feijóo do ano 2009.

Vostede falaba tamén desas bonificacións das peaxes da AP-9. Pero, mire, se estamos a falar desas bonificacións da peaxe da AP-9 é porque están contempladas nos orzamentos xerais do Estado. E, por certo, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso votou en contra deses orzamentos. Vostede chegou a falar de avanzar na transferencia da AP-9, ¡pero se foron vostedes —o Partido Popular— os que bloquearon na Mesa do Congreso dos Deputados poder falar e poder debater sobre esa transferencia de competencias!

Miren, as bonificacións das peaxes na AP-9 son unha realidade, van ser unha realidade e están contempladas nos orzamentos xerais do Estado, non só son anuncios, este ano terán



55 millóns, o que supón os dous terzos de todas as bonificacións de toda España, e o que pretende —e no que está traballando tamén o PSdeG— é que esas bonificacións non sexan só para o ano 2021, senón que vaian ata o ano 2048, que, por certo, esa data, ata 2048, é a data na que prorrogou a concesión desta AP-9 o propio Partido Popular.

Respecto do AVE a Galicia, as probas de seguridade —como tamén dixo o ministro— do último tramo desenvólvense de forma positiva, e manteñen a previsión de poñelas en servizo este ano.

Polo tanto, ¡claro!, hai compromiso por parte, pero compromisos orzados por parte do Goberno central. Vostede sabe que hai máis de 225 millóns de fondos, só de fondos europeos, que poderían incrementarse. A vostedes o que tamén lles fastidia é que son, e non entendo por que, para beneficiar a todos e todas as galegas; é que en dous anos e medio se puxeron en servizo 30 quilómetros de novas autovías; e incrementouse o presuposto en conservación, mantemento e seguridade ata os 150 millóns de euros.

Vostedes, a Xunta de Galicia —e eu aí compárto con vostede— deben traballar arreo tamén co Goberno central para que eses fondos europeos de recuperación, transformación e resiliencia, dende logo, cheguen a Galicia. Aí teñen moito traballo vostedes que facer, xa se mantiveron reunións co propio ministerio. Vostedes saben que esas axudas enfocadas para as zonas de baixas emisións se tratarán na Conferencia Sectorial coas comunidades autónomas, que terán unha repartición con criterios obxectivos e que, ademais, os fondos que lles toquen ás empresas van ser xestionados e trasladados directamente pola propia comunidade autónoma. Polo tanto, aí queda un grande traballo por facer, hai fondos, aproveitemos eses fondos europeos para, dende logo, tamén mellorar as nosas infraestruturas.

Vostede falaba tamén de que ampliaremos as peaxes das estradas de competencia autonómica. Eu quero lanzarlle tamén unha pregunta: se teñen pensado liberalizar as peaxes na AG-55 A Coruña-Carballo, e na AG-57 Puxeiros-Val Miñor. Este grupo, este grupo parlamentario, ten rexistrado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ... ten rexistrado iniciativas neste senso, e tamén nos gustaría saber cal é a intención da Xunta de Galicia.

Polo tanto, señora conselleira, deixe a camiseta do Partido Popular e poña a camiseta de todos e todas as galegas.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, cando empezou vostede a intervención falando de situación extraordinaria, de medidas excepcionais, por un momento eu pensei que nos ía vir aquí anunciar algunha cousa novidosa, e teño que dicir que a súa comparecencia foi un *déjà vu*, porque vostede veu aquí a contarnos exactamente o mesmo que nos contou na comparecencia de orzamentos. Ningunha, absolutamente ningunha novidade. Todo repetitivo, todo reseso e todo rutineiro, non contou nada novo. Normalmente, estas comparecencias... non sei se despois ten algunha sorpresa agardada para a segunda quenda, pero, de momento, *más de lo mismo*, é o que veu aquí vostede a contarnos. Porque vostedes están co piloto automático, están gobernando en cámara lenta e están gobernando moi por detrás da realidade, que os sobrepasa. E teñen que ir aí a tropezáns intentando saír ao paso de cuestións que debían estar planificadas desde hai moito tempo. Porque falta previsión, falta planificación e falta ambición na súa consellería e no seu goberno.

E o problema que teñen é que gastan demasiada enerxía en facer oposición e pouca enerxía en facer proposición, vostede veu aquí a dar un exemplo diso. Gastou a maior parte do tempo en meterse cos demais e en falar pouco das súas propostas dos seus proxectos, e menos de cousas novidasas.

E, claro, que nos fale xa de fondos europeos cando teñen máis de 1.400 millóns de euros sen investir deste período orzamentario, ¡xa manda truco! (*Aplausos.*) ¡1.400 millóns de euros! Agora teñen unha prórroga, pero pensen que se lle vai xuntar a prórroga deste período, o novo período orzamentario 2021-2027, máis os fondos extraordinarios de investimento dos *Next Generation*. Non van dar feito, xa non dan feito co ordinario, canto máis co extraordinario, señora conselleira.

Despois, *cero patatero*, coma sempre, de competencias. Vostede aquí non nos falou dunha cuestión absolutamente central para as infraestruturas e a mobilidade como é asumir desde Galiza todas as competencias para xestionar desde aquí estes asuntos. Fixo unha mención aí, de refilón, á cuestión da AP-9, sen moita confianza, sen moita convicción, e pouco máis.

Entón, ¿que pasa aquí? Que o único que funciona ben na súa consellería, ¿sabe o que é, conselleira?, ¿sabe o que é? É a maquinaria de propaganda. A verdade é que teñen unha maquinaria de propaganda, iso si, que é excepcional, porque meten aí pasta, pasta, pasta, pasta: sete millóns de euros nos últimos tres anos meteron vostedes en contratos de propaganda, para intentar ocultar a mala xestión, para iso é. Despois pódolle dar máis datos deste tema. Porque quero ir por partes para analizar os ámbitos principais de competencia da súa consellería.

E o primeiro ao que me quero referir é ao ámbito do ciclo da auga. Porque, ademais, onte —vostede non fixo mención a isto, chámame a atención— foi o Día Mundial da Auga, onde normalmente se fan reflexións. Para a Xunta pasou desapercibido. Cando é un asunto absolutamente central, é un ben imprescindible para o presente e para o futuro, un ben estratégico, un ben, ademais, finito, limitado, por moito que pensemos que estamos na abundancia. É un recurso limitado, e máis cos riscos derivados do cambio climático, e non vemos unha política da Xunta de Galiza que estea á altura deste reto, señora conselleira, temos que dicirlllo así. Cando, ademais, temos as nosas rías e os nosos ríos en situación de alerta vermella,



moitos deles están na UCI, e non o di o BNG, dino os propios datos de Augas de Galicia. No ano 2019 —últimos datos dos que temos coñecemento—: 1.573 verquidos contaminantes nas rías galegas, que aumentaron un 24 % con respecto ao 2014. Imos a peor e vostedes presumen de que levan investido 1.100 millóns de euros nas rías galegas, e imos a peor. Isto realmente é un desbaraxuste, é un desastre, e despois fállolle das competencias en materia de augas. E porque vostedes teñen competencias, e porque vostedes están executando tarde, mal e arrastro, como se poden ver con estes datos, as súas competencias, Porque daría para falar moito tamén o estado no que están as estacións de augas depuradoras de augas residuais en xeral e nas rías galegas, tanto as que xestionan os concellos como as que xestiona Augas de Galicia, señora conselleira, que son 28. Están aí os datos, que a nós non nolos deron, déronllos a Ecoloxistas en Acción; pedímolos polo artigo 9, aínda estamos esperando. Pero din o que din, dunhas e doutras. E iso ten que ver tamén cos proxectos construtivos e co modelo que utilizaron para a construción destas infraestruturas.

Xa non lle vou falar —xa faciamos unha interpelación sobre isto— da contaminación das rías, por distintos motivos; da contaminación dos ríos, dos encoros do Eume, do Umia, do encoro das Cunchas na Baixa Limia, das verteduras de Varilongo, que é un escándalo os datos que saíron recentemente, ¿onde está Augas de Galicia para parar esta catástrofe? E que teño aquí os datos, ademais. As verteduras da mina de Varilongo superan 325 veces o limiar de cadmio permitido, ¿onde está Augas de Galicia, señora conselleira?, ¿que pensa facer a respecto desta cuestión?

En fin, non dixo nada da caducidade das concesións das presas hidroeléctricas, levamos xa seis, ¿que pensan facer con isto, señora conselleira? Pois o que temos que dicir é que está practicamente todo sen facer, e levan 12 anos gobernando e investindo moitísimo diñeiro facéndoo mal.

Primeiro: ¿Como prevén cumprir coa Directiva marco da auga, que marca uns obxectivos para 2021, este ano no que estamos, señora conselleira? ¿Cando o plan galego de abastecemento? ¿Para cando o plan galego de saneamento? Vostede anunciouno no seu día, precisamente nesa interpelación, o plan galego de saneamento, e agora encontrámonos, no contrato que acaba de saír, con que estamos nunha primeira fase de diagnose que vai durar ano e medio, é dicir, que nos imos poñer a finais do ano que vén só coa diagnose. ¿Cando pensan facer o plan? A este ritmo, non lles vai a dar tempo a facelo en toda a lexislatura, señora conselleira.

¿Para canto o pacto local da auga que vostedes anunciaron no ano 2013? ¿Para cando o Consello para o Uso Sustentábel da Auga que vostedes anunciaron no 2013 e que está na Lei de augas? ¿Cando, cando? Cando ademais hai datos que poñen a alarma e a luz vermella sobre o consumo excesivo de auga e a mala xestión deste recurso, e recórdolle que hai un estudo dunha experta galega, Montse Valcárcel, que é vicerreitora da USC no campus de Lugo, que di que temos un 50 % máis de consumo que a media da Unión Europea: 613 metros cúbicos por habitante e ano.

E non está creado o Consello para o Uso Sustentábel da Auga nin está feita esa nova cultura da auga que debería ser a que rexese toda a política hidráulica da Xunta de Galiza e tamén



de todas as demais administracións. ¿Cando pensan cumprir a lei que existe en Galiza, aprobada dende o ano 2006 —por iniciativa lexislativa popular, por certo—, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos? Unha lei moi avanzada que vostedes pecharon nun caixón da consellería e que nunca máis se volveu saber dela.

Ben, a realidade é que vostedes non teñen propostas e proxectos. Teño que dicirle que presentaron un documento sobre a Estratexia —que lle chaman verde, e das cores podíamos falar moito, da cores que predominan na súa política—, a Estratexia verde de Augas de Galicia, que, realmente, é moi pouco ambiciosa, señora conselleira, son vaguidades, son xeneralidades. E, dende logo, o BNG ten propostas, ten alternativas, fixémoslas públicas. Temos un proxecto —non sei se o coñece pero pódolle dar unha copia— para a recuperación produtiva das rías galegas, que contempla ata 18 actuacións en distintos ámbitos para as rías. Temos as nosas propostas tamén do plan Galiza Next para os fondos europeos, onde incluímos grandes proxectos tamén en materia da Estratexia galega da auga 2030, ou o Plan Galiza 10.000 ríos. Temos 10.000 ríos e moitos deles están nunha situación crítica, e hai que actuar xa.

Propostas tamén para garantir a biodiversidade en relación coa auga, porque non pode ser que esteamos no estado actual de abandono que están as reservas hídricas, os humidais ou as turbeiras. ¿Que pensan facer nesta materia? Por certo, no Plan hidrolóxico Galicia costa había actuacións previstas neste ámbito, ¿que fixeron? Déronse aquí explicacións. Xa lle adianto que imos pedir a comparecencia da directora de Augas de Galicia para que nos faga o balance do Plan hidrolóxico Galicia costa, porque están falando de que van a facer o seguinte, pero aínda no fixeron o balance do actual. Eu teño aquí o documento e hai moitísimas actuacións que están sen executar, señora conselleira, e teñen que dar contas disto.

Por certo, ¿se non teñen competencias en materia de augas e de saneamento e depuración, por que fan un Plan hidrolóxico Galicia costa que prevé multimillonarios investimentos? Porque teñen competencias, que o di a Lei de augas, por moito que haxa unha lei básica do Estado que diga [...] planificación, execución, xestión, de todo. Bueno, o que pasa é que vostedes substituíron a competencia pola incompetencia, que é a folla de ruta do seu traballo habitual.

Mire, vostede di que non son de pancartas, xa nos gustaría en Pontevedra que fosen de pancartas, porque alí o que utilizan é apoiar cousas moito máis graves, como a campaña indecente, violenta, de Ence contra o Goberno municipal (*Aplausos.*) E quero aquí pedirle publicamente, señora conselleira, como representante do Goberno, quero pedirle que condene aquí publicamente, nesta tribuna, esa campaña infame, indecente, de acoso e de chantaxe, de extorsión, esa campaña mafiosa da empresa Ence contra o Goberno municipal de Pontevedra, para intentar forzar a súa posición e o cambio da lei. Iso é intolerable, e vostedes deben condenalo publicamente aquí. Fíxenlle a mesma pregunta á señora secretaria xeral de Medio Ambiente, e non foi quen de facer esa condena. Espero que vostede si o faga.

En fin, que deixo para a seguinte intervención algunhas cuestións relativas ao ámbito da mobilidade, que deixa tamén moito que desexar, porque vostedes non teñen unha visión global sobre a mobilidade. Só se dedican á cuestión do transporte público por estrada, e así vai, porque ademais teñen aí —como xa lle dixemos— unha empresa empotrada, unha ad-



ministración paralela, unha empresa privada que fai o traballo que debía de facer o Goberno, que se chama ademais Iplan, que acapara contratos da consellería, tanto de xestión ordinaria como tamén contratos de estudos, contratos de planificación. Tamén recentemente acaba de ser gañadora da redacción da Estratexia galega de mobilidade e do Plan director de estradas, etc., etc., etc.

Claro, que nos fale aquí de ferrocarril cando vostedes teñen unha grandísima responsabilidade, porque estiveron gobernando oito anos no Estado, no estado calamitoso da rede ferroviaria galega, ¡tamén manda truco! E a nós parécenos moi ben que agora poñan a camiseta reivindicativa, pero ¿por que non a puxeron cando estaba gobernando o Partido Popular? Por iso non son cribles, señora conselleira, porque antes calaban e agora claman. E había que clamar xa antes cando gobernaban os seus en Madrid, e non o fixeron.

O de Lugo xa non ten nome, o que dixo aquí, cando o señor Feixóo, efectivamente, prometeu, o 10 de xaneiro do 2009, solememente, na campaña electoral, que a Xunta ía facer o AVE a Lugo, que despois xa lle pasaría a factura ao ministerio. ¡Pero que cara teñen para vir agora a dar leccións a respecto desta cuestión! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...señora conselleira... —remato xa, señor presidente— bueno, da AP-9, da AP-9, en fin, que se atrevan aquí..., cando vostedes son os máximos responsables do incremento da concesión, da privatización, do incremento das peaxes, e de que esteamos pagando esas peaxes agora, porque vostedes... recórdolle esta foto, esta foto na ponte de Rande, na que vostede está aquí, coa plana maior do Partido Popular —por certo, a plana maior que está pasando esta semana pola Audiencia Nacional para declarar polos casos de corrupción (*Aplausos.*), empezando polo señor Rajoy— pois estaba aquí inaugurando a subida das peaxes, señora conselleira.

Entón, non nos veña dando leccións. Ademais, porque vostedes presentaron aquí un documento, que o teño aquí e que llo podo ensinar e darlle os datos, que prevía unha redución do 25 % respecto da AP-9. Así que de leccións nesta materia, nada.

Moitas grazas, señor presidente. Seguimos despois. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Ten outro turno despois, señor Bará. Moitas grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Moi bos días a todos.

Grazas, presidente.



Señora conselleira, nós tamén nos sumamos ás condolencias que expresou aquí a señora conselleira e o resto dos grupos parlamentarios.

E quero empezar agradecéndolle a comparecencia, señora conselleira, agradecéndolle a comparecencia, polas explicacións do traballo que leva a cabo na súa consellería, pola implicación na solución da pandemia, e tamén por unha importante preocupación polas persoas que amosou durante a súa intervención e, sobre todo, nas accións que vén a desenvolver a consellería co seu traballo.

Pódese pensar que esta consellería é a consellería do cemento ¿non?, témolo escoitado moitas veces neste Parlamento, pero nada máis lonxe da realidade, porque é moito máis social do que parece, e despois de escoitala queda clara a súa preocupación polas persoas, pola sostiabilidade e o cambio climático, esa cohesión territorial, o emprego, a seguridade, a igualdade de oportunidades e tamén pola xente nova.

E quero felicitala, explicitamente, en contra do que dixo aquí algún portavoz de que lles faltaba valentía. Eu creo que se algo a define a vostede é a valentía con que afronta os retos que ten na consellería. E dígoo porque un no día a día atópase con moitos problemas, e o que fan moitos responsables políticos é pasar de largo, non tocar nada para que non haxa problemas, e sen embargo vostede o que fixo na súa consellería foi enfrontarse aos problemas, poñer enriba da mesa solucións e, dende logo, iso hai que agradecerllo, eu agradézollo e espero que non cambie nunca nesa actitude cara á xestión do público.

Falaba vostede de moitas cousas. A min gustaríame citar algunhas e tamén comentar algún asunto que dixeron os outros portavoces. Estou de acordo con que o que se ten avanzado no transporte público en Galicia é importantísimo. O transporte metropolitano de Galicia para todo o territorio, así como a tarxeta Xente Nova, na que moitas veces non se pon a suficiente importancia que ten, é fundamental para Galicia.

O transporte público de Galicia —dicía algún portavoz que lle faltaba valentía—: 127 contratos, 3.100 liñas de autobús, 300.000 servizos e máis de 40.000 paradas en Galicia. Cando estes datos se poñen enriba da mesa hai moi poucos políticos que se atreverían a entrar nisto, porque hai outros políticos doutros partidos políticos noutras administracións, que o que fan é non tocar nada, prorrogan o que hai, e diso temos moitos exemplos en moitas provincias gobernadas polo Partido Socialista e tamén en cidades gobernadas polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego.

Eu quéroa felicitar por ter collido este touro polos cornos, e recoñecer esa valentía, porque ao final o que se fai é poñer tarifas máis económicas e un sistema tarifario integrado. 25,1 millóns de viaxes ao ano, bonificación de 17,5 millóns de viaxes, os usuarios do custo de transporte en Galicia público, que son 110 millóns de euros, só pagan o 26 %, o resto págao a Xunta de Galicia; isto é inédito en calquera outra comunidade. É inédito. Pero, en vez de recoñecer ese esforzo, ese traballo e esa valentía, centrámonos noutro tipo de cousas das que teremos oportunidade de ir falando.

A intermodalidade, e aquí si que necesito falar do que dixeron outros portavoces. Mire, o que quedou claro nesta comparecencia súa, conselleira, é que, á parte de enfrontarse aos



problemas que son competencia súa, vostede o que é competencia súa intenta amañalo, arranxalo e traballa niso, e hai outros que non o fan. E no caso das intermodalidades, pois resulta que chocan, ou conviven, ou se comparten dúas competencias, e o que ten que quedar claro é que por parte da Xunta de Galicia sempre se fixo todo o que había que facer para que saíran adiante. Dicía a portavoz do PSOE que en Lugo non saía porque había un interese de non sei que. ¡Home!, en Santiago está lista, e goberna o mesmo partido político. ¿Onde estaba o interese entón entre Lugo e Santiago? ¿Cal é a diferenza? Pois probablemente que en Santiago fixeron algo máis que o que fixo a alcaldesa de Lugo, probablemente. E probablemente, dende logo, dende o Goberno se fixeron máis cousas en Santiago que en Lugo, iso pregúntello vostede ao seu partido. Santiago funciona, quedan cousas por facer por parte do concello, que supoñemos que se farán rápido.

En Ourense tamén funciona, agás o aparcadoiro subterráneo que Adif non fai. En Vigo a Xunta ten consignados 10 millóns dun total de 18. En Pontevedra 4,2. Na Coruña, ¡joia!, probablemente non lle contaron exactamente todo o que leva pasado coa intermodal da Coruña. A min, como delegado da Xunta, tocoume falar co Goberno municipal anterior. Fíxese, non era o Partido Socialista, era o das Mareas, e cambiou o proxecto ata en tres ocasións para atrasar o proxecto. Cando chegou a nova alcaldesa foi máis fácil chegar a un acordo con ela, é certo. Pero o atraso non está no compromiso ou na negociación da Xunta coa alcaldesa do Partido Socialista. O atraso está en Adif, o atraso está no Goberno, hai un acordo ao que se chegou co Concello dende hai meses, e o que non cumpre, señora portavoz, señora Otero, é Adif. Que llo expliquen ben, fale cos seus compañeiros da Coruña do Partido Socialista, pódennos explicar. ¡Claro!, se se fía do señor Arangüena probablemente a información non é exacta (*Aplausos.*), pero eu dígolle que fale coa alcaldesa, que lle pode dicir como está a situación.

E falaba vostede do AVE. Mire, eu quéro lle agradecer, señora conselleira, que, a pesar do que dicía o señor Bará, vostede as competencias súas as intenta levar a cabo e se enfrenta a elas. Pero tamén fai unha cousa importante, que é denunciar cando outras administracións non cumpren os compromisos adquiridos, ou non cumpren con Galicia. Eu creo que iso é importante, que vostede o poña e o diga cada vez que isto ocorre. En Galicia tamén o fará a oposición cando vostede no cumpra, non se preocupe, pero necesitamos que a Xunta de Galicia teña unha voz que poida dicir a verdade.

Falaba do caso do AVE a Lugo, e falaba a voceira do Partido Socialista. Mire, esta semana pasada vimos o compromiso, ou vimos unha realidade, e é que a presidenta de Adif, unha galega, di que a primeira fase estará lista no 2024, e a segunda non se fará. E agora vostede vén a dicir aquí que no ano 2009 había un compromiso do señor Feijóo. Non, mire, voullo poñer máis fácil, voullo poñer máis fácil. No ano 2018, o ministro do Partido Popular anunciaba na Subdelegación do Goberno a chegada do AVE no ano 2021. Si, ¿sabe quen estaba sentada aquí en terceira fila? A presidenta do Adif, porque xa era un alto cargo do Adif naquel momento co Goberno do Partido Popular —xa era un alto cargo—. E naquel momento estaba de acordo con que o AVE ía chegar no ano 2021, ¿e sabe que pasou agora que se converteu en presidenta do Adif? Que vai a semana pasada a Lugo e atrasa todo. ¿E sabe que fai o Partido Socialista? Aplaudir, aplaudir en vez de denunciar un novo atraso; e en vez de denunciar o que está a facer dedícase a aplaudir. ¡Alá vostedes, porque non pensen que a xente non se entera! (*Aplausos.*)



Co corredor atlántico pasa algo similar (*Aplausos.*). Falaba vostede da reunión con Ábalos do pasado 5 de marzo. É verdade, comprometeuse á prolongación da alta velocidade de Portugal e á conexión entre Vigo e Porto. Pero a verdade é que durante todo este tempo hai unha forma de enfrontarse aos problemas moi diferente por parte da señora conselleira e por parte do ministerio. Nós intentamos en Galicia que a afectación da pandemia fose a mínima posible, fomos das primeiras comunidades que atendemos o servizo de transporte público. ¿E que fixo o Goberno? Pois co servizo ferroviario reducir un montón de frecuencias e, dende logo, non repoñelas e afectar a moitos cidadáns. Isto pasa no ferrocarril, ese abandono, esa deterioración, esa redución dos servizos coa escusa da pandemia; e pasa tamén no transporte aeroportuario; só ten que mirar cales son as frecuencias dos voos que existen a día de hoxe dende os tres aeroportos, reducíronse totalmente. Iso si —¡fíxese que curioso!—, os avións van cheos, ata arriba, e, sen embargo, non se repoñen novas frecuencias, ¿sabe por que?, porque probablemente o ministerio está máis preocupado de axudar as compañías aéreas que de axudar os galegos que vivimos nesta esquina de España. E como as compañías aéreas non se chaman *Plus Ultra* pois teñen o que teñen, diso tamén terán que dar conta. E tamén terán que dicir por que antepoñen os intereses das compañías aéreas á xente que vive en Galicia.

E falaban tamén de estradas, e dicía vostede cal é a situación de abandono das estradas. Bueno, eu aquí, sinceramente, creo que era unha broma, porque vostede o único que ten que facer é recorrer calquera das autovías de competencia estatal, unha autovía que é a vía fundamental, a máis importante de conexión que ten o Estado, ¿sabe como está o estado das autovías, da A-9 ou da de abaixo?, ¿sabe vostede como está? ¿Pero vostede circulou por elas? ¡Pero se están peor que calquera pista dun concello pequeno sen recursos, están bastante peor, levan anos con baches continuos que non se amañan! Nunha autovía, co que supón para a seguridade viaria.

E falaban vostedes de que, claro, que en seguridade viaria non se fai nada. ¡Oia!, nos orzamentos desta consellería e en varias iniciativas posteriores vostedes presentaron moitas emendas aos orzamentos onde, casualmente, propuñan reducir aínda máis a conservación que ten a Xunta de Galicia, as partidas que ten dedicadas á conservación. E agora vén dicir aquí que non se utiliza a conservación ou que, dende, logo é mala. ¡Mire!, igual que dicir que pediamos a apertura do túnel de Folgoso sen ter as medidas, é mentira. Iso é unha mentira en toda regra, só hai que ver cal era a proposta exacta que levamos á Comisión e hai que ver o que dicían vostedes, e iso é a forma de actuar do Partido Socialista.

Pero remato. Mire, señora conselleira, eu ánimoa a seguir traballando co que ten, ou co que está, ou como o leva facendo. Falaremos na segunda intervención das peaxes e do tema de augas, dos vertidos e do que se leva investido por parte da Xunta de Galicia nas rías galegas. E tamén cales son as axudas que por parte das deputacións e dos concellos se levan posto para que este problema se solucione definitivamente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Réplica. Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu, na miña primeira intervención, intentei resumir, no tempo que temos, todas as accións que levamos a cabo na Consellería de Infraestruturas e que guiarán e marcarán o traballo nesta lexislatura. É imposible desenvolver en detalle todo o que estamos a facer e todo o que queremos facer nos próximos catro anos. Eu lamento que lles pareza unha pega seguir traballando como vimos traballando, que creo que está máis que demostrado que mal non o debemos facer. Hai resultados probados, eu falo con resultados, non é opinar por opinar, e aí está a experiencia na xestión, e aí están os resultados.

Cabe preguntarse cales son as súas prioridades. Na miña intervención quedou claro que a prioridade son as persoas, a seguridade das persoas, tamén a infraestrutura sanitaria; non escoitei nada das estruturas sanitarias. Non lles debería de parecer importante que na Consellería de Infraestruturas apoiemos a execución de centros de saúde en Narón, Paderne de Allariz, O Saviñao, Bouzas, rematar o de Ares, A Estrada, O Milladoiro, o centro de saúde integral en Lugo, en Lalín, o barrio da Residencia de Lugo, no que estamos a traballar, o hospital Gran Montecelo, que adxudicamos en tempo récord e que iniciamos en maio, o novo CHUAC, que tivo que esperar oito meses polo Partido Socialista da Coruña, pola alcaldesa da Coruña, e que se dera conta da relevancia da actuación, ¡oito meses!, ¡se asinamos o mesmo que propuxemos oito meses antes! Pero, bueno, máis vale tarde que nunca, polo menos conseguimos que se asinara, ¡máis vale tarde que nunca! Se foron oito meses para conseguir convencer contribuír á sanidade pública pois benvido sexa, aínda que sexa moi tarde.

Polo tanto, impulsar novas infraestruturas sanitarias eu creo que é importante, do que vostedes nada dixeron; e, ademais de contribuír a fortalecer a sanidade pública do futuro, tamén contribúe á actividade económica.

Cuestionan vostedes o traballo do transporte, o non polo non; e, dende logo, a aposta polo transporte público aí está con feitos. Desprezan, ningunean —non sei, a palabra que mellor consideren vostedes— todo o traballo feito, inxente, en materia de transportes. Culminamos ese proceso ambicioso, por suposto que si, e fixemos unha aposta única no transporte público. Porque o fácil é non facer nada, o fácil é prorrogar como fai o Concello de Vigo con Vitrasa: vamos prorrogar aquí, que estamos no covid, o contrato do transporte en Vigo, por exemplo. O certo é que é un traballo importantísimo, no Bipartito da Xunta de Galicia eu non vin absolutamente ningún avance por transformar o transporte público en Galicia. E estamos a falar de 127 novos contratos, 3.100 liñas, 300.000 servizos ao mes en transporte público, máis de 50.000 paradas.

Dende logo, é un traballo inmenso e vemos o que está a pasar no tren, recortar servizos, aproveitar a pandemia para recortar servizos. Dende logo que ao Goberno de Pedro Sánchez non lle quitan o sono as necesidades de mobilidade en Galicia, dende logo que non lle quitan o sono, porque nós facemos traballos inxentes. Se fixeramos o mesmo que fai o Partido Socialista no Goberno de España, de aproveitar a pandemia para reducir os servizos, se fixe-



ramos o mesmo quizais case non tiñamos autobuses. Pero non, nós seguimos apostando polo transporte público e tamén en plena pandemia, garantindo o servizo público, inxectando máis de 80 millóns de euros ao ano e facendo os axustes que son necesarios. Porque esta magnitude de novos contratos de servizo, que é un volume inxente, non só de investimento senón de información, pois hai que facer algún axuste que pode ser do 1 % ou do 0,5; axustes que nós valoramos, pensámoslos, analizámoslos e implantámoslos.

Eu vexo que non lles interesa a extensión da tarxeta Xente Nova e da tarxeta metropolitana a toda Galicia, parécelles insignificante, ao mellor, en materia de transporte. Nós imos entendela aínda que vostedes non o consideren importante, e fomentar o transporte público nos máis mozos é tamén axudar á economía das familias, sobre todo en plena pandemia, para esa mobilidade máis económica. Tamén unha mobilidade social, unha mobilidade máis económica en materia de transportes, esa área de transporte vexo que non lles parece novidade tampouco. Pero, bueno, a min sorpréndeme en transporte público que me falen vostedes e que tamén desprecen que en abril incrementemos esas bonificacións do usuario recorrente. Porque son iniciativas, dende logo, de calado, (*Aplausos.*) a xente nova é unha iniciativa de calado... (*Aplausos.*) a área de transporte é unha iniciativa de calado, é unha aposta por unha mobilidade social e por unha mobilidade económica e por unha mobilidade verde. ¿E que fan vostedes en materia de transporte? Se me permite a expresión o señor Bará, piden papas (*Risos.*) (*Aplausos.*). En Pontevedra, ¡por favor!, que a Xunta de Galicia, cos seus buses, nos faga o autobús urbano, porque, ¡claro!, é moi complicado isto. Entón, bueno, se a Xunta de Galicia cos seus buses nos fai o favor de facer o transporte urbano e abre e pecha a porta no transporte urbano, pois encantados; e en Ferrol o mesmo. Se a Xunta de Galicia, cos seus autobuses, fai o transporte urbano, benvido sexa. E nós aí estamos, axudando o Concello de Pontevedra, do Bloque Nacionalista Galego, e axudando o Concello de Ferrol, do Partido Socialista, en materia de transporte, porque queremos aportar. E asinaremos convenio co Concello de Pontevedra, pero permítame a expresión —se ma permite—, creo que é para que a xente nos entenda, porque é falar coloquialmente para que a xente entenda ben do que estamos a falar.

E a vontade e o traballo aí están e están os resultados, é que están os resultados no territorio, e vencen as obras na estación intermodal en Ourense, que explico agora. A estación de autobuses de Ourense, rematada, a falta de remates, a estación de autobuses de Ourense, que permite en 30 segundos intercambiar os modos de transporte. Pero o certo é que está feito o 7 % das obras que financiamos dende a Xunta de Galicia, o 93 % da estación intermodal de Ourense depende do Goberno de España e nada de nada de nada, todo parado por parte do Goberno de España na terminal ferroviaria e na estación intermodal de Ourense. Pedimos a comisión de seguimento, volvémosla pedir e reiterámola, clamamos no deserto por esa comisión de seguimento, ademais, e a parte que ten as pegas, polo tanto, aí están os feitos e os resultados. Nós pintamos investimentos no orzamento, aprobámoslos pero executámoslos, (*Aplausos.*) outros, como a intermodal da Coruña, (*Aplausos.*) quero ver canto executan. (*Aplausos.*) Píntano vostedes, maquillaxe... maquillano vostedes pero logo ¿como o executan? Aínda non está licitado, ese anuncio do ano 2019 da inminente licitación con moita pompa da intermodal da Coruña da parte ferroviaria e estamos no ano 2021. ¿Que se fixo dende o ano 2019 que se anunciou con moita pompa a licitación e estamos en marzo de 2021 e non se licitou? A min, claro, cústame entendelo, non o entendo e aí, polo tanto, aí están os resultados.



A intermodal de Lugo. Compara a Xunta de Galicia e eu comprenderán vostedes que non o podo compartir porque, ademais, se falta á verdade. A Xunta de Galicia, ademais de facer o que está na súa competencia, que é a terminal de autobuses integrada na estación intermodal, cofinancia moito máis alá das súas competencias para aliviar as arcas municipais. Propuxemos cofinanciar o paso da cidade, propuxemos cofinanciar tamén a urbanización, de competencia do Concello. Pero o que non pode pretender é que a Xunta de Galicia, que a Administración que xestiona os cartos de todos os galegos e, polo tanto, que todos os galegos financien un aparcamento que precisa o Adif. E, ademais, que a Administración que ten as competencias en sanidade financie un aparcamento que precisa o Adif por necesidades ferroviarias. Pero, ademais, que o Adif ten 5.700 millóns de euros do mecanismo de recuperación e resiliencia ¿é que non lle interesa investir na intermodal de Lugo? Pero, iso si, en campaña electoral anuncian todas as infografías, o ministro e a presidenta do Adif na intermodal de Lugo, pero non queren pagar: *¿yo invito y tú pagas?* Non, claro, o Goberno de España invita a que a Xunta de Galicia pague o que presentou con moita pompa e a bombo e platillo. Polo tanto, eu creo que coa intermodal de Lugo había que ter un pouco máis de seriedade, dende logo, igual que coa intermodal da Coruña.

Da alta velocidade de Lugo, dende logo, é incomprendible, inconcebible, e non o podo compartir; dende logo, a min paréceme intolerable. En calquera caso, xa se contestou aquí e xa falamos debidamente da chegada da alta velocidade a Lugo, que é o que se veu aquí trasladar e a vender gato por lebre. É dicir, a informarnos tamén con moita pompa, porque é ao que estamos acostumados, de recortes, rebaixas e atrasos. Foi o que veu aquí a anunciarnos a persoa responsable que está ao mando do Adif.

Dende logo que o noso deber, aínda que non o comparta, é defender Galicia, e fixémoslo antes e fixémoslo agora. Antes o ministro viña cada tres meses e podíamos falar con el e facer seguimento con el. Eu podíalle ensinar —aí están as hemerotecas, as cartas, etc.— que vimos pedindo o mesmo antes que agora. Aí está a alianza do corredor atlántico. A alianza do corredor atlántico é, no ano 2017, entre Asturias, Galicia e Castela-León. ¿Quen gobernaba no ano 2017? Polo tanto, nós vimos facendo o mesmo labor de defensa dos intereses lexítimos de Galicia antes e agora.

Nada que dicir da conexión ferroviaria a Langosteira... a pesar do rexeitamento ou da posición de certos altos cargos do Goberno de España, o ministro comprometeuse a licitar, si ou si, independentemente do financiamento, o acceso ao porto de Langosteira.

A min o que realmente me sorprende nese cumio, que, na miña opinión, foi un fiasco, do 23 de febreiro, é que o Concello da Coruña se conformou con nada. Conformouse con nada, conformouse —«vou estudar o estudado»—, conformouse con nada. É realmente preocupante conformarse con nada; se o difícil é non facer nada, conformarse con nada iso xa é complicadísimo. Dende logo, sobre todo, por falar de infraestruturas necesarias na Coruña e sendo alcaldesa da Coruña, eu, dende logo, non o comparto. E, sobre todo, 5.700 millóns de euros que ten o Adif do Fondo de recuperación e resiliencia, ¿non vai quedar nada en Galicia? Creo que... a min gustaríame que nos apoiaran en que investimentos de recuperación e resiliencia veñan a Galicia, pero en calquera caso dáonos igual a fonte do financiamento, con tal de que veñan nós, dende logo, que o celebraremos no caso de que así sexa.



Da autovía Santiago-Lugo..., xa o dixen na miña primeira intervención; dende logo, aí está a autovía Santiago-Lugo ata o ano 2026, que nos sorprende e, dende logo, non o podemos admitir. Da autovía Vigo-O Porriño nada sabemos. Os firmes das estradas nacionais preocupánnos. Pero, en calquera caso, nós seguimos traballando e facendo propostas, propostas como fixemos coas bonificacións da AP-9.

¿E sobre a AP-9 que dicir? É a autopista que máis subiu en toda España o pasado 1 de xaneiro; volvo dicir, foi a autopista que máis subiu o 1 de xaneiro como consecuencia dese real decreto de subas extraordinarias. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, confúndese, confúndese. O informe do Consello Consultivo acredita que son nulas de pleno dereito, ademais, empezando por aí. E tamén hai un enriquecemento inxusto. Pois ese real decreto que autorizou esas subas extraordinarias na AP-9, que supoñen un enriquecemento inxusto de Audasa, que está aí escrito, que o Consello Consultivo di que son nulas de pleno dereito, levan a rúbrica dun goberno socialista. Polo tanto, son asuntos que non podemos admitir e, dende logo, que hai que revisar.

Nós, en calquera caso, implantaremos bonificacións ás familias numerosas nas nosas autoestradas e, neste caso, Galicia será pioneira para apoiar as familias numerosas de acordo coas liñas de traballo da Lei de impulso demográfico.

Podemos seguir falando, dende logo, de xeito continuado de todas as iniciativas da Xunta de Galicia, tamén do resto das administracións, pero nós seguiremos traballando como vimos facendo, porque dá resultado e, dende logo, mal parados os galegos se atendemos ás súas propostas de que os galegos paguen autopistas do propio Estado. Dende logo que iso non é defender os intereses dos galegos.

Falaban vostedes —a señora Otero— de cantas depuradoras se ían facer. Ben, saben vostedes que é competencia municipal, pero non o digo por dicir, porque estamos axudando aos concellos. Recoñecemos que están desbordados os concellos, que é unha materia que os desborda, porque é complexa. Pero estamos axudando, pero que axuden tamén as deputacións, estaríamos encantados, non facelo en solitario, porque teñen competencias. Pero en materia de depuradoras nas nosas rías, nós solicitamos ao secretario de Estado —que foi unha xuntanza construtiva, Hugo Morán— que, por favor, axilidade en costas. E voulle poñer un exemplo moi gráfico. No ano 2018 pedimos autorización para o emisario na depuradora de Placeres. E aínda non a temos. ¿A vostedes que lles parece, despois de mandar, e mandar e remandar, que nos pidan documentación que non vén a conto? Polo tanto, si que é imprescindible, dende logo, para avanzar no saneamento das rías, a colaboración de todas as administracións, obrigada colaboración para a axilidade administrativa.

E, señor Bará, coincido con vostede en que a auga é esencial, é básico. Ninguén dubidou, en plena pandemia, que nos faltara auga no grifo ou que a auga que pasa pola nosa billa podía ter algún tipo de problema polo covid, polo traballo de moitísima xente. Pero, dende logo, que me dea leccións de saneamento nas rías a min, ¿que quere que lle diga? Os resultados no saneamento das rías no Bipartito aí están: era financiar con fondos o sector e non a todos, a algúns, sen que mellorasen para nada as rías, nin a produción. E dende que chegamos nós, dende o ano 2009, 13,5 millóns de metros cadrados de zona de marisqueo para produción. Polo tanto, miren vostedes esa gran diferenza.



E, señor Bará, xa por pór un exemplo moi, moi pequeno, pero as cousas pequenas tamén son importantes, polo tema do saneamento e da depuración. Fala vostede de que as EDAR que xestionamos na Xunta de Galicia funcionan mal. Eu non sei se sabe que o sistema de saneamento é colector máis EDAR. Se no colector fas o que queres, claro, o fácil é botarlle a culpa á depuradora. Botamos no colector, así que infiltre, o río enteiro, a culpa é da depuradora. Polo tanto, eu creo que hai que falar con algo máis de propiedade, porque, aínda por encima que estamos axudando aos concellos a levar a súa depuradora, ¡que sexa culpa da depuradora en vez da rede de colectores!, como está demostrado que son as redes de colectores dos concellos de Nigrán e Gondomar, fundamentalmente. Si houbo algún exemplo que me trasladaba vostede. Pero soamente unha cuestión, eu logo voulle mandar un vídeo, un vídeo do colector do río Gafos, que executou o Concello de Pontevedra, que o que fixeron é algo que xa advertiamos, que é que o vertido de aquí o trasladan aquí. Entón o vertido faise aquí nunha arqueta. Xa lle dixemos e lle explicamos que iso non funciona, que hai que facer tanques de tormenta, figuras de tanques de retencións e, polo tanto, vostedes o que fixeron no río Gafos é de que o vertido, en vez de nun punto, é nun punto augas abaixo. Polo tanto, leccións de saneamento..., é un tema moi complexo que desborda os concellos e, polo tanto, eu creo que hai que falar con propiedade en materia de saneamento, que cando queiran abordamos con, especificamente, infraestruturas de saneamento, con moito gusto.

Pola miña parte nada máis e agardo ter contestado todas as súas cuestións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións. Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Dicía, señora conselleira: nós facemos accións de calado. Pois tan de calado deben de ser e as fan tan de calado e tan en silencio... porque non sabemos, a verdade, onde están todas esas obras que vostede hoxe veu anunciar aquí. *(Aplausos.)*

A verdade é que estiveron bastante calados, durante varios anos estiveron bastante calados. Vostede dicía que non cambiaran a súa actitude cando gobernaba o Partido Popular en Madrid e agora que está a gobernar o Partido Socialista. ¡Home!, a súa actitude cambiou completamente dende xuño de 2018. Ata daquela vostedes estaban totalmente calados, totalmente coas orellas gachas e asentindo a todo o que non facían desde Madrid, a todo desprezo que facían desde Madrid para coa nosa comunidade autónoma, e a partir de xuño de 2018 entráronlles as présas e todo é a pedir rápido e para xa o que non estiveron a facer durante sete anos e medio.

A verdade é que, señor Calvo, eu creo que estivemos en comparencias totalmente distintas. Porque vostede moito lle agradecía á señora conselleira —eu entendo que é o papel do Grupo Parlamentario Popular— pero, dende logo, o único que se lle pode agradecer á conselleira hoxe aquí é vir botar balóns fóra. Porque todo é culpa doutros. É culpa do Goberno central,



é culpa dos concellos, é culpa das deputacións. Ben, de tres deputacións, porque ata chegou a puntualizar esas tres deputacións que teñen costa. ¡Non vaia ser que metamos a Deputación de Ourense nalgún fregado que nos poida traer algún compromiso! *(Aplausos.)*

Mire, señor Calvo, eu o que falaba da intermodal da Coruña... eu falaba de datos e de datos reais, que están nos orzamentos xerais das distintas administracións. ¿Pódeme vostede dicir que é mentira que hai orzados no orzamento xeral do estado 18,6 millóns de euros para a intermodal da Coruña e no orzamento da Xunta de Galicia 4,5? Eu foi do que falei, non falei doutros temas, como vostede quere meter nesta comparecencia.

¡Claro!, é que volveu tamén vostede co tema do AVE a Lugo. É que xa o dixemos tanto o voceiro do Bloque Nacionalista Galego coma min. É que é dunha cara dura tremenda cando o único que o comprometeu, e volvo dicilo, porque está aí a hemeroteca, foi o propio presidente da Xunta de Galicia cando era candidato no 2009, que foi máis alá e incluso dixo que o financiaría con fondos propios.

Fala do atraso, do atraso do ferrocarril de Lugo. *(Aplausos.)* Pero é que, mire, cando chegamos ao Goberno, cando chegamos ao Goberno no ano 2018, cando chegou o Partido Socialista, non había nin un triste estudo, nin un triste proxecto para o tren de Lugo. Nada de nada. Dende logo que hai que avanzar e ese é o compromiso do Goberno central, pero non se pode facer en dous días o que non se fixo en sete anos e medio.

Vostede falaba... Mire, é que non é certo. Eu non podo permitirlle que diga que eu mentín cando dixeran que a conselleira solicitaba a reapertura da circulación pola vía de urxencia do túnel do Folgoso: declaracións da conselleira do 10 de febreiro de 2021. Por aquelas era incongruente o arranxo urxente e a apertura con todas as garantías. A iniciativa que levou o Grupo Parlamentario Popular é de data 3 de marzo de 2021. Aí puido ser que vostedes modificaran un pouco a parte resolutiva, pero as verbas da conselleira do 10 de febreiro de 2021 están aí, pedindo a reapertura urxente do túnel de Folgoso.

Mire, falaba a señora conselleira: é que o ministro antes viña a Galicia cada tres meses. ¿E de que servía? ¿Que facía nesas visitas? ¿Algún compromiso? ¿Algunha realidade? Non, porque os atrasos continuados que vostede imputa agora ao Goberno central, eses atrasos continuados viñan do Goberno presidido por Mariano Rajoy. ¿Que beneficio sacabamos os galegos e as galegas de que o ministro viñera cada tres meses a Galicia? É mellor que viñera moito menos e que comprometera obras e fixera realidade esas infraestruturas que son tan necesarias para a nosa comunidade. *(Aplausos.)*

Falaba vostede tamén dos proxectos, deses fondos europeos, como é o seu talante, poñer todo en dúbida, ¿non? Traballen, traballen coordinados, tamén coas outras administracións, para que chegue o maior número de fondos europeos, deses fondos europeos de resiliencia. Son necesarios, dende logo, para a nosa comunidade autónoma, pero vostedes saben que teñen un gran traballo por diante presentando bos proxectos que poidan ser financiados con eses fondos europeos.

Vostede tamén falaba da nova estación de buses de Ourense. ¿Pode estar orgullosa da nova estación de autobuses de Ourense? É, máis que nada, un pendello e vostede ben o sabe. E saca peito cando vostedes modificaron todo e cando ninguén está contento con esa actuación.



Fala tamén das bonificacións da peaxe da AP-9. Pero, mire, que falemos hoxe —e non me vou cansar de dicilo— desas bonificacións desa peaxe da AP-9, é porque houbo alguén que si que apostou directamente por bonificar estas peaxes; e foi ese Goberno, ese Goberno central, con eses orzamentos xerais do Estado que son os que farán realidade esta baixada das peaxes, que, por certo, tanto o Grupo Parlamentario Popular, tamén, como o BNG votaron en contra destes orzamentos xerais do Estado, que van ser os que fagan realidade (*Aplausos.*) estas bonificacións.

Mire, eu si que teño que estar moi de acordo co que dicía o señor Bará en que vostede diso da publicidade, da propaganda, a verdade, é que son uns expertos, ¡os seus cartiños lles custa tamén a todos os galegos e a todas as galegas!...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...pero, bueno, vostedes, a verdade, é que son uns expertos. Pero a nós, señora conselleira, o que nos interesa, dende logo, é a realidade dos feitos, a realidade das infraestruturas de Galicia e, ¡claro!, permítame, que vou rematar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ... dicindo que me permita que dubidemos moito das obras, dos proxectos, que hoxe vostede veu anunciar aquí, que foron poucos, e foi un copia e pega tamén do que nos dixó, ¿verdade?, na comparecencia de orzamentos, pero permítame que llo digamos coa experiencia que temos do incumprimento do Plan Move.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, teño que dicirle que non me respondeu absolutamente a nada, a ningunha das preguntas que lle formulei aquí.

E, mire, podo, podo pasar por iso, pero o que lle pido formalmente, solemnemente, nesta tribuna, é que condene os ataques violentos ao alcalde de Pontevedra, porque iso non foi unha protesta, (*Aplausos.*) iso non foi unha manifestación, non foi un boicot, foi que rodearon o coche do alcalde, que lle deron patadas, que lle deron golpes... Iso non é unha protesta, iso é violencia e teñen que condenalo, non pasa nada, veña aquí e condene iso, señora conselleira. Condene esa agresión, ese ataque violento ao alcalde de Pontevedra.

E despois, vostede veu aquí facer o papel de doutora Jekyll, o señor Feijóo fai de míster Hyde... pero non me queda claro, porque un día dáse un abrazo co señor Ábalos en Madrid, na Castellana..., que, por certo, recorda moito o abrazo con Blanco no patio do Obradoiro,



pero ese idilio durou pouco despois, non sei canto vai durar este, pero un día din unha cousa e outro día din a contraria. Así que aclárense, a ver que pasa nesta materia.

Con respecto á mobilidade, o que está posto nos documentos da Xunta de Galiza é que vos-
tedes pediron rebaixas —señora conselleira, mire para aquí, se pode— por 12,9 millóns de euros: documento presentado neste parlamento, enviado a este parlamento, estase falando de 50 millóns. Entón, vostedes pedían menos do que está... Por certo, unha rebaixa que é grazas, principalmente, ao traballo dun deputado do BNG e da negociación dun deputado do BNG (*Aplausos.*), un só deputado permitiuse chegar ata aquí e moito máis que se vai avanzar nesta materia.

Transporte público. Non temos ningún problema en falar das melloras que supón a área de transporte de Galicia. Por certo, haberá que entrar en detalle no tema do documento, que ten moitas cousas aí que traballar, que debullar. E tamén a tarxeta Xente Nova. Pero eu fágo-
lle unha proposta que estamos dispostos a pactar con vostedes e a aceptar, ¿que lle parece se aplicamos esas rebaixas a todo o estudantado galego de todos os niveis educativos ata os 30 anos? Esa é a proposta do BNG: transporte gratuíto en autobús para todo o estudantado galego menor de 30 anos en calquera etapa educativa, ¿parécelle ben? Firmamos o acordo hoxe mesmo se queren.

Con respecto ás infraestruturas e intermodais, que veña aquí citar a intermodal de Ourense, que non chega nin sequera a un apeadeiro, que é un auténtico alpendre, ¡manda truco, señora conselleira! (*Aplausos.*) Por aí non pasamos. E, claro, vostedes teñen un orzamento hipotecado en infraestruturas polas peaxes na sombra, e, claro, teñen que dedicarse a facer investimentos doutras consellerías a través da Axencia Galega de Infraestruturas. E falou aquí vostede presumindo moito do hospital de Montecelo, pero non dixo, primeiro, que é a segunda licitación, que fixeron unha no 2020 e tiveron que anulala. Polo tanto, perdemos un ano. Pero non é que perderamos un ano, é que perdemos dez, porque vostedes cando chegaron a Xunta no ano 2009 meteron nun caixón o proxecto de ampliación de Montecelo, que xa debería estar feito, ¿por que? Porque vostedes querían facer un hospital privado, Monte Carrasco, como o de Vigo. E ao final a mobilización popular e a postura do Concello de Pontevedra conseguiu paralizar esa barbaridade, e perdemos dez anos polo camiño, señora conselleira; polo tanto, non presuman disto. Por certo, dígame como van resolver as demandas que teñen os veciños comuneiros de Mourente a respecto deses terreos, que non nolo dixo.

Contratos de propaganda..., ¡claro!, díxonos vostede que fixera un vídeo do río Gafos, debe ser deste contrato que teñen aquí: elaboración de vídeos e infografías. Isto deixa quedar en mal lugar o NODO, señora conselleira, é que vostede..., eu imaxínoa a vostede alí, nunha sala como o Generalísimo, mirando as litografías e os vídeos que fan a través destes contratos: ¡sete millóns de euros en contratos para propaganda! Esta é a realidade das súas prioridades.

E, mire, remato neste minuto que me queda —un pouco máis coa xenerosidade do señor presidente que o caracteriza, (*Risos.*) isto chámase *captatio benevolentiae*, señor presidente— con propostas que traemos aquí tamén formalmente para presentarlles, para chegar a acordos, porque pensamos que este é tempo de chegar a grandes acordos en cuestións que son transcendentais e prioritarias.



A primeira é sobre o ciclo da auga e a nova cultura da auga. O BNG presentou propostas a este respecto que falan dunha estratexia galega da auga 2030, do plan das rías, do plan Galiza dos 10.000 ríos e da protección dos recursos. Do que non me falou vostede foi dos humidais e das turbeiras, que hai unha cantidade ridícula no proxecto que presentaron vostedes.

Segundo, estratexia Lei galega de mobilidade sustentable, saudable e segura —tamén unha proposta que lle traemos aquí—, que contemple todas as formas de mobilidade, non só o transporte público.

Terceiro, pacto galego pola seguridade viaria para salvar vidas. Por certo, o Plan de seguridade viaria caducou, estamos no 2021 ¿que van facer?

Cuarto, novo plan de transporte por estrada con gratuidade para todo o estudantado, como lle propuxen antes.

Quinto, defensa do ferrocarril convencional e creación do ente ferroviario galego, o Galtren. Vostedes apostaron por isto no 2010 e despois metérono nun caixón.

Sexto, AP-9, transferencia, rebaixa das peaxes pero sen renunciar a unha AP galega libre de peaxes, como levamos dicindo.

Seguinte, a Axenda urbana galega 2030, porque vostedes... e eu invítoa, porque falou aquí moito de Pontevedra, que veña a Pontevedra, que veña alí a pasar un día. Xa lle entreguei este libro no seu día, no debate da comparecencia. Non sei se tivo oportunidade de lelo, pero aquí están moitas solucións para o 70 % da poboación galega, que están sendo copiadas en todo o mundo e tamén polo Ministerio de Fomento. Polo tanto, veñan a Pontevedra e xenerosamente compartiremos as experiencias e todos os avances que alí se produciron.

E, por último, competencias, señora conselleira, pedimos máis competencias para xestionar a auga, as concas hidrográficas, as costas, o tráfico e a seguridade viaria, para ter tamén unha policía galega integral, o ferrocarril, os portos de interese xeral, etc. etc. etc.

E remato,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...todo isto é para ter unha política con máis variedade cromática, unha política verdadeiramente verde e azul, porque a súa política, señora conselleira, está pintada co gris das infraestruturas, co marrón das augas e co negro da mobilidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo.



O señor CALVO POUSO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, ter que escoitar nesta Cámara que nós non condenamos actos de violencia contra as institucións por parte dun deputado do Bloque, algunha persoa coma min, como o señor José Manuel Rey, como o señor Miguel Tellado, que nun acto de pegada tivemos que saír protexidos polos antidisturbios porque había todos os sindicatos —jah, está nun xuízo!— alí fóra... aínda estamos esperando que o Bloque Nacionalista Galego condenase eses actos. Ou como cando eramos concelleiros no Concello de Ferrol e nos prohibían, literalmente, entrar no concello. Eu estou esperando unha condena por parte de vostede.

Pero isto aínda ten máis cara, porque resulta que no pleno anterior propuxemos unha declaración institucional, a todos os grupos, de condena dos actos de violencia que estaban a ocorrer en moitas cidades, ¿sabe que pasou? que o seu Bloque e o Partido Socialista non estiveron de acordo, e esta semana —jah!, o PSOE si, perdón, o PSOE si—, na Xunta de Portavoces do martes, pasamos outra proposta condenando a violencia, explicitamente o que ocorreu no Concello de Pontevedra, e ¿saben vostedes que pasa? Que o Partido Socialista e nós estamos de acordo e vostedes non a queren condenar (*Aplausos.*), e agora pídennos a nosoutros que a condenemos, ¿pero que di, home?, ¿pero que di, home? Hai que ter un pouco de vergoña. E se non que lle expliquen ben o que pasa. Porque o Bloque Nacionalista Galego, nestes momentos, nestes intres, aínda non deu o visto bo a esa condena, na que o PP se compromete a condenar todos os actos que utilicen a violencia, incluído o de Pontevedra. ¿E saben vostedes que fan? O que lles interesa, cando lles interesa e contar unha cousa aquí e outra noutro sitio.

Por iso, ¡home!, un pouco de seriedade. Que isto de vostede está condenado e propoñemos condenalo, a ver se vostedes queren. Estoullo dicindo aquí, a ver se vostedes queren esa e máis o resto. Así que, por favor, un pouco de seriedade, que non ten moito sentido que vostede faga isto, pero ¡alá vostede, alá vostede!

Mire, quedaron algunhas cousas pendentas, como o tema das peaxes, do que se volveu falar e falou a conselleira. O traballo que leva facendo o Goberno galego dende os últimos anos é bastante serio, e a verdade é que sempre dixemos o mesmo. Decía a portavoz do partido Socialista que para que valían as reunións co ministro cada tres meses, ¡home!, pois para que entre, outras cousas, a peaxe de Rande e Barcala a pague o Ministerio e non a paguen os galegos, ¿parécelle pouco? ¿parécelle pouco simplemente ese dato? Pois, ¡carai!, foron moitos millóns de euros os que aforramos, cerca de 400 ao final do período que tiñan comprometido, cerca de 400 millóns. Xa só con iso vale a pena reunirse cada tres meses durante dez anos, só con iso, pero a verdade é que se traballaba dunha maneira moito máis fluída.

E mire, as peaxes. Xa quedou claro neste Parlamento que o primeiro que incrementou a vixencia do contrato foi o señor Touriño, a cambio de nada. Despois o PP tamén o fixo, é certo, pero a cambio de que a xente que viviamos na parte norte da provincia da Coruña, máis de 20 anos máis tarde tiveramos autopista, aínda encima o último tramo libre de peaxe. ¡Home!, podemos estar de acordo ou non, se foi xusto ou non foi xusto, pero, dende logo, foi cunha contrapartida clara, necesaria e xusta para toda a parte norte da provincia da Coruña.



Pero, mire, agora que fomos ao Parlamento, hai escasos dous meses, aprobamos por unanimidade dos partidos que teñen representación en Galicia, pero non doutros partidos, unha proposta que saía do Parlamento de Galicia. Foi o 2 de febreiro, hoxe é 23 de marzo, ata en cinco ocasións se ten pedido na Mesa do Congreso que se reactive esa proposta do Parlamento de Galicia, ata en cinco ocasións, señora Otero, cinco ocasións, e o Partido Socialista na Mesa do Congreso ten paralizada a tramitación. ¡Ata en cinco ocasións, ímolo seguir pedindo! —o Bloque alí non ten nada que ver porque non está presente na Mesa—, ata en cinco ocasións o teñen paralizado vostedes no Congreso dos Deputados, seguirémolo pedindo, non se preocupen, pero van ter que empezar a explicar moitas cousas.

E o da intermodal da Coruña vólvollo explicar. O Adif ten que facer unha serie de traballos nas vías do tren, e iso é do Adif. O compromiso da Xunta para facer a estación intermodal está cerrado co Concello. As partidas que ten a Xunta son para a construción do edificio, Adif ten que facer máis cousas. Xa en 2019 se comprometeu a licitalo, estamos no 2021 e non o fixo. E dígollo de novo: o atraso fundamental foron os catro anos anteriores, no que o Goberno da Marea —con apoios do Partido Socialista, pero o goberno de Marea— cambiou o proxecto en varias ocasións. Pregúntelles aos técnicos ou á alcaldesa do Concello da Coruña. Estará bastante de acordo coa postura que eu lle estou dicindo, bastante de acordo.

Polo tanto, o interese da Xunta de Galicia en mobilizar estas infraestruturas está claro, está claro, como demostra aquí ao lado. Cando saia hoxe fíxese, vai entrar en funcionamento inmediatamente, e quédalle por facer algo ao Concello, algo menor, que supoñemos que o fará a día de hoxe, por certo, un concello que non é do PP, para que non haxa problemas, pode vostede tamén falar co alcalde.

E remato. Remato porque é verdade, conselleira, que vostedes levan facendo un esforzo importante en infraestruturas, e tamén en tema de augas. E dicía o portavoz do Bloque Nacionalista Galego que botaba balóns fóra e que había que pedir novas competencias. Non, se o problema non está en pedir novas competencias, o problema está en desenvolver as competencias que temos. E vostedes, que gobernan en tres deputacións —non en catro, en tres—, non fan nada, e teñen competencias para iso. O único que se lles pide é: ¡oia!, colaboren, e xa está ben de botar balóns fóra e de dicir isto é cousa do PSOE. Non, isto é cousa súa —xa remato agora mesmo—, iso é cousa súa, porque se vostedes queren cambian o goberno e cambian as cousas, o que pasa é que é máis fácil... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, claro, claro, díganlle ao Partido Socialista, onde están gobernando grazas aos seus votos, que tome en serio as cousas que están afectando a Galicia. O que pasa é que o que vostedes queren é conservar o sillón e protestar para que ninguén lles diga nada. E non se pode sorber e respirar ao mesmo tempo, porque os problemas son claros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para a quenda de dúplica e rematar este debate, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Señorías, é certo que non resulta doado nun tempo tan acoutado explicar en detalle cada unha das liñas, das actuacións e das accións e iniciativas que queremos desenvolver e que temos previsto desenvolver nesta lexislatura. Expuxen as liñas xerais, condicionadas ás circunstancias moi extraordinarias e difíciles nas que estamos pero, dende logo, nós seguiremos traballando intensamente nesta complicada tarefa de xestionar na Administración pública, na pandemia na que nos atopamos, e o traballo feito e o que queda por diante é grazas tamén a todos os traballadores da consellería. Eu aproveito para agradecerlles o traballo feito e, sobre todo, o traballo —por suposto que titánico— que queda por diante, para seguir aprofundando nas liñas e iniciativas que temos previsto desenvolver ao longo da lexislatura, que teremos outras moitas oportunidades de seguir detallando polo miúdo cada unha delas.

Na miña intervención eu creo que quedaron claros os tres piares básicos nos que estamos a traballar: a mobilidade, as infraestruturas e a xestión da auga. Son tres piares fundamentais, pero a mobilidade creo que quedou meridianamente claro que é preferente. A mobilidade ocupa un lugar protagonista nas accións desta consellería e, sobre todo, no resto da lexislatura. Estou a falar da mobilidade nun sentido amplo da palabra, a mobilidade en verde, a mobilidade máis económica, a mobilidade saudable, a mobilidade segura e a mobilidade áxil e competitiva. Unha mobilidade menos contaminante, fomentando o transporte público, e a constitución da área de transporte de Galicia é un fito importante, pois leva moitísimas vantaxes e moitísimas oportunidades aos galegos, que así terán as mesmas vantaxes vivan onde vivan. A extensión da tarxeta Xente Nova para os menores de 21 anos tamén é importante. A partir de maio todos os mozos de menos de 21 anos en Galicia poderán utilizar o bus da Xunta de Galicia de xeito gratuíto. E a posta en marcha require un tempo prudencial para ir axustando e atendendo as demandas axustadas á realidade. Desde logo que é un esforzo titánico, non sei por que o dubidan, porque, desde logo, foino e ségueo sendo.

Eu falo dunha mobilidade económica, unha mobilidade económica porque hai dificultades, hai moitas dificultades nas familias como consecuencia da pandemia, e creo que debemos —as administracións públicas— facer ese esforzo para que teñan menos gastos as familias no que respecta á súa mobilidade. Por iso as accións que propuxemos hoxe: a área de transporte, a Xente Nova, e tamén as iniciativas das que falaban vostedes no ano 2017 como desfeita: o bus compartido e transporte a demanda, desde logo, son iniciativas importantísimas para desenvolver a mobilidade do noso rural.

Tamén a conxelación ou a baixada das peaxes, pensando na economía familiar, é unha das accións do Goberno da Xunta de Galicia, e en canto ás bonificacións dos autobuses da Xunta de Galicia, que son os interurbanos, nós, desde logo, mans abertas se os autobuses urbanos tamén fan e implantan iniciativas similares.

E o transporte público tamén é o tren. O tren é un modo de transporte e, dende logo, vemos como os usuarios están sufrindo deficiencias no servizo e nas frecuencias, como usuarios de tren que se ven prexudicados como consecuencia desa minoración de servizos amparándose na escusa da crise sanitaria, servizos que saben que corresponden ao Goberno de España.



Con respecto á chegada do AVE, que é un factor tamén fundamental para a mellora da mobilidade, agardamos que sexa con todas as garantías de seguridade. O tempo dá e quita razóns e, polo tanto, o tempo dirá cando poderemos coller ese tren de alta velocidade. Tan importante en infraestrutura, como tamén o tipo de tren, é o material rodante. Agardaremos a ver que di o tempo e, de non ser así, seguiremos defendendo, como viñemos facendo sempre, agora e antes, defendendo os intereses de Galicia.

Sobre o AVE a Lugo, eu volvo insistir en que creo que as medidas anunciadas recentemente a bombo e platillo, para nós rozan o insulto. Dende logo, reducir a metade do investimento, desde logo, desprezar unha redución de máis de 20 minutos, non podemos admitilo e, polo tanto, non é un anuncio, ese si que non é un anuncio para sacar peito, que aquí si que sacou peito vostede con ese anuncio da alta velocidade a Lugo, que son rebaixas, atrasos e recortes.

A mobilidade sustentable e saudable é tamén importante; aí están os plans de sendas que estamos a impulsar, que son imprescindibles, coa etiqueta de seguro, porque non soamente queremos unha mobilidade sostible senón tamén segura, e por iso as nosas sendas se deseñan con esa etiqueta de seguras, porque a seguridade viaria é imprescindible.

Seguiremos redobrando esforzos para mellorar as vías de alta capacidade, tamén para a mellora das estradas, dos 5.500 quilómetros de estradas sobre os que temos competencias a Xunta de Galicia. Nos firmes..., os firmes tamén son fundamentais para a seguridade viaria. E non son grandes actuacións nin grandes investimentos, eu invito o Partido Socialista a que recorra autovías competencias do Estado. A A-52: eu fun hai pouco anunciar unha licitación, unha licitación dun reforzo de firme na provincia de Ourense, e o certo é que cando fun pola A-52, dende logo, botei as mans á cabeza polo estado de conservación.

Polo tanto, gustaríanos que nos axudaran a eses reforzos de firme nas nacionais, nas autovías, aquí en Galicia, un pouco de sensibilidade nese tipo de investimentos que consideramos imprescindibles para a seguridade viaria.

A mobilidade áxil tamén é importante. Aí o papel fundamental é o das estacións intermodais, a pesar de que lles pese. As estacións intermodais que están agora en servizo é grazas á Xunta de Galicia; foi a Xunta de Galicia quen abriu a porta da intermodalidade en Galicia. Pola nosa acción, a pesar da inacción do Goberno de España, pero é que é así. É unha evidencia. Volvo dicir, a intermodal de Ourense, o 97 % de todo o que resta por facer é do Goberno de España, e é onde están as críticas, ademais. Polo tanto, eu invítoos a que soliciten esa comisión de seguimento imprescindible en Ourense.

A mobilidade competitiva tamén é obvio que é imprescindible; mobilidade competitiva, esencial. E na competitividade en Galicia é fundamental a AP-9, a AP-9, que ten —como dixen antes— o triste honor de ser a autoestrada que máis subiu a principios deste ano e, polo tanto, hai que seguir afondando nesta proposta de bonificacións. Na competitividade tamén é importante o corredor atlántico de mercadorías, ten unha transcendencia estratégica. E aí son dúas actuacións fundamentais: unha máis a curto prazo, de xeito inmediato, que é o tren a Langosteira; outra, a saída sur e a conexión con Portugal, que tamén é unha



actuación fundamental, de máis longo percorrido. Pero, dende logo, o tren a Langosteira que se licite xa, porque non hai escusa para que non se teña licitado.

As pontes de diálogo claro que seguen abertas, o diálogo e a cooperación é por si sempre positivo, pero temos moito traballo por diante, non podemos permitírnos perder máis tempo, resignarnos e calar por moitas cousas que, sobre todo, vemos, e máis aínda coa escusa da pandemia. A oportunidade dos fondos europeos por suposto que é única, e obríganos ás administracións a traballar con máis intensidade, se cabe, para investir estes fondos europeos canto antes. Porque a economía o necesita e o precisa —xa o dixen ao principio da miña intervención— e as administracións públicas somos máis necesarias que nunca para a súa axilidade e a materialización deses fondos europeos.

En materia de xestión de auga, xa o dixen: 180 millóns de euros en execución ou en tramitación por parte de Augas de Galicia para sanear as rías. É incuestionable, é unha materia —volvo insistir— competencia municipal, pero que desborda os concellos, porque é complexa, e eu non sei por que terxiversan as miñas verbas: 180 millóns de euros que estamos mobilizando nas rías. E falando de rías, eu que teña que dicir que a Deputación de Ourense financie as rías, a min sorpréndeme, ¿non saben vostedes onde está no mapa? Se falamos de saneamento das rías, se falamos de saneamento nas rías..., ¿que queren vostedes que diga eu? A Deputación de Pontevedra, a Deputación de Ourense, a Deputación de Lugo, que están nas rías, que teñen costa, pois gustaríanos, pero gustaríanos que non asuman a competencia, jollo!, que colaboren coa Xunta de Galicia, pedimos colaboración, porque sumando chegamos máis lonxe (*Aplausos.*), simplemente iso, sumando chegamos máis lonxe.

E agardo que na profesionalización da xestión e explotación das infraestruturas hidráulicas, dos sistemas de abastecemento e saneamento, agardo esa colaboración e implicación das deputacións, de todas, para conseguir, sumando e traballando xuntos, chegar máis lonxe.

Pola miña parte nada máis. Como dicía, tres piares fundamentais: mobilidade, infraestrutura e xestión da auga. Mobilidade verde, económica, segura, áxil, competitiva e infraestruturas sanitarias imprescindibles, á que non fixeron mención ningunha, salvo algunha cuestión o señor Bará, que non podo compartir. E, dende logo, unha mellor xestión da auga porque, dende logo, a auga —si que o comparto con vostede, señor Bará— é imprescindible.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto terceiro da orde da día. Mocións.

Moción do G.P. dos Socialista de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«1. Impulsar, no seo do Observatorio galego de dinamización demográfica, a creación dun grupo de traballo específico para abordar a soidade non desexada en Galiza co obxectivo de recompilar, analizar e difundir información en relación a este fenómeno así como formular propostas e recomendacións ao respecto.

2. Enviar á Cámara, á maior brevidade, a Estratexia Galega de Atención á Soidade non desexada para o seu debate e tramitación no Parlamento de acordo co previsto nos artigos 140 e 141 do Regulamento da Cámara.»

Para formular a moción, ten a palabra a señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

A soidade, cando se elixe, pode transformarse na máxima expresión de liberdade, pero cando se impón pode supoñer un dos factores preditores que prexudican a propia saúde mental e física.

A percepción negativa da soidade non afecta a todas as persoas que viven soas, pero tam pouco se limita só aos fogares unipersoais. Hai uns días, amenciamos cunha desas noticias que deixan sen palabras: a policía de Mugardos descubrira unha muller que levaba dous anos falecida no seu propio domicilio; decatáronse pola retirada do seu vehículo estacionado nunha rúa pendente de obras. Non é a primeira nin será a última persoa que falece, por desgraza, soa no seu domicilio sen que ninguén a bote en falta durante días, semanas ou anos, como neste último caso.

280.000 persoas viven soas en Galicia, delas máis de 126.000 teñen máis de 65 anos. E na última lexislatura do Goberno galego do Partido Popular as persoas maiores de 65 que viven soas aumentaron en 11 puntos o seu risco de pobreza, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística. Trátase dun tema absolutamente relevante. Máis aínda tras as consecuencias derivadas das restricións de contención do virus da covid para conter a propia pandemia.

Tema, como digo, moi relevante, que precisa da acción do Goberno, neste caso do Partido Popular, que sustenta a Xunta de Galicia, e ostenta competencias en saúde e política sociais durante catro lexislaturas consecutivas. Por iso, debera ter un plan de acción estudado despois de anunciálo hai case dous anos tras un acordo nesta Cámara a instancias do noso grupo, do Partido Socialista, e non deberan agardar a nosa interpelación para que a conse-



lleira improvise unha suposta exclusiva do anuncio dun plan no que os axentes implicados non teñen coñecemento algún, e bota man, por exemplo, de servizos existentes e dependentes, a maioría, do catálogo dos servizos da chamada Lei de dependencia, que implantou, por certo, o Goberno socialista, ou de servizos que inclúen o copago do usuario e das propias arcas municipais, e que en todo caso xa existen desde hai anos, incluso décadas, facendo alarde, como sempre digo, do *eu invito e ti pagas*.

Débese, polo tanto, tomar o temón nesta materia, e abordar un plan urxente e serio para a soidade non desexada, incorporando como base un observatorio galego da soidade que analice, estude e propoña sobre a cuestión sen improvisación nin ocorrencias de última hora.

O certo é que a xeración de persoas que hoxe teñen máis de 60 anos nunca imaxinaron o panorama actual. Cando o máis habitual sempre foi coñecer o veciño, as súas orixes, *de quen viña sendo*, cal era a súa ocupación, costumes, charlar no descansillo de xeito habitual, así como interesarse polos seus, hoxe en día as cousas están mudando cada vez máis. E, realmente, non somos conscientes de por que ou en que momento caeu a nosa interacción directa coa comunidade social máis próxima. Pero o certo é que a sociedade cada vez se torna máis individualista, e a perda do sentido comunitario afecta directamente a saúde da nosa sociedade. De feito, dos estudos existentes extráense evidencias que relacionan a soidade non desexada con consecuencias negativas para a saúde física e mental. En concreto, un dos factores causais da demencia podería ser a soidade non desexada. Así o conclúe o grupo do Departamento de Psiquiatría da Universidade Autónoma de Madrid, que compara estatisticamente o efecto da soidade non desexada na demencia co risco que conleva na mesma a diabetes ou a propia inactividade física.

Tendo en conta que as evidencias existentes corresponden á etapa precovid, hai que implicarse aínda máis nesta cuestión, agravada polo paso dunha pandemia sen precedentes. Aos problemas da soidade non desexada uníronse os derivados das restricións motivadas pola covid. Este feito fixo transparente unha realidade tabú ata hai pouco tempo, e da que é preciso falar, estudar e abordar desde unha perspectiva transversal. Pero tamén é certo que, de grandes crises coma esta, a maioría das persoas sacaron o mellor de si mesmas, visibilizando esta cuestión.

Así chegou a pandemia, e con ela o confinamento, e nos nosos edificios ou comunidades atopámonos con mensaxes nos ascensores onde os nosos veciños e veciñas ofrecían axuda a quen o máis precisaba, facendo a compra ou así mesmo acudindo á farmacia, por exemplo. A pandemia sacou o mellor da maioría das persoas. A covid-19 foi ese duro golpe de realidade que nos lembrou que non podemos vivir á marxe uns dos outros, e que o individualismo nos fai menos felices no individual e menos capaces ante os retos colectivos. As tendencias individualistas implican un sentimento de soidade non desexada para moitas persoas. As 126.000 persoas maiores que viven soas hoxe en Galicia incrementaranse de forma intensa nos próximos anos, e todo iso unido a un cambio substancial na nova estrutura de unidade familiar, xa que os que serán maiores de 65 anos dentro de 20 anos, por exemplo, serán xeracións con menos fillos ou familia directa que poidan estar pendentes deles. Máis que nunca precisamos volver mirarnos aos ollos, volver interesarnos polo noso veciño ou veciña, volver saber do seu día a día, dos seus costumes ou rutinas, volver falar no ascensor ou á vez que a nosa veciña nos poida contar orgullosa que estudos estuda o seu neto ou neta.



A Administración autonómica ten que dar un gran salto nesta materia e afrontar o reto con valentía e amparada no coñecemento do ámbito universitario e de investigación, para facer un bo diagnóstico e abordar os retos.

En Galicia, onde a elevada esperanza de vida é un triunfo de todos, debemos expornos tamén se é un triunfo da sociedade cuestionado pola falta de vínculos, como titulou Dolores Puga no Informe Foesa do CESIF. Recoñezamos un problema que marca o día a día a miles de persoas en Galicia, e abordemos esta materia pendente, que, sen dúbida, é un reto complexo.

Desde o Grupo Socialista propoñemos ao Goberno que sustenta a Xunta de Galicia que se promova un observatorio galego específico sobre a soidade non desexada, coordinado co ámbito universitario e da investigación, así como cos axentes sociais implicados, para detectar a cantas persoas afecta este problema en Galicia, cales son os perfís e características, diferenzas entre ámbito urbano e rural, e así poder ter unha radiografía do que está a suceder neste contexto. Promover un plan galego inmediato, adaptado segundo os resultados do observatorio, e xestionado coa colaboración do ámbito local e os axentes sociais implicados, dotando os concellos dos recursos económicos precisos para desenvolver o dito plan, coordinado a través da Xunta de Galicia, e en colaboración de todas as forzas representativas nesta Cámara.

O dito plan debera ser xestionado a través de equipos multidisciplinares, as administracións locais deben xogar un papel fundamental para iniciar plans comunitarios adaptados a cada territorio, que dinamicen a socialización e vinculen o arraigo dos contactos sociais próximos cos recursos específicos e comúns apoiados nos avances tecnolóxicos, nos cales o propio equipo multidisciplinar poña en común a dita información, para evitar en última instancia o desenlace máis extremo desta realidade, como o xa comentado: o de persoas que permanecen días, meses e incluso anos falecidas nos seus domicilios sen que ninguén se percate. En definitiva, executar o poder da prevención mediante niveis de alerta e seguimento.

Señorías, a soidade non desexada pode camiñar da man dos problemas da saúde mental, e non é un tema menor, aínda que algún deputado do Partido Popular no Congreso menospreciara lamentablemente este asunto (*Aplausos.*), que entendo que os aquí presentes, aínda pertencentes ao mesmo partido, estarán avergoñados, e entendo que así o deberan aclarar publicamente.

Pero o tema da saúde mental aféctanos e moito. ¿Por que? Porque xa somos dos países que máis psicofármacos consumimos, que a covid pasou e pasará factura emocionalmente, e veremos a dimensión da cuestión do tempo, e dependendo de como actuemos. Que cada día no noso país dez persoas se suicidan e duascentas o intentan, polo que esta é a primeira causa de morte non natural no noso país, case duplicando os accidentes de tráfico. Que a soidade non desexada está relacionada con problemas de saúde física e mental, e agravado polo impacto da covid.

Polo tanto, rompamos o tabú, recoñezamos esta realidade e falemos claro para chegar a un gran acordo nesta materia.

Grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós coincidimos co Partido Socialista en que esta é unha cuestión importante, que afecta a moitísimas persoas no noso país, a soidade non desexada. A señora Ortega, na súa intervención, facía referencia a algúns dos datos que coñecemos polo Instituto Galego de Estatística, falaba desas máis de 238.000 persoas que viven soas nos seus fogares, das cales máis de 122.000 son persoas maiores de 65 anos, e de entre elas o 62,73 % son mulleres. Temos, necesariamente, que abordar a realidade da soidade non desexada no noso país tamén cunha perspectiva de xénero, como todo.

E o primeiro que queríamos dicir, desde o BNG, é que, efectivamente, aquí houbo un acordo que impulsou a deputada Noela Blanco no ano 2019 por parte do Grupo Socialista, e que unha das primeiras cuestións que urxía e exixía á Xunta de Galiza era elaborar un censo de persoas que viven en soidade, e aquelas que viven, ademais, nunha soidade non desexada, tamén para poder afondar moito máis no perfil de cales son as situacións sociais, económicas e persoais que temos, dentro desa enorme cantidade de persoas que viven soas. Iso é algo que está pendente, que aínda non foi culminado, que se saiba, pola Xunta de Galiza, ou que, polo menos, esta Cámara ata o momento non o coñecemos.

A soidade, efectivamente, é un dos maiores riscos —di a Organización Mundial da Saúde— para a deterioración das persoas, é un factor determinante que favorece a aparición de situacións de dependencia. Iso é o que nos di a Organización Mundial da Saúde, antes, como dicía a señora Ortega, da covid-19, e é unha situación que, efectivamente, vén a agravar, ou sobre a que vén afondar esta pandemia, e, especificamente, todas as restricións que se tiveron que adoptar no marco desta enorme crise sanitaria para frear o avance do virus.

Lembremos que a comezos do ano 2020, cando se decretou a emerxencia sanitaria e o estado de alarma, pecháronse, por exemplo, os centros de día, tamén foron clausurados os centros sociais e comunitarios, aplicáronse ao longo do último ano peches perimetrais, algunhas das medidas están aínda hoxe en vigor, impuxéronse restricións ao contacto entre persoas non conviventes, existe, e está en vigor aínda hoxe, esa limitación ao contacto con persoas coas que non convivimos, e non foi ata esta segunda onda, e xa entrados no ano 2021, cando a Xunta, nas distintas publicacións do *Diario Oficial de Galicia*, contemplou a posibilidade de que as persoas que viven soas puidesen facer parte ou unirse a unha unidade de convivencia estable aínda que non foran persoas coas que viven todos os días.

Hoxe é case imposible, por exemplo, ver o noso médico de cabeceira, porque se substitúen as consultas por ese seguimento telemático. Agora o que se nos presenta, e que se quiere



instalar xa coma unha normalidade absoluta, son as videoconferencias, nun país que, non sobra dicir, ten unha conectividade bastante pésima e bastante precaria, xa non digamos moitas veces a falta de capacidade e de coñecementos para poder afrontar unha videochamada, ou utilizar a tecnoloxía como unha ferramenta do noso día a día para desenvolver algo tan básico como poder ter un encontro co noso médico ou médica de cabeceira. Facemos desde o BNG referencia a isto porque tamén debe ser analizada cunha perspectiva, cunha ollada, que teña en conta a pandemia como un elemento que veu afondar —insisto— nunha realidade que non é, en todo caso, nova.

Por iso nós coincidimos co Partido Socialista en que é necesario facer unha abordaxe integral desta realidade, da soidade non desexada, pero que ten que ser, esa abordaxe integral, dentro dun modelo de coidados que sexa concibido na súa totalidade.

Dicímolo sempre desde o BNG, non podemos compartimentar. Eu non coincido neste caso con algo que dicía a señora Ortega. Efectivamente, a abordaxe da soidade non desexada pasa polo servizo de axuda no fogar, pasa pola teleasistencia, polo Xantar na Casa, polos servizos que xa existen. Se é que non hai que inventar a roda tampouco con todo, senón afondar nun modelo de coidados que, insistimos desde o BNG e témolo dito moitas veces, pasa por adaptalo á realidade que temos no noso país, que é un incremento —e iso é motivo de orgullo e de ledicia— da esperanza de vida, pero que necesariamente ten que ser enfocado cara a un coidado de longa duración, que poña no centro as persoas e a súa permanencia o máximo tempo posible nos domicilios, e para iso hai que desprezar toda unha rede de servizos públicos fortes, de proximidade, e que se adapte —insisto— á realidade demográfica que existe hoxe xa no noso país. *(Aplausos.)*

Hai que reforzar, hai que mellorar e ampliar servizos públicos que xa existen, sociais e comunitarios, crear rede, crear comunidade, crear tribu, que diría Manuel María. E especialmente nas cidades, rompendo tamén moitos falsos mitos, porque ás veces eu teño a impresión de que nos vemos a nós colectivamente, como pobo, como estranxeiros, como se nos vísamos desde fóra. Hai unha rede moitísimo máis forte, máis comunitaria, de maior contacto persoal nas aldeas que moitas veces neses grandes bloques de edificios nos que vivimos 50 ou 60 persoas, pero que non temos ningún tipo de relación ou contacto entre nós.

Eu díxeno aquí nalgunha ocasión, eu síntome menos illada na Ribeira de Piquín, con todas as dificultades, que no centro de Lugo. Hai que aplicar tecnoloxía e innovación a ese novo modelo de contactos. A teleasistencia é un elemento clave, e hoxe en día no noso país hai un grao de cobertura que é pírrico e está moi lonxe de poder sacar peito ningún Goberno, a Xunta de Galiza moito menos, dese grao de cobertura. *(Aplausos.)*

Na resposta que lle daba na interpelación á señora Ortega a conselleira, falaba de que hoxe en día hai máis de 7.000 persoas que teñen acceso a este servizo de teleasistencia. Nun país como Galiza, onde temos máis de 67.000 persoas cun grao de dependencia recoñecido, ¡7.000 persoas!. E é que, ademais, eu quero pensar que se equivocou, porque na memoria correspondente ao 2019 da Consellería de Política Social falábase de 8.373 persoas, 1.300 menos estaba dicindo aquí a conselleira, e eu quero pensar que foi un erro, unha mala transcripción ao papel. Sexa como for, o grao —insisto— é absolutamente pírrico só se temos en conta



esas 67.000 persoas que hoxe teñen un grao de dependencia recoñecido. Pero insistindo en que hai moitas máis persoas maiores de 65 anos que viven soas e que aínda non son dependentes, e aí é onde hai que actuar. Temos que ter unha visión que vaia máis alá de reaccionar ás situacións que nos veñen sobrevidas e que nos exixen anticipación, que nos exixe, neste caso, poñer á disposición das persoas maiores ao longo da súa propia evolución, a de todas e todos nós, os distintos servizos que poidan ir facendo seguimento, acompañamento e monitorizando tamén para poder previr esas situacións de dependencia e ir adaptando os servizos ás necesidades que a medida que imos aumentando en anos imos necesitando todas e todos nós.

Reforzar e dignificar o Servizo de Axuda no Fogar —dicímolo sempre—, ese é un elemento fundamental para o novo modelo de cuidados que debe existir no noso país, e ir completando con outros servizos de proximidade como ese Xantar na Casa, que hoxe chega —e volvo aos datos que daba a conselleira na súa interpelación— a 1.600 usuarios e usuarias —dicía—, pero é que en 2018 —hai 3 anos— eran 1.300. Quero dicir, aquí a Xunta de Galiza está instalada non sei se na inercia, no piloto automático ou na comodidade máis absoluta. Véñese aquí e con tal de poder dicir 1.300, 1.200 persoas, xa chega; hai unha autocompracencia para unha forza política, como o PP, que leva 12 anos gobernando a Xunta de Galiza neste país, que eu, ¿que queren que lles diga?, ás veces unha non sabe que pensar. Insisto, hai máis de 67.000 persoas que teñen un grao de dependencia recoñecida e usuarias do servizo de Xantar na Casa son 1.600 persoas. E atreveríame a dicir, a falta dun coñecemento máis debullado, máis polo miúdo, que a inmensa maioría seguramente sexan homes.

Nós insistimos, cremos que é importante esa estratexia, que é importante abordar de maneira integral a realidade da soidade non desexada no noso país, e nesa liña van un pouco as emendas que presentamos. Presentámolas como unha emenda de substitución con todo o ánimo de poder chegar a un acordo e entendemento, pero ao final modificabamos tanto a parte resolutiva que entendiamos que o máis correcto tamén, pola propia dinámica parlamentaria, era presentar unha emenda de substitución, que vai en dous sentidos. Nós coincidimos na necesidade de crear un espazo de traballo colectivo, de traballo interdisciplinar, que poida achegar información, que poida mellorar o coñecemento que temos sobre esta realidade. Pero cremos que o espazo, que xa é unha realidade que existe hoxe, onde máis acaído sería crear ese grupo de traballo é dentro do Observatorio de Impulso Demográfico. O propio decreto de creación deste observatorio prevé que se poidan crear grupos de traballo *ad hoc* para tratar temas en concreto, aos que poder convidar persoas que non fagan parte de maneira permanente do Observatorio aínda que sexa sen posibilidade de poder votar. Parécenos que o espazo, máis que disgregar, máis que separar, máis que crear máis e máis espazos, é aproveitar de maneira eficaz e eficiente os que temos. E que, ademais, dan moi bo resultado, que eu creo que aí coincidiremos todas e todos.

E, en segundo lugar, o que nós propoñemos é que se tramite esa estratexia que anunciaba a conselleira de Política Social, que nos próximos días —dicía naquel momento— xa sería unha realidade que sería pública. Bueno, pasaron quince e nada máis se soubo dela. Pois que se remita a esta Cámara para a súa tramitación coa menor brevidade posible para que sexa tramitada do mesmo xeito —para entendernos— que se fixo coa tramitación do Plan forestal. Que todas e todos poidamos facer aportacións, achegas, e incorporar tamén as nosas



propostas a esa estratexia, que, insisto, ten que estar e facer parte dese novo modelo de coitados.

Dicía —e con isto remato, presidente— a conselleira que esa estratexia era única, absolutamente única —dicía— en España. E eu estes días, repasando, efectivamente... vale que Barcelona é Cataluña, e Cataluña non é España, vale que Guipúscoa e Biscaia son Euskadi e Euskadi non é España, ¡pero Madrid! (*Aplausos.*) ¡Madrid, señorías!, «*Madrid es España dentro de España*», que di a nova lei da intelectual da dereita Díaz Ayuso. Pois, efectivamente, hai máis sitios que xa están traballando neste aspecto e que a Xunta de Galiza, demorando todo tanto, ao final o que vai facer é que Galiza, que debera ser vangarda, quede atrás.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, permítanme que empece por algo polo que lamento ter que empezar —dígoo de verdade— pero, señora Ortega, repetiu vostede hoxe un dato —que tamén facilitou hai quince días durante a interpelación da conselleira— no que dicía que a taxa de risco de pobreza entre os maiores de 65 anos na última lexislatura medrara en 11 puntos, segundo os datos do IGE. Eu hoxe fun á páxina do IGE, e gustaríame saber como 7 décimas se converten en 11 puntos, sinceramente, gustaríame sabelo, salvo que haxa en Galicia outro IGE e eu o descoñeza. Porque me parece que cando falamos de temas serios debemos de tomalos en serio, e resulta moi difícil chegar a acordos e que alcancemos puntos de encontro se directamente se falsean os datos ou se utilizan dunha maneira absolutamente torticeira.

E lamento ter que empezar así porque noutras cuestións que escoitei hoxe aquí eu creo que todos podemos coincidir. E coincidimos en que, tras décadas de incuestionables avances médicos e científicos que erradicaron terribles enfermidades, sexa a nosa xeración a quen lle corresponda combater unha nova patoloxía de carácter social, que se estende dunha maneira tan importante que algúns expertos non dubidan en cualificala xa de pandemia e da que hoxe falamos, que é esa soidade non desexada. Porque o certo é que nos últimos corenta anos a esperanza media dos galegos se incrementou en dez anos. E eu creo que ese é un logro histórico que invita ao optimismo fronte, por certo, a outros apóstolos do catastrofismo, ¿verdade? Porque é un logro, basicamente, dos descubrimentos que se produciron nas sociedades occidentais, nas sociedades democráticas, e que acreditan aquel adaxio de Churchill cando dicía que a democracia é o peor sistema de goberno deseñado polo ser humano, con excepción de todos os demais. Pero, como todo logro histórico e como toda nova realidade, precisa dunha adaptación social a esa nova realidade derivada deses avances e dos novos problemas asociados a ela. Porque temos unha sociedade máis envellecida, iso é certo, e incluso temos unha sociedade un tanto paradoxal, porque, cos maiores medios de comunicación e posibi-



lidades de comunicación da historia do ser humano, aumenta día a día a sensación de soidade. Ás veces —diciáo a señora Rodil— polo despoboamento no rural e pola perda de veciños e demais, pero ás veces tamén pola deshumanización das contornas urbanas.

O Goberno galego é plenamente consciente desa realidade e por iso se aliña, traballando xunto co terceiro sector e cos concellos, no desenvolvemento dunha estratexia contra a soidade non desexada. Unha soidade que... a pandemia da covid agravou ese sentimento de soidade na sociedade, mais tamén aportou novas ensinanzas que foron incorporadas a esta estratexia, que, como anunciou a conselleira na súa interpelación, será presentada nos vindeiros días. Un traballo longo, complexo e que non se improvisa en función dunha iniciativa parlamentaria. Eu lamento ter que desilusionalas pero ultimamente está moi de moda a falacia da falsa causalidade no Parlamento galego, posto que *ergo propter hoc*: como anuncian a estratexia despois da nosa iniciativa, a estratexia é froito da nosa iniciativa. E eu teño que desmentila, señora Ortega, porque todos os deputados desta Cámara sabemos que o galo canta antes de amencer, pero, polo menos os do Grupo Popular, tamén sabemos que o sol non sae porque cante o galo. E creo que nisto deberíamos coincidir todos.

Eu creo que os galegos entenderán os motivos do atraso na presentación desta estratexia porque entenden que as súas prioridades, as dos galegos, tamén deben de ser as prioridades de goberno. E nestes meses a prioridade máxima foi a loita contra a pandemia; e no caso, ademais, da Consellería de Política Social, a atención, a dura situación vivida nalgunhas residencias galegas por mor da covid e nos labores de prevención que evitaron esa situación noutras moitas residencias máis. Pero, ¡home!, eu respecto a este atraso teño que dicir que outros, ¿verdade?, tamén fixeron anuncios similares en datas similares e non parece que leven os avances que si leva a Administración galega: «Anuncio que el Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social ultima una estrategia nacional contra la soledad no deseada. Y para ponerla en marcha hemos constituido un foro con el tercer sector para terminar de definir el proyecto», palabras da señora Orte, directora xeral do Imsero, o 28 de novembro de 2018. Afirmacións que foron despois ratificadas pola señora Carcedo, entón ministra de Sanidade: «El Imsero está desarrollando dos líneas de trabajo para la dimensión social del envejecimiento, la Estrategia nacional para el envejecimiento activo y la Estrategia nacional para la prevención de la soledad no deseada», outubro de 2019. Ou en decembro de 2019: «Ha informado de la Estrategia nacional de lucha contra la soledad no deseada de las personas mayores. Para su elaboración el ministerio quiere contar con todas aquellas entidades y asociaciones de personas mayores que guardan relación con la cuestión de la soledad». Compromiso que foi ratificado tamén polo presidente Sánchez: «y, por último, vamos a actuar ante una problemática creciente en nuestras calles y que afecta a nuestros mayores singularmente, y es aprobar una estrategia frente a la soledad no deseada», discurso de investidura, 4 de xaneiro de 2020.

¡Home!, as afirmacións que se fixeron por parte de responsables do Partido Popular de Galicia son bastante máis recentes. Pero eu teño que dicir, aínda que a pandemia atrasara, porque nos tiñamos que centrar nos problemas da pandemia, que o urxente non fixo que nos esqueceramos de cuestións tan importantes como deseñar esta estratexia, porque era un compromiso do programa electoral do Partido Popular de Galicia, porque foi establecido como prioridade no discurso de investidura do presidente Feijóo e porque está a punto de concretarse, como o anunciou a conselleira de Política Social na súa comparecencia do pasado Pleno.



Señorías, estamos a falar dunha estratexia que xorde da colaboración de moitas persoas e organizacións. E eu creo que entenderán que, por respecto a eles, non imos condicionar nin deturpar o seu traballo establecendo, con escasos días de antelación, posibles medidas que, entendemos, deberían ser valoradas e acordadas polos seus actores. E o que si lles digo é que, despois de escoitalas e de escoitar as súas razóns e propostas, eu creo que estou razoablemente convencido de que a estratexia os vai satisfacer plenamente, e non dubiden de que, se teñen novas aportacións que facer á mesma, terán ocasión de facelas.

Trátase dunha estratexia que se basea en cinco liñas principais, cinco liñas compartidas pola Xunta de Galicia, polos representantes do terceiro sector, e tamén polos representantes do municipalismo galego e que nós esperamos que tamén sexan compartidas por vostedes: prevención, detección, intervención, visibilización e cooperación entre as distintas administracións.

Se, como eu agardo, vostedes teñen a vontade de colaborar a mellorar a estratexia e os instrumentos que dela se deriven, eu voume permitir, con toda modestia, suxerir un ámbito de colaboración, que creo que sería moi desexable para todos, porque poderíamos intentar que o Goberno do Estado contribuíse tamén a esa estratexia, polo menos mentres non faga unha presentación desa estratexia nacional que ten anunciada dende bastante antes que a Xunta, pero da que todavía non coñecemos nada. E como sei que nesta semana o presidente Feijóo vai recibir a señora Pontón e o señor Caballero, pois eu creo que sería interesante que nesa xuntanza se plasmase un compromiso de colaboración certa para reclamar os 200 millóns do IVE que temos pendente de recibir os galegos, os 170 millóns dos incentivos polo cumprimento dos obxectivos económicos, os máis de 100 millóns en políticas de emprego, ou os máis de 36 millóns que perdemos respecto ao que nos correspondía no fondo covid. Porque creo que sería unha maneira interesante de liberar recursos que poderíamos adicar a esta estratexia e á loita contra a soidade non compartida. Se consideran que este non é o instrumento, poderíamos intentar reclamar conxuntamente esa aportación do 50 % do Estado para a dependencia, porque sería unha inxección importante que recibiríamos anualmente, eses 200 millóns de menos que vimos recibindo, 170 se, efectivamente, se cumpre o compromiso do vicepresidente —exvicepresidente— candidato que comprometeu esa aportación. Esperemos que así sexa. E se non, tamén acordar reclamar unha partida específica namentres non se aprobe esa estratexia nacional. Se isto se produce eu estou disposto a aceptar leccións sobre *eu invito e ti pagas*, pero namentres permitiranme que sexa un tanto escéptico respecto a ese tipo de leccións.

E, por último, xa que estamos e nos pedía que nos posicionásemos sobre as desafortunadas afirmacións dun deputado nun *chascarrillo* moi desafortunado, efectivamente, no Congreso, dicir que nós ¡claro que as lamentamos!, ¡como non as imos lamentar! Lamentariámolas tanto como desexáramos que vostedes lamentasen que se cualificase recorrentemente de «loca» á presidenta Ayuso ou que algún deputado se burlase da enfermidade que sofre a señora Levi, ¿verdade? Creo que nisto cómpre que abandonemos o partidismo, non fagamos os regates curtos e mostremos unha postura común.

O noso lamento aquí queda explicitado, espero que se sume vostede ao meu, que me parece igual de xusto que o que vostede reclama.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Moitas grazas, presidente.

Por suposto, vaia por diante que condenamos calquera tipo de descualificacións que non veñen a conto e non reforzan o exercicio que ten que ter a política.

Quero explicitar tamén que me chama moitísimo a atención que o representante do Partido Popular cada vez sexa máis duro co pobre Rajoy, que está pasando momentos tan duros, criticando ese real decreto de 2012 que recortou os presupostos para as comunidades autónomas na Lei de dependencia. Cada vez é máis duro, de verdade. *(Aplausos.)* É que este goberno, por certo, acabou con ese... Isto é dito pola Asociación de Xerentes e Directores de Servizos Sociais. Iso está aí por escrito. Así que acuda e infórmese.

Veño de escoitar a comparecencia da conselleira de Infraestruturas, que criticaba duramente a parálise de infraestruturas e transportes por mor da covid, e vén agora o representante do Partido Popular a xustificar que un tema como este se paralice pola pandemia. *(Aplausos.)* Non dou crédito, nun tema como este, que se paralice pola pandemia, ¡cando a pandemia é parte do asunto en si! É curioso, é curioso que falen con esa intriga dos avances desta estratexia que parece ser un segredo de estado, porque os representantes do municipalismo e do terceiro sector non saben nada ao respecto de ningún avance. *(Aplausos.)* Non, non saben nada de ningún avance. A última reunión foi hai máis dun ano e non se dixo nada.

Miren, señorías, este tema non pode servir para confrontar, debe servir para unir, para acordar e para traballar. A soidade non desexada derívase de moitas accións pero, sobre todo, de inaccións por parte dun goberno galego, que, cando pechan escolas no rural, como a de Baamonde, fai pouco a pouco que eses veciños queden máis sos nos seus pobos. Cando votan en contra de construír centros de atención residencial no rural máis afectado pola despoboación, como hai semanas fixo na nosa proposta que fixemos para Petín, fai que as persoas maiores teñan que abandonar o seu pobo en busca de servizos de coidado que alí non teñen, iso que eu denomino «deslocalización emocional», por ter que abandonar o lugar onde están os vínculos, onde está a historia da vida dunha persoa, por falta de servizos.

Como cando recortan os servizos sanitarios, como deslocalizar postos de traballo no rural, tal e como o Goberno galego permite en casos como o de Iberdrola na Rúa. Tamén se converten nunha propia deslocalización emocional, porque os pobos quedan cada vez menos habitados e con iso contribúese á soidade que as persoas manifestan cando quedan neses pobos. Ou como cando o Goberno galego anuncia unha lei de demografía pero logo segue pechando escolas no rural, votando en contra de incrementar servizos nos lugares despoboados ou deixando que os postos de traballo vaian para outras comunidades autónomas.



(Aplausos.) E o máis chamativo neste contexto, o máis chamativo neste contexto, ¿como anuncian unha estratexia para a soidade non desexada cando pasan case dous anos e non se fixo absolutamente nada? Precisamos plans concretos nas áreas urbanas tamén, onde o individualismo todavía é moito máis duro.

Estes feitos non só derivan dunha falta de acción —é a estratexia dun goberno que, por certo, ten capacidade e competencias—, senón que, ademais, estragan absolutamente a imaxe que se ten do exercicio da política. Porque os anuncios e titulares que só quedan niso e nunca se levan á práctica contribúen a denigrar o cometido que temos como representantes da cidadanía. E iso aféctanos a todos e a todas, incluída á propia cidadanía, que perde a confianza en nós.

Non é serio non facer nada en case dous anos. E por mor dunha interpelación do Partido Socialista neste sentido, ¡dicir que nuns días se anunciará tipo exclusiva a estratexia para a soidade non desexada!, mentres os implicados directamente na cuestión, como a Fegamp ou a Sociedade Galega de Xerontoloxía, por exemplo —xa que nomeaba o terceiro sector—, non teñen coñecemento do asunto. E a propia conselleira na interpelación limitouse a falar de servizos que levan anos e que a maioría forman parte da chamada Lei de dependencia. Por certo, á representante nacionalista, por suposto que estamos de acordo, ¡non imos estar de acordo cos servizos da chamada Lei de dependencia se fomos nós os que creamos a Lei de dependencia, o Partido Socialista, faltaría máis! (Aplausos.)

Polo tanto, menos titulares e máis realidade. Precisamos crear un observatorio de persoas expertas nesta materia, temos unha universidade de moito nivel e moito capital humano investigador por valorar. Este observatorio ten que marcar as pautas e a acción en base aos estudos que se fagan, e así determinar o plan galego para a soidade non desexada en Galicia que determine o camiño polo que atallar esta realidade, ¡fagámolo posible!

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Respecto á emenda, señora...

A señora ORTEGA OTERO: Non, non a aceptamos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale, moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa crise económica e social que asola a comarca de Ferrol

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 4, que terá o seguinte contido:

«4. Para a promoción económica e reindustrialización da comarca de Ferrolterra e as comarcas veciñas do Eume e Ortegal:

- Diseñar e desenvolver un plan de promoción e reactivación económica a medio e longo prazo das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para compensar o impacto económico da pandemia e reactivar o tecido produtivo, incluíndo:

a) A diagnose das posibilidades e oportunidades de investimento nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal en sintonía co tecido empresarial, as posibilidades loxísticas e as necesidades do mercado, en cooperación e diálogo coas entidades representativas do empresariado, as propias empresas, os sindicatos, a universidade, as administracións locais e estatal e a sociedade civil.

b) A presentación de proxectos radicados nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal para optar aos fondos Next Generation».)

Para formular a moción ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bo día a todos e a todas.

Traemos de novo a pleno a crise das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, despois dunha interpelación no anterior pleno coa que non conseguimos que a Xunta de Galiza dera a máis mínima explicación sobre os plans ou proxectos que ten para estas comarcas.

Retomamos o debate, mais agora nun formato propositivo. Insistimos en tratar aquí, no Parlamento galego, a situación destas tres comarcas, mais agora, como dicía, presentando unha serie de propostas concretas para a reactivación e a reindustrialización do territorio.

Certo que a pandemia afectou nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal os mesmos sectores que no resto do país: hostalaría, turismo, comercio ou cultura precisan dun plan de rescate real nestas comarcas igual que en todas as demais. Pero hai tres sectores ou tres ámbitos que, a xuízo do BNG, teñen un peso específico na economía do territorio absolutamente determinante.

De feito, o declive demográfico das comarcas coincide exactamente co comezo da reestruturación permanente que vive o sector naval desde os anos oitenta. Un período no que, lembremos, as comarcas perderon catro veces máis poboación que o resto de Galiza.

A mal chamada reconversión, que en realidade foi e segue a ser un cúmulo de prohibicións produtivas como non se coñecen en ningún outro territorio do Estado español, ten unha ca-



racterística definitoria que a fai especialmente grave. Foi imposta primeiro e perpetuada durante estes últimos corenta co acordo das principais forzas políticas e sindicais españolas: PP, PSOE, Comisións e UGT, jas catro patas do ruedo ibérico! Prohibicións produtivas na ría de Ferrol que favoreceron o desenvolvemento do sector naval e da industria das tecnoloxías marítimas noutros territorios do Estado español pero, sobre todo, noutros territorios da Unión Europea que hoxe, en plena crise covid, se aferran a un sector, estratéxico para eles, inxectando miles de millóns de diñeiro público para mantelo a flote.

A comarca de Ferrol precisa hoxe rachar con aqueles acordos, pasar de pantalla e construír un novo gran acordo sobre o sector naval. Unha industria que conta con tres características moi particulares, moi sinaladas, que, combinadamente, reforzan o seu potencial para ser obxectivo prioritario de calquera goberno que teña que afrontar unha situación de crise como a que estamos a vivir.

Primeiro. Podería dar ocupación a miles de traballadores e traballadoras. Non existe outra industria ou sector coa mesma capacidade. Pretender ou dicirlle á sociedade de Ferrol que pode compensarse a perda de postos de traballo no sector naval incentivando a chegada doutras empresas é mentirlle descaradamente. Hoxe por hoxe non existe alternativa real ou comparable ao sector naval en postos de traballo.

Segundo. Integra na súa cadea de valor unha industria complementaria de moitísimas pequenas e medianas empresas, moitas delas locais, e, polo tanto, é un sector cunha capacidade excepcional para promover cambios no sistema de produción, para promover as famosas transicións enerxética e tecnolóxica.

E terceiro e por último, é de propiedade pública. Non é preciso procurar, incentivar ou subvencionar empresas que hoxe están e mañá non están como Poligal ou Siemens-Gamesa. O diñeiro e os recursos públicos que se invistan no sector serán a beneficio do patrimonio público e con moitas máis garantías de permanencia a futuro, con moitas máis garantías de consolidarse que calquera outro proxecto que poidamos atopar.

Este é o gran acordo que precisa a comarca de Ferrol sobre o sector naval: apostar por construír a partir do que xa temos, do que sabemos que funciona. Aproveitar as sinerxías coa construción militar, tecnoloxicamente máis avanzada, así como a reputación internacional gañada nese mercado, así como no de reparacións, para impulsar o sector naval na ría de Ferrol, recuperando actividades e diversificando. Unha ría de Ferrol que é a día de hoxe un exemplo de abandono por parte de todas as administracións con competencias directas ou indirectas sobre a ría.

A Consellaría do Mar, con competencias exclusivas sobre marisqueo nas rías, levaba dous anos agardando a que o CEDEX, un organismo do Goberno de España, fixera un estudo da situación da ría, cando sabía, ou debería saber, que ese organismo non tiña instrucións de realizar estudo ningún. Así que as confrarías da ría, fartas de agardar sen respostas e sen solucións, fixeron o que debería ter feito a consellaría hai xa moito tempo: convocar todos os organismos que teñen algo que dicir sobre a ría de Ferrol a unha reunión. Convocaron a propia consellaría, a Autoridade Portuaria, Augas de Galicia, ao MITECO, a Fomento. E nesa reunión



expuxeron o que as tres confrarías da ría de Ferrol —e isto é un dato importante a ter en conta— entenden que debe facerse para poñer solución á situación de colapso na que se atopan, a comezar por algo tan sinxelo como realizar un estudo integral da ría, un estudo da auga, das correntes e dos sedimentos, sobre todo dos sedimentos. Un estudo que debe contar, ao seu xuízo, para ter todas as garantías, coa participación da Estación de Bioloxía Mariña da Graña, unha entidade científica da Universidade de Compostela, cun gran prestixio na ría e entre todos os organismos, consultoras ou laboratorios que traballan no sector.

Ese estudo significará non só unha diagnose da situación actual, da causa dos problemas, senón que podería significar tamén unha primeira achega de recomendacións, de actuacións a realizar. Actuacións que precisarán, por suposto, de vontade e impulso político, e de recursos económicos para materializarse e facer por fin da ría de Ferrol ese outro motor económico totalmente integrado no *green deal* que supostamente van promover os fondos *Next Generation*. Urxe, por tanto, realizar ese estudo inicial da ría para poder concretar a posteriori o proxecto de rexeneración integral.

A situación provocada na vila das Pontes polo anuncio do peche da térmica en Endesa é o terceiro ámbito que os gobernos e as forzas políticas galegas deberíamos enfrontar con existencia, con ambición e altura de miras.

A historia da mina de lignitos pardos e a central térmica das Pontes é o exemplo de como a explotación dos recursos enerxéticos dun territorio pode realizarse en función de intereses completamente alleos a ese territorio, ata o punto de que no momento en que eses recursos se esgotan e se precisan investimentos para realizar cambios tecnolóxicos na central, todo o mundo mira para outro lado, e para sobre a vila e a comarca a ameaza dun peche sen alternativa reais nin transición de ningún tipo.

A Xunta defende, cando menos de boquilla, a viabilidade dun proxecto de biocombustibles para a central, mais sen poñerlle cifras nin consignar recursos orzamentarios que poidan darlle algún significado, que poidan aclarar do que realmente estamos a falar.

E mentres contesta con evasivas as preguntas que realizamos aquí no Parlamento sobre os plans ou proxectos que ten para a vila das Pontes, se é que ten algún, desatende os traballos para a posta en marcha do convenio de transición xusta, o instrumento deseñado polo Goberno do Estado para reindustrializar os territorios afectados por peches de centrais térmicas e que, mentres noutros territorios xa conta con proxectos en marcha, como en Asturias ou Aragón, no caso das Pontes nin sequera comezou a elaborarse.

As propostas do BNG para a vila das Pontes están encamiñadas a garantir a implantación de alternativas industriais vinculadas á produción enerxética, mais sobre todo a promover un salto cualitativo para pasar de ser meros produtores de enerxía a prover tamén tecnoloxía, é dicir, aproveitar a instalación da nova potencia eólica, así como a concesión de usos do punto de evacuación de enerxía da central, para garantir a implantación e consolidación dun tecido industrial tecnoloxicamente avanzado.

Tres sectores, tres ámbitos, como dicíamos, nos que tanto o Goberno de España como a Xunta de Galicia teñen competencias, teñen capacidade de actuación e teñen, sobre todo, a responsabilidade de poñerse de acordo e actuar conxuntamente.



O sector enerxético, o sector naval e o sector marisqueiro da ría de Ferrol, sectores hoxe en crise, contan co potencial suficiente para reverter o declive demográfico das comarcas e para ser os principais factores na súa reactivación económica, sempre, claro está, que exista vontade política.

É por isto que o acordo das forzas políticas galegas é fundamental a este respecto, para poder construír despois os demais acordos necesarios no ámbito dos diferentes gobernos.

Máis nada polo de agora, e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Alfonso.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, as comarcas de Ferrolterra, pero tamén Eume e Ortegal, levan véndose afectadas pola perda de tecido produtivo desde a reconversión industrial dos anos 80. A perda de emprego foi da man da perda de poboación, que rolda as 25.000 persoas en Ferrol, sen parangón en cidades do seu tamaño nese tempo.

Antes da pandemia, a decisión da empresa Endesa de pechar a central térmica das Pontes, debida ao enorme incremento do custo dos dereitos de emisión de CO₂ no mercado europeo —unha decisión que está pendente aínda das probas para substituír o carbón por outros combustibles—, xa implicaba un grave problema para a economía da zona, agravado polo peche ou problemas nos que se atopan moitas outras empresas de menor tamaño como Poligal e un longo etcétera.

Pero a crise económica asociada aos efectos da actual pandemia, cunha caída do PIB sen precedentes desde a Guerra Civil, implica unha nova volta de tuerca ás dificultades empresariais da zona que vai xerar, con moita probabilidade, un incremento do desemprego que se está a materializar xa na zona. Como exemplo, o anuncio de peche da fábrica de Gamesa nas Somozas, que pretende deslocalizarse a Portugal, como fixeron xa ao longo dos últimos anos centos de empresas de toda Galicia. Unha situación que, a pesar da pasividade da Xunta, se temía desde hai anos, porque a empresa non acometía os investimentos necesarios para adaptar e modernizar a súa produción. A folga xeral que tivo lugar recentemente é mostra da máxima preocupación da comarca pola situación económica e industrial e o futuro da zona, agravada polos problemas do naval, á espera do comezo da fabricación das fragatas F-110, que foi comprometida polo Goberno progresista e que, con 4.325 millóns de euros, vai implicar o maior investimento industrial da historia de Galicia —que, por certo, os gobernos do PP tiñan metido nun caixón—, pero que ten uns períodos de desenvolvemento que non resollen a situación actual. Hai que considerar que a situación do sector naval é extremadamente complexa e complicada por motivos alleos a calquera goberno, e, sendo xa



moi complicada antes da pandemia, despois da pandemia é moito máis complicada aínda pola caída do transporte marítimo de mercadorías e pasaxe e pola incerteza económica, e polas dificultades orzamentarias dos gobernos para encargar buques militares na actual crise e pandemia global. Todo o cal fai que se reduzan drasticamente os pedidos tanto na construción civil como na militar. Por outra banda, cando cambiou o Goberno do Estado, en 2018, Navantia estaba nunha situación de causa de disolución, é dicir, tecnicamente quebrada, así a deixaron vostedes, tecnicamente quebrada. (*Aplausos.*) Coa particularidade de que, sendo como é unha empresa de titularidade pública, ano tras ano o propio Estado inxectáballe capital a razón de, aproximadamente de media anual, 200 millóns de euros e precisamente en 2017 Navantia rexistrou as maiores perdas da súa historia, 297 millóns de euros. Iso foi o que deixou o Goberno de Rajoy en Navantia. En decembro de 2018, para facer fronte a esa situación de quebra técnica, o actual goberno asinou o Plan estratéxico 2018-2022, de acordo cos representantes dos traballadores e co obxectivo de acadar a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando procesos e adaptando a empresa ás necesidades do mercado. Pero iso non é suficiente na situación actual, empeorada pola pandemia, e todas as administracións, todas as administracións deben implicarse para sacar adiante Navantia e o resto da economía da zona.

Cómpre lembrar que a política industrial e de promoción económica son competencias exclusivas da Xunta de Galicia, segundo o artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, como teño repetido en distintas ocasións, aínda que non fosen exercidas nos últimos doce anos, e a súa inacción en materia de política industrial ten moito que ver cos problemas actuais.

En canto á ría de Ferrol, onde hai non moitos anos chegaron a mariscar máis de 600 persoas e que ten, polo tanto, un gran potencial marisqueiro, está hoxe baixo mínimos, non chegando a 70 persoas as que poden mariscar dun xeito esporádico e completamente insuficiente para obter un mínimo de subsistencia. Nos últimos tempos, a situación deteriorouse ata tal punto que os patróns das tres confrarías das ría calcularon, en setembro do ano pasado, nun 90 % o descenso de produción de ameixa, considerando que a propia supervivencia do marisqueo na ría está directamente en cuestión, afectado por causas que a Xunta, inexplicablemente, non é capaz de definir nin de diagnosticar, xa que se falou primeiro do parasito *perkinsus* pero logo recoñecéronlles aos propios mariscadores que pode haber outras causas, e que, increíblemente, a Xunta non ten nin a máis remota idea do que está pasando na ría de Ferrol a pesar de ser da súa responsabilidade, incumbencia e competencia. E por iso os mariscadores levan tempo solicitando que se faga un estudo integral para saber o que pasa na ría, un estudo que xa se comprometeu na Comisión 8ª, por certo, a iniciativa do PSdeG coa unanimidade dos outros grupos parlamentarios. Pero a Xunta segue sen facer este estudo.

Tan grave é o problema que tivo que ser a Mancomunidade dos concellos de Ferrol, á que non lle corresponde facelo, quen fixo recentemente unha mostraxe de 14 puntos na ría incluíndo aqueles puntos nos cales a Xunta dicía que estaba presente o parasito *perkinsus*, e resulta que non atoparon nin rastro do *perkinsus* nin de ningún outro parasito. Así que a Xunta ten que buscar outra explicación do declive da ría e ten tamén que compensar economicamente uns mariscadores que non teñen recursos porque non teñen que mariscar. E todas as competencias sobre a ría son da Xunta de Galicia, que ten, polo tanto, a responsa-



bilidade, e non pode eludila, como ten por costume, nin negar a realidade, porque a realidade é palmaria e evidente na ría de Ferrol.

En canto ás Pontes, contrariamente o que repite machaconamente o PP, mentindo descaradamente, o Goberno non ten nada que ver coa intención de pechar a central, que é unha decisión adoptada pola empresa, derivada do enorme aumento do custo do mercado de dereitos de emisión de CO₂, un mercado europeo que promoveu, por certo, o seu eurodeputado, o señor Arias Cañete, anos antes de que Pedro Sánchez chegase á Moncloa, e que pasou de 8 euros por tonelada en 2018 a 25 euros por tonelada en 2019. E, como saben os traballadores e recoñecen os directivos da empresa, esa e non outra foi a razón de que as Pontes quedara fóra de mercado, nada que ver con ningunha decisión do Goberno e que, polo contrario, está forzando a empresa a facer todas as probas do mundo para tratar de manter a central en funcionamento e poñendo enriba da mesa plans de transición xusta, que teñen que ser aproveitados pola Administración a pé de territorio que é a Xunta de Galicia, que non pode manterse de brazos cruzados, esperando a que lle caian solucións dende Madrid, porque é quen ten a competencia. O deseño da estrutura á transición xusta está feito, os cartos están aí, pero quen ten que moverse é a Xunta de Galicia, co resto das administracións, obviamente.

Para rematar, os fondos *Next Generation* implican unha oportunidade única e irrepitible para compensar os efectos económicos da pandemia, ao mesmo tempo que se moderniza o noso tecido produtivo. Eses fondos implican milleiros de millóns de euros para que Galicia aposte pola economía produtiva, non para que especulen catro señores en modo capitalismo de amiguetes. E o que lle pedimos á Xunta é que se implique, que deixe a opacidade e sexa transparente nos proxectos que pretende financiar. Transparencia que ata o momento foi equivalente a cero ou a baixo cero, e que non aposte polo canto peor mellor no que parece instalada desde que chegou ao Goberno do Estado o Partido Socialista. Que exerza as súas competencias en materia de política industrial e promoción económica, que son moitas e moi amplas, e pode facer moitísimo máis con elas do que fixo nos últimos once anos, sinladamente en Ferrolterra. Ferrolterra ben merece un acordo e a implicación de todas as administracións, nesa liña vai a emenda que presentamos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Hai moitos meses xa que, dende o Partido Popular de Galicia, vimos alertando da difícil situación que se aveciña na comarca de Ferrolterra. A ausencia de carga de traballo no sector naval, o peche anticipado da central térmica das Pontes; a marcha de Siemens Gamesa de



España e, por conseguinte, tamén de Galicia, pola perda de confianza na política enerxética do Goberno de España; a delicada situación de industria electrointensiva, que afecta non só Alcoa senón tamén a empresas ubicadas na comarca de Ferrolterra, que teñen o seu futuro en vilo; a perda de tráfico portuarios que se derivan do peche da central térmica, e as incertezas que existen tamén en San Cibrao... en definitiva, unha situación que se agrava por momentos ante a inacción do Goberno de España, de quen depende o estaleiro público da ría de Ferrol, e de quen depende, señor Arangüena, a política enerxética que está a condicionar o futuro de moitas industrias galegas, política enerxética que é competencia exclusiva do Goberno de España. Polo tanto, toda a súa argumentación cae como un castelo de naipes, política enerxética que condiciona a política industrial galega.

Sorprende, certamente, a moción que hoxe nos trae o Bloque Nacionalista Galego. Equívocase de porta, señor Fernández Alfonzo, un erro que é intencionado, mellor dito, un erro que é malintencionado. Vostedes pretenden facer culpable a Xunta de Galicia da situación na que se atopa o sector naval de Ferrol ou do peche da central térmica das Pontes, cando saben perfectamente que toda responsabilidade, en ambos os dous casos, na falta de carga de traballo en Navantia e do peche da central térmica das Pontes, é do Goberno de España. Un erro intencionado, ou malintencionado, porque ben sabe vostede que a responsabilidade da Xunta en ambas as dúas decisións é ningunha, ningunha. É máis, é probable que o BNG teña máis culpas ca nós, tanto da falta de carga de traballo no naval ferrolán como do peche da central térmica. Porque non foron vostedes os que tomaron a decisión pero si foron vostedes os que converteron en presidente de Goberno a quen tomou esa decisión. (*Aplausos.*) Foron vostedes os que fixeron presidente de Goberno a Pedro Sánchez, co seu voto —lembrámolo ben—, aquel pacto entre Ana e Adriana que ía salvar Galicia de todos os males, pacto do que agora parece ser que negan e renegan como se non tiveran nada que ver co señor Sánchez. Pero a realidade é que foron vostedes, foron vostedes os que nomearon presidente do Goberno a quen freou dende o ano 2018 o proxecto das fragatas F110, foron vostedes os que nomearon presidente do Goberno a quen decidiu pechar anticipadamente as centrais térmicas en España, nomeadamente a das Pontes, vinte anos antes de cando lle correspondía. Foron vostedes os que fixeron presidente do Goberno a quen decidiu xestionar os fondos *Next Generation* que reclamamos para As Pontes, para que se xestionasen de forma opaca, sen ningún tipo de transparencia dende a Moncloa, e desatendendo as necesidades dos territorios.

E agora veñen vostedes a este pleno con esta moción, tratando de repartir culpas para tratar así de diluír as responsabilidades, que tamén as teñen vostedes, por acción e por omisión. Non só lle regalaron a presidencia do Goberno ao Partido Socialista a cambio de nada, tamén lle regalaron a alcaldía de Ferrol ao mesmo Partido Socialista con quen vostedes cogobernan en moitos concellos e en varias deputacións provinciais. E veñen vostedes agora a xogar ao despiste neste pleno, con esta moción coa pretenden facer que fan, repartir culpas, e tratan de eliminarse da ecuación como se isto non tivera nada que ver con vostedes. A responsabilidade da crise que atravesamos a comarca de Ferrol é dos seus socios de goberno, en concellos, en deputacións e tamén no Goberno de España.

Permítame que lle adiante dúas ideas centrais da miña intervención: en primeiro lugar, non se pode instar a Xunta de Galicia a facer o que xa está facendo —refírome ao saneamento da



ría de Ferrol—. E a segunda idea, en segundo lugar, non se pode instar a Xunta de Galicia a facer o que competencialmente lle corresponde facer ao Goberno de España. E refírome á busca de carga de traballo para os estaleiros públicos, do Estado, ou á decisión do Goberno de España de pechar as centrais térmicas vinte anos antes de cando lles correspondía.

Sobre As Pontes, a nosa postura é clara: nós defendemos a continuidade da central a través do uso de biocombustibles, pero vostedes teñen que recoñecer que vostedes apoiaron o peche, o peche anticipado, e que esta central, a empresa, fixo os investimentos necesarios para seguir funcionando ata o ano 2035, e que xa os fixo, e que foi o Goberno, a través da vía fiscal, como botou as centrais térmicas do mercado de produción de electricidade. Alterando a competencia entre o gas e o carbón, expulsárono do mercado, porque se fose o CO₂, ¿por que non pechan o resto de centrais de Europa? É máis, están abrindo algunhas.

Polo tanto, señor Arangüena, non veña a este pleno a mentir, a política enerxética é unha competencia estatal. E, polo tanto, eu entendo, señor Fernández, que vostede non confíe no Goberno de Sánchez, pero ten que entender que unha competencia estatal non é unha competencia autonómica.

Con respecto ao saneamento da ría de Ferrol, eu teño que dicirle que o compromiso do Goberno galego é total e absoluto. Levamos investidos 115 millóns de euros no saneamento da marxe sur da ría de Ferrol e en todo o sistema de depuración, que está en servizo e en pleno funcionamento. Que a marxe norte da ría foi asumida polo Estado por un Goberno popular, por certo, cun investimento de 270 millóns de euros. Nesta marxe norte quedou pendente a conexión da Malata, en execución nestes momentos por parte da Xunta de Galicia, cun investimento de sete millóns de euros. E quedou pendente tamén a conexión de Neda, coa EDAR norte, que lle corresponde ao Concello de Neda, e quedou pendente porque o Concello de Neda non se quixo sumar ao saneamento. ¿E sabe por que non se quixo sumar? Pola falta de entendemento dos concellos de Ferrol e de Narón á hora de repartirse a xestión e os gastos de funcionamento desa EDAR. Polo tanto, unha vez que se poñan de acordo os concellos de Ferrol, Narón e Neda, a Xunta de Galicia está á disposición, pero é que ese acordo non existe a día de hoxe.

Con respecto ao sector naval, por certo, señor Arangüena, ese informe do que lle falan, ese informe foi un compromiso do delegado do Goberno hai dous anos, ¿sabe onde está o informe? Non existe, porque non o fixo o señor delegado do Goberno en Galicia, delegado do Partido Socialista.

Con respecto ao sector naval público da ría de Ferrol, coñecen sobradamente cal é a nosa posición: son estaleiros públicos, dependentes do Estado, dependentes do Goberno de España, estaleiros especializados na construción de barcos de guerra para a Armada española, e, unha vez deseñados e fabricados, construídos para as armadas de terceiros países aliados. Esa é a realidade do naval de Ferrolterra, que ao BNG tanto molesta.

Vostedes, que sempre lles parece pouco o que fai a Xunta de Galicia do Partido Popular, o certo é que miran cara a outro lado, e buscan malas escusas para evitar criticar o Goberno socialista, cando é ese goberno o que ten a culpa.



Eu non podo aceptar moitas das críticas veladas que se lle fan ao Partido Popular, todas as reconversións navais que achicaron as capacidades produtivas dos estaleiros da ría de Ferrol protagonizounas, impulsounas, o Partido Socialista dende o Goberno de España.

Nós reabrimos a antiga Astano e apostamos pola diversificación que supón e representa a eólica mariña, actividade, por certo, que foi criticada desde esas bancadas e era motivo de mofa. Aí está o *Diario de Sesións* para corroboralo. E agora nós somos iguais de reivindicativos que o fomos sempre, tamén o eramos cando gobernaba o Partido Popular en España, tamén cando gobernaba o Partido Popular en España. Non son de recibo os atrasos das fragatas F-110, achacables a este Goberno, que leva no goberno dende xuño de 2018 e estamos en marzo de 2021.

Non é de recibo o abandono do proxecto do estaleiro 4.0, non é de recibo, e téñeno parado, é máis, non o queren executar, e o BNG o sabe e os sindicatos o saben. Non están dispostos a investir 400 millóns de euros como estaba programado nos estaleiros da ría de Ferrol. ¿Onde están eses fondos? ¿Por que non investiron os 250 millóns de euros presupostados no último orzamento de Rajoy en 2018, nin en 2019, nin en 2020? Non é de recibo que os socialistas se neguen a concretar a construción dun BAN, tal e como demandamos desde a comarca de Ferrolterra, que garantiría emprego para 700 traballadores da industria auxiliar, que poden perder nas próximas semanas o seu posto de traballo.

Non é de recibo que o BNG estea en contra da construción militar por cuestións ideolóxicas, porque iso é estar en contra da nosa propia historia e renegar da experiencia acumulada durante décadas.

Non é de recibo que agora estean en contra da UTE Windar-Navantia, que devolveu Astano á actividade. E non é de recibo porque, cando vostedes gobernaron a Xunta de Galicia, propuñan privatizar Astano e entregarlle a Barreras e, polo tanto, ¿por que renegan agora da colaboración público-privada?

Señorías, eu non veño aquí a reprocharlles a súa hemeroteca con respecto ao sector naval, pero si lles pido que sexan valentes e que alcen a voz contra o que está acontecendo agora.

O próximo xoves, a Comisión de Industria do Senado debaterá unha iniciativa que neste pleno tamén debateremos: a demanda da construción dun BAN...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FIGUEIRA: ...nos estaleiros da ría de Ferrol. Sabiamos que en Ferrol todos estamos a favor, aquí todos estabamos a favor, menos o Partido Socialista, que se inhibía. No último pleno cambiaron o voto e apoiaron a demanda dese barco, pero agora, esta semana, faremos dobrete, debaterase aquí e veremos o que vota o Partido Socialista, e debaterase tamén no Senado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E veremos o que fai alí o Partido Socialista...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e logo falaremos e veremos quen é quen está comprometido co sector naval e coa comarca de Ferrolterra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo grupo autor da moción, ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boas de novo.

¡Vaia despropósito, señor Tellado, e vaia sarta de mentiras que hai que escoitar aquí a vostede cada vez *(Aplausos.)* que fala de Ferrol, do sector naval, das Pontes! Mire, eu non fago críticas veladas á Xunta de Galiza nin ao Partido Popular, fágoas explícitas, son vostedes corresponsables, por acción e omisión, da situación de crise dramática que vive hoxe a comarca de Ferrol. *(Aplausos.)*

As propostas que trae o BNG a este Parlamento son propostas concretas para reactivar a economía, para reindustrializar a comarca e para rexenerar a ría de Ferrol. Son propostas para dotar de contido democrático esa reactivación. Son propostas —como dicía— concretas e son, ademais, totalmente coherentes coas directrices que se impulsan desde a Unión Europea e dos diferentes gobernos, desde o Goberno do Estado español e desde a propia Xunta de Galiza. Propostas coherentes cos novos paradigmas de transición enerxética e transición tecnolóxica. Propostas, todas elas, que comparten a vocación de colocar os nosos sectores produtores en condicións de competir no contexto mundial dun século XXI marcado polas novas exixencias de sustentabilidade ambiental e de cohesión social.

E a comarca de Ferrol, como ningunha outra das comarcas galegas, reúne un conxunto de recursos enerxéticos naturais e industriais, e reúne tamén unha experiencia en todos eles que nos sitúa na mellor das posicións para facer realidade esa saída da crise para todos e todas.

Unha saída xusta e galega da crise, que depende, para que se faga realidade, para ser algo máis que discursos e manifestacións baleiras de contido, do grao de implicación e de compromiso que as forzas políticas galegas sexamos quen de amosar e conseguir en torno a proxectos e propostas concretas como estas que o BNG trae hoxe aquí para o seu debate e votación.

Realizar unha diagnose da situación económica e social e acertar coas receitas para superar o declive demográfico precisa, sobre todo, que sexamos quen de deixar atrás prexuízos, deixar atrás vellas lealdades con acordos caducados que tan mal nos fixeron, e poñer os intereses das persoas que representamos por diante de calquera outra consideración.



Precisamos rachar coas restricións do sector naval e poñer Navantia a traballar en todos os segmentos de actividade nos que hoxe pode haber demanda, recuperando, potenciando e integrando todas as actividades que historicamente se realizaron na ría de Ferrol, desde a construción civil a reparacións, pasando por unha fábrica de turbinas que ten que ser básica para introducirmos nos novos mercados que as novas exixencias de mobilidade marítima sustentable están abrindo xa.

Precisamos un novo modelo de explotación dos nosos recursos enerxéticos que sirva para fixar industria, riqueza e emprego no país. Precisamos apostar pola I+D+i, para dar ese salto cualitativo e pasar de ser meros produtores de enerxía a ser tamén provedores de tecnoloxía. Na vila das Pontes contamos con todas as posibilidades para realizar esa transición con éxito.

Precisamos unha ría limpa e produtiva, que sexa a base dun sector marisqueiro sustentábel capaz de impulsar sectores como a industria da alimentación, baseada na calidade e na proximidade, e un sector servizos igualmente vinculado á protección da nosa riqueza natural.

Existen exemplos noutros países de proxectos vinculados con estes mesmos sectores que xa están en marcha. Non podemos quedar atrás. Franza e Noruega xa están promovendo, por exemplo, a construción de buques impulsados por hidróxeno. Suecia, Austria e novamente Franza xa teñen en marcha plantas de hidróxeno con diferentes tecnoloxías e finalidades, algunhas para alimentar siderurxias parecidas á de Megasa en Narón.

No Estado español, Euskadi está a situarse en cabeza da investigación das novas tecnoloxías do hidróxeno. Galiza non pode quedar atrás. Contamos, nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, cos recursos e coa experiencia. Falta a vontade política, o acordo das forzas políticas aquí presentes, que hoxe procuramos con esta moción. Un acordo básico para construír e conseguir eses outros acordos e apoios tanto das empresas como dos diferentes gobernos implicados.

Desde o BNG reclamamos o noso dereito a ser nós os protagonistas e as protagonistas do noso futuro, a poñer por diante de calquera outra cousa o noso dereito a dispoñer do noso como mellor nos conveña, a traballar na nosa terra e a perfilar o camiño que queremos andar, sen aceptar imposicións e deseños alleos.

Temos —insisto— os recursos e a experiencia, temos as posibilidades, e temos a día de hoxe a necesidade premente, a necesidade urxente, de poñer eses recursos, esa experiencia a producir. ¡Que ben nos viría un Goberno que quixese gobernar!, un Goberno galego que non fose unha simple e mala caricatura.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Respecto á emenda, acéptaa? Grazas.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta horas.



Retómase a sesión ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de adición

Engadir no apartado b) do punto 1 o seguinte texto in fine:

«Creación no prazo dun ano de unidades hospitalarias de atención infanto-xuvenil en todas as áreas sanitarias.»

Emenda de adición

Engadir no apartado d) do punto 1 despois de: «...integre a...», o seguinte texto: «organizacións sindicais representantes d@s traballadoras/es, con presenza na mesa sectorial.»

Emenda de adición

Engadir un novo apartado e) no punto 1 co seguinte texto: «e) Realizar unha modificación orzamentaria para destinar no ano 2021 unha contía mínima de 21 M€, e igual cantidade nos tres seguintes orzamentos, para investir os anunciados 84 millóns de euros para o Plan de saúde mental pos COVID 19, 2020-2024.»

Emenda de substitución

Substituír o punto 2 polo seguinte texto:

«2. Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a Atención Primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental. Creación nos Centros de Saúde de Atención Primaria de prazas de psicólog@s clínic@s, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballador@s sociais... que permita a creación de equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral.»

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada Encarnación Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción: Emenda de substitución:



Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º.-Desenvolver de maneira efectiva o Plan Galego de Saúde Mental comprometéndose, como mínimo, a:

a) Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024.

b) Iniciar antes do remate de 2021 as obras da unidade de hospitalización infanto-xuvenil no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo como referencia para o sur de Galicia.

c) Dotar os medios axeitados para o inicio do funcionamento, en 2021, dunha unidade de psicoterapia na área sanitaria de Ourense.

d) Manter a sistemática de seguimento e avaliación establecida no propio plan e dar conta anualmente ao Parlamento de Galicia sobre a implantación do plan e o avance de cada proxecto.

2. Mellorar a conexión e coordinación entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, a través da figura do facultativo consultor, coa contratación de sete psicólogos clínicos, un por cada área sanitaria, tal e como establece o plan.

3. Asumir o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura e levar a cabo todas as medidas e recomendacións que se indican para reverter os graves problemas sinalados nos vindeiros 6 meses, solicitando posteriormente unha nova avaliación ao propio MNP ou auditoría externa independente que valore o cumprimento e a situación do centro e das persoas alí ingresadas.

4. Establecer un diálogo coa Federación Galega de Municipios e Provincias para avaliar os mecanismos que permitan chegar a un acordo de integración progresiva no SERGAS dos servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar esta atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria, que é a administración autonómica.>>)

Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Dúas de cada tres persoas que durante a súa vida teñan un problema de saúde mental non van poder ser atendidas no sistema sanitario público. Dúas de cada tres, ¿por que? En Galicia porque temos a peor ratio de profesionais, en calquera das categorías de saúde mental, a



peor ratio de profesionais de toda España. Temos unha media de espera por unha cita en saúde mental superior aos catro meses, citas que duran aproximadamente 45 minutos, nunca chegan a unha hora, cada máis de catro meses.

¿Que provoca isto? Provoca, en primeiro lugar, que poidamos afirmar, tristemente, que a saúde mental non é un dereito da atención sanitaria garantido hoxe no sistema público sanitario de Galicia, non o é. De facto, é un sistema privatizado porque, cando calquera de nós pensa en acudir a un psicólogo —como pasa cun dentista, como pasa cun fisioterapeuta— nunca pensa no sistema público, é un sistema privatizado de facto. E iso implica que a atención á saúde mental neste país é hoxe un privilexio e non un dereito e, por tanto, temos un grave problema. Non é unha realidade de hoxe, é unha realidade que leva anos vivíndose. ¿Que provoca? Provoca que teñamos que alterar o sistema de forma que os médicos e as médicas de atención primaria teñan que facer en moitos casos traballo que non lles correspondería e que eles ou elas mesmas cren —como é normal— que debe de estar nos servizos de saúde mental.

¿Que provoca este escenario, por tanto? Que se acuda excesivamente a cuestións como á farmacoloxía. Somos a primeira comunidade autónoma de España en consumo de ansiolíticos, somos a segunda comunidade autónoma de España en consumo de antidepressivos, somos, na última década, a comunidade autónoma que lidera a triste taxa de suicidios en España: morren en Galicia cada ano o dobre de persoas por un suicidio que por un accidente de tráfico. Temos un sistema que non atende as necesidades que temos en saúde mental e isto é un problema gravísimo, porque a saúde mental é certo que foi normalmente agochada, escondida. Socialmente foi sempre un tabú que todavía con moitísimas dificultades comeza a romperse, é un certo espazo gris onde moitas veces nin sequera se fala. Culturalmente, teñen existido verdadeiras atrocidades con respecto á saúde mental. Ese concepto de irmá pequena debemos superalo e estámolo facendo mal, mal, non temos os recursos suficientes. E é máis, en moitas ocasións culpabilízase as vítimas porque parece que un ten dereito incluso a ter un infarto ou a romper unha perna pero non a sentirse mal emocionalmente, e parece que non existe ese dereito. E non é un dereito que ninguén queira exercer pero temos dereito a sentirnos mal e a ter un servizo de saúde mental que hoxe en Galicia non temos. *(Aplausos.)*

Despois do debate que tivemos co conselleiro, despois de tantos debates que dende o noso grupo vimos plantexando neste Parlamento sobre saúde mental, hai algunhas cuestións que se repiten, repítense tanto que son promesas sistemáticas, máis ou menos, unha vez ao ano. Chegan case como o Nadal, repítense e prométense pero, ao final, no ano seguinte vólvense prometer. A mellor maneira de que o Goberno galego poida prometer as mesmas cousas durante anos é non cumprilas, é unha estratexia bastante intelixente para prometer moito pero bastante torpe para poder resolver os problemas.

O que traemos aquí é unha proposta ampla —vostedes coñécena— e certamente ambiciosa, pero que non fai nada máis que recoller compromisos xa efectuados. O problema está en ¿por que...? —con algún matiz, certo é que podemos debatelo—, ¿por que traemos a maior parte dos compromisos que traemos hoxe aquí para aprobar e están xa anunciados? Pois porque se anuncian pero nunca se cumpren, e ese é o problema. Anúnciase persoal para resolver o problema de que sexamos a comunidade autónoma con menor ratio de persoal pero



nunca se cumpre. Anúncianse unidades de hospitalización infanto-xuvenil, nunca se cumpren. Anúnciase a unidade de psicoxerontoloxía en Ourense pero nunca se cumpre. Anúncianse melloras para o centro de Conxo pero nunca se cumpren. Anúnciase un cambio de modelo asistencial en saúde mental pero nunca se cumpre.

E por iso hoxe traemos esta iniciativa, ¿por que? Porque volvemos escoitar outra vez os mesmos compromisos, as mesmas promesas, o mesmo plan de saúde mental que leva anos prometéndose en Galicia, ¡anos! —2012, 2016, 2017, 2019, 2020 e outra vez 2021—, prometidos substancialmente. O Partido Popular promete moi ben pero cumpre moi mal e isto tamén supón un grave problema.

¿Que propoñemos? Propoñemos unha cuestión, dende o noso punto de vista, real, honesta pero ambiciosa; e as tres cuestións se poden plantexar. En primeiro lugar, sobre os recursos, un aumento de recursos. Somos conscientes de que é imposible ser capaces de poñer todos os recursos humanos —é moi difícil— para que estiveramos nas medias —non pedimos nada excepcional— do conxunto de España á fin deste ano, pero si debemos de asumir o compromiso de facelo ao final da lexislatura. E podemos, para iso, debemos, este ano, comprometer un aumento de prazas, que é o que propoñemos.

Propoñemos poñer en funcionamento esa unidade de hospitalización infanto-xuvenil en Vigo, que foi prometida aquí polo Grupo Parlamentario Popular —no seu momento, o seu portavoz en Sanidade— en 2015, que foi prometida polo señor Feijóo en 2016, que foi prometida en 2018 polo conselleiro, en 2019 outra vez polo conselleiro, en 2020 polo señor Feijóo, e en 2021 outra vez polo conselleiro. Pero do que non se fixo nada, e a realidade é que o señor conselleiro contou aquí, hai 15 días, que aínda non se fixo porque había problemas de onde ubicala. ¡O problema é onde ubicala dende hai 8 anos! Pois se o problema é onde ubicala cremos que é necesario resolvelo.

Plantexamos que os plans de saúde mental teñan, indiscutiblemente, un seguimento e unha avaliación, que o Goberno non se faga esa avaliación a si mesmo porque entón sería facer algo de trampa. E plantexamos un modelo asistencial que integre a saúde mental de verdade na atención primaria. ¿Como? Con programas como os que xa estiveron, xa funcionaron, programas piloto neste sentido, xa Galicia tivo algunha experiencia boa, ben cualificada polos profesionais. Que integraba as asistencias, que dotaba da posibilidade de que os servizos de saúde mental estiveran presentes nos centros de atención primaria. Desafogamos os profesionais de primaria e permitímoslles facer de verdade o seu labor, e somos capaces de achegar a saúde mental aos servizos de primaria porque é a maneira de conseguir que sexamos máis proactivos e, polo tanto, máis efectivos.

E plantexamos que superemos algúns problemas administrativos como que o Sergas lles encargue aos concellos facer algún tipo de traballo, se desentenda dalgún tipo de saúde mental e, a partir de aí, considere que iso non é a súa responsabilidade e pase —como está pasando— que hai profesionais sanitarios vinculados aos concellos e non ao Sergas, unha disfunción administrativa profunda. Todo iso o plantexamos, e ademais —permítanme facer un á parte— plantexamos unha mellora para o Centro Psiquiátrico de Conxo. ¿Por que? En 2017 foi coñecido —fíxense, dá medo ata o nome— que o Mecanismo nacional de prevención



da tortura advertira de gravísimas deficiencias no centro de Conxo. O noso grupo trouxo ese debate a este Pleno, escoitamos que eramos oportunistas e escoitamos que xa se estaba facendo; 2017, nós trouxémolo a inicios de 2018. Estamos en 2021, non se moveu nada, ¡nada!

E para ser conscientes do que estamos falando, permítanme ler o que di ese informe, entre outras cuestións: «Insuficiencia xeral de recursos para a atención extrahospitalaria e sociosanitaria. Non existe un control oficial dos pacientes nin un procedemento de seguimento dos pacientes». Sobre os ingresos: o documento de ingreso voluntario non é asinado por ningún facultativo. No expediente administrativo non se inclúe copia do informe médico que se remite ao xulgado coa solicitude de continuar. Non hai informes que avalíen a continuación do ingreso dalgúns pacientes. Os autos do xulgado de continuación de internamento voluntario non contan con motivación suficiente. Non se entregan os informes, non asina ningún facultativo, os autos do xulgado non están suficientemente motivados, pero hai xente que leva alí máis de trinta anos, ¡trinta anos!, trinta anos da súa vida sen que ningún sexa quen de validar se deben seguir alí. Galicia, 2021, aquí, a tres quilómetros. (*Aplausos.*)

Sígolles lendo: «A intimidación dos pacientes abórdase con pouca naturalidade. Casos de sobremedicación en psicofármacos, traballa unicamente unha psicóloga clínica no hospital psiquiátrico, que ten que facer a atención a todos os pacientes. Elevada taxa de incapacitacións e tutelas, aínda que se constata que hai poucas visitas cos titores, en especial cando este labor corresponde á Fundación Pública Territorial». Permítanme que lles termine: «Varios pacientes aludiron ao uso das medidas de contención como medidas de castigo, as medidas de contención. As habitacións individuais onde poden realizarse contencións mecánicas non están axeitadas». ¿Que é a contención mecánica? Pois a través deste informe soubemos o seguinte: que hai pacientes que pasan doce días atados de pés e mans, ¡doce días! Ninguén fixo nada e non é decente.

E nós traemos esta proposta porque, entre outras cousas, cremos que, por enriba das cuestións que podemos debater sobre políticas, isto é urxente, é importante, é decente e é todos os adxectivos que lle queiran poñer. ¡Pero fágano, por favor!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

No pasado Pleno o BNG trouxo a debate nesta Cámara unha proposición non de lei para abordar a gravísima situación na que está a saúde mental de Galiza. Dixemos en múltiples ocasións que a saúde mental era unha das grandes damnificadas da política de recortes do Partido Popular na Xunta de Galiza. E foino durante os once anos de Goberno do Partido Po-



pular coa excusa da crise iniciada no 2008 e os recortes sanitarios. E agora, en situación de pandemia, unha nova crise e a saúde mental todo indica que volve estar no caixón.

Traemos aquí unha iniciativa que eu cualificaba de mínimos, pero xa vexo que todo pode ser segundo a cor con que se mire. Porque, en vistas do que propón hoxe na emenda o Partido Popular, creo que era de máximos a respecto do que parece, que tanto o conselleiro, na súa intervención no Pleno pasado, como da deputada do Partido Popular e da emenda presentada, é evidente que o que o BNG cualificaba de mínimos é moito máis que máximos.

E o BNG demandaba no Pleno pasado unha iniciativa que empezaba por demandar orzamento. Porque calquera outra cuestión que non teña orzamento encima da mesa é papel mollado, e iso significa que as necesidades dos miles de persoas que necesitan atención sanitaria van quedar sen atender. Sen aumento orzamentario o resto é un brindado ao sol e, dende logo, nós non cremos que se poida desenvolver de maneira efectiva o Plan de saúde mental da Xunta sen máis orzamento, cando menos ou cando mínimo, na contía anunciada polo propio Partido Popular, en boca do propio presidente da Xunta de Galiza, que anunciou 84 millóns de euros en 4 anos; co cal, como mínimo, neste ano 2021 corresponderían 21 millóns de euros. E é evidente que nos orzamentos da Xunta non hai esa cantidade e moito menos tampouco hai eses 12 millóns de euros que pretende dicir o Goberno e o Partido Popular que existen nos orzamentos, sumando partidas que pouco teñen a ver con aumentos de nada.

É, polo tanto, necesario aumentar orzamentos, e por iso presentamos unha emenda a esta iniciativa que trae hoxe aquí o Partido Socialista de que se destinen 21 millóns de euros para o ano 2021, que se faga unha modificación orzamentaria e logo, como mínimo, nas 3 anualidades seguintes as contías correspondentes, para achegar eses 84 millóns de euros. Porque sen máis orzamento non é posible máis persoal, e é evidente que as ratios en Galiza de persoal, de psicólogos clínicos, de psiquiatras ou enfermaría están moi por debaixo da media europea, da media de estados que pertencen á OCDE, e da media do Estado español.

No suposto de que se aumentara todo o persoal que contempla ese plan, estaríase na metade do que hai 25 anos se consideraba como necesario. Para o ano 2020 prometeron contratar 54 profesionais e non contrataron nin a metade. Parece que para o ano 2021 a cifra está en 120, imos ver en canto está.

Polo tanto, é necesario o orzamento para incorporar profesionais, para rematar coa vergoña da contención mecánica, para rematar coa sobreutilización de tratamentos psicofarmacolóxicos, porque sen máis persoal seguiremos na situación indecente de que moitas das persoas que necesitan atención na saúde mental, lonxe de ter esa atención, o único que se teñen é medicadas. E máis orzamento para rematar coa lista de espera, que non se teña que estar esperando meses e incluso anos para unha primeira cita, e que a media entre unha consulta e a seguinte sexa de 4 ou 5 meses, co cal non se está prestando a atención precisa. Máis orzamento para a abordaxe inmediata do suicidio. É dicir, sen recursos non é posible facer unha abordaxe. Por iso insisto que presentamos esta emenda.

Tamén demandaba o BNG, no pleno pasado, a creación nos centros de saúde de atención primaria de prazas de psicólogos clínicos, de terapeutas ocupacionais, de logopedas, de tra-



balladores sociais, que permitan a creación de equipos multidisciplinares en atención primaria. Desde logo, a petición de que exista un profesional de enlace entre a atención primaria e hospitalaria, ou que unha persoa dos equipos de atención hospitalaria se desprace de vez en cando a facer consultas a atención primaria, parécenos máis que insuficiente, parécenos tremendamente insuficiente. Un terzo das consultas que se realizan en atención primaria teñen a ver coa saúde mental. Se un terzo das consultas que se realizan en atención primaria teñen a ver coa saúde mental, é preciso que haxa profesionais en atención primaria para atender esta demanda e, de paso, desconxestionar os médicos de familia, que, como todo o mundo sabe, o Partido Popular di que non ten para poder contratar. Non hai ningunha excusa para contratar psicólogos clínicos ou terapeutas ocupacionais ou máis, porque iso si, profesionais si hai nas listas de contratación do Sergas ou nas listas do desemprego. Por iso tamén presentamos unha emenda nesta dirección.

Presentabamos tamén, na iniciativa do BNG, a creación de unidades hospitalarias infanto-xuvenís en cada área sanitaria, como mínimo unha en cada área sanitaria. ¿Por que? Porque é preciso, porque hai moita poboación de nenos e nenas e de adolescentes que precisan atención á saúde mental. Porque é unha constatación, e o están dicindo os profesionais tanto do 061 como dos servizos de urxencias, que está aumentando o número de persoas novas que están chegando a urxencias, as que chegan a urxencias por intentos de suicidio. Se esa realidade é así a situación actual é tremendamente insuficiente.

A unidade de atención infanto-xuvenil no Álvaro Cunqueiro lévase prometendo —díxeno no anterior pleno— desde o ano 2014 polo Partido Popular, polos conselleiros, polos portavoces de sanidade neste Parlamento. E sete anos despois de dicir que se ía facer, que se ía facer e se ía inaugurar co Álvaro Cunqueiro, a medida que se montaba o Álvaro Cunqueiro, ¿de verdade que a petición que se trae hoxe aquí, e o compromiso do Partido Popular, é que se inicien as obras antes de que remate este ano?, ¿de verdade que sete anos despois de que tiña que estar inaugurada, o compromiso do Partido Popular na emenda que presenta é que se inicien as obras antes de que finalice o ano 2021?, ¿de verdade que ese é o compromiso con miles de persoas que necesitan esa atención? Dende logo, no BNG parécenos insuficiente e por iso seguimos demandando (*Aplausos.*), seguimos demandando e presentamos unha emenda para que haxa unha en cada área sanitaria, porque é necesario, e se non se fai estase sen atender a unha poboación tan vulnerable como son nenos, nenas e adolescentes.

En suma, a atención á saúde mental segue sendo unha asignatura pendente. É tan así como que ao Partido Popular nin sequera lle pareceu necesario realizar un estudo para determinar os efectos que a pandemia está a ter na saúde mental da poboación de cara a establecer o alcance deses efectos e tomar as medidas acaídas. Nin sequera iso lle pareceu que había que facelo, nin sequera iso.

E un claro exemplo da dramática situación da saúde mental en Galiza é, efectivamente, o hospital de Conxo. Unha situación denunciada neste Parlamento en moitas ocasións, pola contención mecánica, por suicidios evitábeis. Trouxemos aquí a este Parlamento suicidios producidos en Conxo cando tiñan que ter sido evitables, por carencias manifestas, por carencias, cando a visita da Valedora del Pueblo e o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura. No 2017 foi esa visita, e agora o Partido Popular, catro anos despois,



parece que na súa emenda acepta o contido dese informe, só catro anos tarde. É dicir, o contido dun informe demoledor, que se exixiu a actuación inmediata pola gravidade do que alí se denunciaba, e resulta que o Partido Popular, cando se trouxo aquí o tema, practicamente negaron o problema, minimizárono, dixeron que xa se estaba solucionando, e catro anos despois aceptan o informe.

Van catro anos tarde, señoras e señores do Partido Popular. E a pregunta é, ¿quen resarce do sufrimento causado ás persoas que non se atenderon ou que se tiveron nas condicións inhumanas nas que están no hospital de Conxo? Esa é a pregunta que deberían contestar vostedes, por que non se actuou antes, por que non se actuou despois deste informe e da petición da Valedora del Pueblo, e por que catro anos despois din que aceptan o informe, pero non sabemos en que se vai materializar esa aceptación do informe.

Eu, dende logo, agardo que sexan aceptadas as emendas que presentamos e que cremos que melloran a proposta, mais se non é así votaremos igualmente a favor da iniciativa que o proponente, o señor Torrado, cualificou de moi ambiciosa, e eu creo que é tamén de mínimos, porque son cuestións que, efectivamente, están anunciadas e nunca realizadas; e sería bo que algunha vez o Partido Popular, despois de aprobar iniciativas, se ocupara de que estas se cumpriran.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

A saúde mental é o benestar emocional psíquico e social que permite levar adiante os desafíos da propia vida e da comunidade na que vivimos. Segundo a OMS, a saúde é un estado de completo benestar físico, mental e social e non soamente a ausencia de enfermidade. Isto significa que a saúde mental é máis que a mera carencia de trastornos mentais, xa que inclúe unha mirada multidimensional relacionada co benestar subxectivo, a autoestima percibida, a autonomía, a competencia, a dependencia interxeracional e a capacidade de darse conta do potencial intelectual e emocional da persoa.

Nesta perspectiva a saúde mental definiuse como un estado de benestar mediante o cal os individuos recoñecen as súas capacidades, son capaces de facer fronte ás tensións normais da vida, traballar de maneira produtiva e frutífera, e facer unha contribución á súas comunidades.

E esa mitificación da saúde mental, ese tabú que supón para moitos os problemas mentais, é certo, pero non penso que sexa un problema de falta de profesionais. Máis ben parece un



problema educacional no que todos estamos comprometidos e debemos de contribuír a desmitificar.

Desafortunadamente, na maior parte do mundo a saúde mental e os trastornos mentais non reciben a mesma importancia que recibe a saúde física. Mais, pola contra, foron ignorados e descoidados en gran medida en moitos países. Pero en Galicia a situación é diferente. Para o presidente Feijóo a sanidade pública segue a ser un dos seus máximos compromisos e así o certificou no seu discurso de investidura, onde tamén explicou que nesta lexislatura o Goberno galego poría en marcha o maior plan de saúde mental da nosa historia. E así, en xuño do ano pasado, o Consello da Xunta aprobou o Plan de saúde mental de Galicia pos-covid 2020-2024, no que se contemplan diferentes medidas e obxectivos para a mellora da calidade asistencial das persoas con trastorno mental e tamén destinadas á prevención e á detección precoz, ademais de centrar a recuperación na contorna do paciente para diminuír así o risco de presentar un trastorno mental e, no seu caso, no caso de que este se produza, minimizar o impacto que o seu padecemento ten nas persoas e nas súas familias.

A Organización Mundial da Saúde considera que as circunstancias actuais fan que se duplique o risco de padecer un trastorno mental e, polo tanto, é previsible que aumenten as persoas que poden sufrir depresión e algún tipo de trastorno mental. En consecuencia, resulta unha evidencia asegurar que este plan xa se adaptou para as circunstancias da pandemia e para así poder tratar de minimizar as consecuencias para a saúde mental na poboación galega.

Falamos dun plan ambicioso, falamos dun plan que ten orzados 83 millóns de euros e que conta nos presupostos deste ano con máis de 12 millóns de euros. E baixo estas premisas debo dicirlles que desde o Grupo Popular concordamos en case todo o que o Grupo Socialista propón na súa moción, que, por outra banda, xa foi comprometido polo conselleiro de Sanidade na interpelación do anterior pleno.

E debo dicirlle que temos algúns matices que vou pasar a desglosar e que son os puntos da nosa emenda.

Respecto ao punto número 1, de desenvolver de maneira efectiva e real o Plan galego de saúde mental, comprometéndose a desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais en psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores sociais, enfermeiros especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais. E a creación desas 120 novas prazas antes de finalizar este ano e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio do 2024: concordamos totalmente con ela, e así mesmo anunciou o conselleiro.

Respecto da letra b), nós propoñémoslle unha modificación e a nosa emenda fala de iniciar antes de 2021 as obras desa unidade comprometida de hospitalización infanto-xuvenil no Álvaro Cunqueiro de Vigo. Nós cremos que temos que ser serios, escoitamos o conselleiro de Sanidade falar de que xa está aprobado o plan funcional desa unidade, polo que este ano xa vai ser posible licitar tanto a redacción do proxecto como a execución das obras, que por fin vai ser unha realidade. Hai xa ese compromiso firme de construír e poñer en marcha esa



unidade, pero nós non podemos comprometelos a que estea finalizado o día 31 de decembro deste ano. Non podemos facer trampas, non podemos confundir a xente con datas irrealizables. O compromiso é claro, pero, como escoitamos ao conselleiro, unha obra destas características ten uns trámites imprescindibles por diante e calquera que coñeza a administración pública sabe que hai que licitar a redacción do proxecto, licitar e adjudicar as obras e, obviamente, esas obras hai que acabalas. E en oito meses que quedan iso parece que non vai ser posible.

Teño que dicir que a maiores, neste tema tan sensible e de tanta transcendencia, o Goberno galego vai moito máis aló e somos moito máis ambiciosos. E está comprometido e está prevista a creación en todas as áreas de sanitarias dun hospital de día de saúde infanto-xuvenil que vai permitir que vai permitir unha atención especial de alta intensidade, para así dar unha resposta máis intensiva e frecuente e que, no posible, minimize a necesidade de ingreso dos pacientes máis xoves.

Respecto da letra c), da creación da unidade de psicoxeriatría na área sanitaria de Ourense, totalmente de acordo, quedaría igual.

E na letra d) nós propoñémoslle unha modificación. Nós falamos de manter a sistemática de seguimento e avaliación establecida no propio plan e dar conta anualmente ao Parlamento de Galicia sobre a implantación do plan e o avance de cada proxecto. Esta é a fórmula de avaliación que está prevista no plan e non podemos esquecer que este plan naceu froito dunha consulta e participación e consenso no cal estiveron dende a Asociación Española de Enfermería de Saúde Mental, a Asociación Galega de Pediatría, de Psiquiatría, de Saúde Mental, de Pais e Nenos con Problemas Psicosociais, o Colexio Oficial de Psicoloxía, de Traballo Social, a Cruz Vermella, a Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade, a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia, e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

Respecto ao punto número 2, nós aquí tamén lles propoñemos un cambio, que é mellorar a conexión e coordinación entre os servizos de saúde mental e atención primaria, a través desa figura do facultativo consultor, coa contratación deses sete psicólogos clínicos, un por área sanitaria, tal e como establece o plan. Un dos obxectivos principais que se recollen no plan é o de favorecer o acceso aos tratamentos en saúde mental coa finalidade de realizar unha intervención precoz e evitar a cronificación. Neste senso, está previsto favorecer o desenvolvemento de programas de enlace coa creación de equipos multidisciplinares para prestar unha atención integral á depresión, unha das patoloxías de saúde mental máis prevalentes na atención primaria.

Respecto ao número 3, que fala de Conxo, xa se falou aquí. Estamos totalmente de acordo nese punto.

E, finalmente, no punto número 4 nós propoñémoslle un cambio, que é establecer un diálogo coa Federación Galega de Municipios e Provincias para avalar eses mecanismos que van permitir chegar a un acordo de integración progresiva no Sergas dos servizos sanitarios de saúde mental que se prestan nos servizos dependentes das administracións locais, para or-



denar esta atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria, que é a Administración autonómica.

Polo tanto, tendo en conta que concordamos no 90 % da súa iniciativa e coas matizacións, que poden ser facilmente asumibles por todas, nós esperamos poder chegar a un acordo nun tema de tanta transcendencia social que nos afecta a todos, e, sobre todo, estaríamos dando unha mensaxe de unidade e de entendemento moi importante para toda a sociedade galega.

Un acordo nun tema no que a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Sanidade, adicou tanto esforzo por acadar, coa cooperación das sociedades científicas, dos colexios profesionais e das asociacións de pacientes, un plan de saúde xa moi ambicioso, que vai priorizar a realización de proxectos dirixidos a diminuír o impacto da covid-19 na saúde mental e no benestar emocional das persoas, que trae consigo un reforzo do número de profesionais nos dispositivos asistenciais do Sergas para desenvolver programas específicos orientados á atención, o trauma e a depresión, e no que se prestará, ademais, unha atención especial aos maiores e ás persoas ingresadas en centros sociosanitarios e o apoio ás mulleres e homes profesionais sanitarios da primeira liña de atención fronte ao covid-19.

Se hai vontade chegaremos a un acordo para a mellora da atención da saúde mental dos galegos e das galegas. Por nós non vai haber obstáculos para o acordo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

En todo caso, máis alá do debate, quería agradecer o ton das intervencións, creo que son construtivas e poden sempre contribuír máis facilmente a chegar a algúns acordos.

Quería agradecer o apoio que mostrou incondicionalmente o BNG, debido á toda a súa intervención. Quero lembrarlle que nós xa votamos a favor da iniciativa do BNG no pleno pasado; digo que case parecía que me pedía o voto para a súa iniciativa, pero en todo caso xa lle votamos a favor, e estaba ben, era interesante.

Falaría agora das emendas. Quería mencionar que parece que algunhas veces falamos dende lonxe dos temas. Todos os datos que foron mencionados aquí son datos prepandemia, o que ten que ver co feito de que, se antes parecían preocupantes, estamos nunha situación peor. Polo tanto, creo que debemos ser conscientes de que, máis alá dalgúns regates, é interesante que sexamos quen de poñernos no lugar daqueles que sofren as promesas repetidas e incumplidas. E sobre iso, eu creo que é importante mencionar as emendas.



E sobre o debate, imos falar das políticas concretas. A señora Prado achacábame, eu entendo que dende a lóxica do debate, que este é moito máis de mínimos. Bueno, é un pouco realista, digo, por poñer un exemplo: se aceptamos todas as unidades de hospitalización nun ano pero só 21 millóns, unha das dúas cousas é imposible. Entón, está ben pedir todas as cousas pero, se é posible, hai que pedir cousas que sexan factibles. Por iso nós plantexamos unha transacción, coñécena os grupos e a Mesa, por se fose posible votala, pero, en todo caso, varias das cuestións que transmite o BNG creo que enriquecen, e polo tanto incluímolas e por iso nos parece razoable. Defendemos ata onde cremos que é posible.

Sobre a emenda do Partido Popular, algunhas das cuestións están incluídas: o acordo coa Fe-gamp, por exemplo. O do comité de avaliación sempre nos sorprende porque o comité de avaliación pide que se plantexe o formato actual. O formato actual supón que a consellería vai avaliar como fai a consellería, e ¡home!, eu non lle son moi adiviño pero normalmente vai dicir que ben. Pode ser que non, di o señor Rodríguez, pode ser que ben. Eu non sei se vostede, avaliándose a si mesmo, igual pensa que o fai mal. Non, non iría moi desencamiñada a cousa, pero, en todo caso, eu diría que a consellería sempre pode dicir que o fai máis ou menos ben.

Sobre as demais cuestións, eu vexo que a señora Amigo pasou por riba das promesas da unidade de infante-xuvenil en Vigo. Voulle lembrar: 2015, 2016, 2018, 2019, 2020 e, o outro día, 2021. Isto é —xa que é de Vigo—, como aquela canción *Promesas que no valen nada*, por poñernos un pouco popeiros.

Claro, a unidade de psicoxerontoloxía de Ourense xa leva moitas máis promesas de moito antes. Xa leva promesas... eu non sei eu, diría que como oito ou nove veces que se prometeu xa, señora Amigo, e que ese é o problema deste goberno, que promete moito. Pero logo, cando hai que executar, cala. *Me gusta cuando prometes porque estás como ausente*. É que, ¡claro!, é que temos un problema. *(Aplausos.)*

E permítame que me volva parar na cuestión de Conxo. Vostede, señora Amigo, dixo, e eu agradézollo: no de Conxo debemos estar de acordo. Ben, o problema está en que en 2017 dixeron exactamente o mesmo, e son catro anos, e para nós catro anos transcorren dunha determinada maneira, pero para as persoas ingresadas en Conxo transcorren distinto e, a verdade, non é aceptable que un país viva cunha situación como a que ten o centro psiquiátrico de Conxo, é inaceptable. E, por tanto, nós agardamos que se poida aprobar. Vostedes presentan unha emenda que non toca iso e, polo tanto, cremos que se pode aprobar, pero a cuestión xa non é aprobar, a cuestión é que se faga, se o aprobamos fágase, porque se non estaremos aquí en xaneiro do ano que vén discutindo sobre por que non se fixo algo que se acordou aquí e vostedes trasladarán: estamos moi de acordo; pero de tanto están de acordo a ver se algunha vez se fai algunha cousa, que iso sería o máis importante.

Permítame unha cuestión de forma, porque vostede non tocou moitas das iniciativas. Unha cuestión de forma, é unha cuestión persoal, ¡perfecto!, na técnica parlamentaria cando, de oito parágrafos e unha cousa así como trescentas palabras se tocan oito ou dez, as emendas, creo eu, non deberan ser de substitución, non vaia ser que alguén poida pensar que se fan para que se borre e que sexa doutro partido e poder aprobar. Non pasa nada por que se aproben cousas doutro partido, ás veces dicimos cousas con sentido, ás veces.



Polo tanto, eu creo que deberían modificar esa maneira de facelo. En todo caso, esta é unha proposta sensata, cremos que sensata, está xa prometida, algunhas, é certo, moitas cousas. A pregunta que está aquí agora é ¿que vota o PP sobre as promesas que fai o PP? Porque sería extraordinario que o PP votase en contra dalgunhas destas cousas cando prometeu todas elas. E tradúcese no debate tradicional de se somos de palabras ou de feitos. Vostedes din que son moi de feitos, pois imos ver que votan sobre todas estas cousas, nalgunhas eu creo que, se xa non as tocaron na emenda, van estar a favor; e outras, que é a cuestión do que estamos falando ¿que van votar sobre as cousas que vostedes mesmos propuxeron? Porque este é o debate, a ver se vai ser que ao final sobre as cousas que propoñen vostedes nós imos votar a favor e vostedes en contra, que sería fascinante.

En fin, en todo caso, eu agardo que a proposta sexa votada por unanimidade, ¿por que? Porque todas elas foron anunciadas e dende os grupos da oposición todas elas foron demandadas durante tempo, e se son necesarias e estamos de acordo en que son necesarias...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...eu estaría encantado de saber cal sería o voto en contra. Polo tanto, como entendo que non, agradezo de antemán o voto a favor.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero.

Non se acepta a emenda do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38; abstencións,

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



Votación da Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa crise económica e social que asola a comarca de Ferrol

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38; abstencións, 0 resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D. Julio Torrado.

Hai unha proposta de transacción que se fixo chegar aos grupos.

Si, señora amigo, ¿para que quere a palabra?

A señora AMIGO DÍAZ: É que non estamos de acordo coa transacción. Imos pedir a votación por puntos. Imos pedir separados votar, no punto número 1, 1a) e 1c); o punto número 3, e o punto número 4.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede a votación por puntos, señor Torrado?

O señor TORRADO QUINTELA: Quería preguntarlle se a votación por puntos é sobre a proposta orixinal ou sobre a proposta transaccionada. Esa é a pregunta.

A señora AMIGO DÍAZ: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non aceptamos a emenda do BNG, que vostede me fixo chegar aquí, *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)*... na transacción.

O señor PRESIDENTE: Ela,... Imos ver, señor Torrado, creo que ela lle está formulando que na... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu tamén, xa somos dous.

O señor TORRADO QUINTELA: A emenda do BNG acéptoa votar por puntos, por se non queren votar a emenda do BNG sobre a transacción... E da transacción, que coñecen os grupos e a Mesa, eu permítole ao PP que escolla os puntos que queira votar. Da transacción incluso, quero dicir.

A señora AMIGO DÍAZ: O 1a) e o 1c), o punto número 3 e o punto número 4 por separado, da transacción. E o punto número 4 por separado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Da transacción.

O señor PRESIDENTE: [...] da transacción. ¿Acepta vostede esta votación?

O señor TORRADO QUINTELA: Non hai ningún problema.



O señor PRESIDENTE: Moi ben.

Pois entón imos votar, en primeiro lugar, os puntos a) e c) do punto 1 da moción. Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, iso despois posiblemente. Imos separar por puntos.

Entón do punto 1, que está subdividido en dous puntos, imos votar o a) e o c), que son os que pediu ela que se separaran. Imos votar do punto 1 a separación destes dous. Votamos.

Votación das alíneas a) e c) do punto 1 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, aprobados estes dous puntos.

O señor PRESIDENTE: Agora imos votar os puntos b), d) e e) deste primeiro punto. Votamos.

Votación das alíneas b), d) e e) do punto 1 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 2. Votamos.

Votación do punto 2 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto número 2.

O señor PRESIDENTE: E agora, por último, votamos os puntos 3 e 4. Votamos.



Votación dos puntos 3 e 4 da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.

Declaración Institucional

O señor PRESIDENTE: E agora voules ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, tras un acordo ao que se chegou hoxe á mañá, sobre a candidatura de don Francisco Javier Pitillas Torra ao premio Príncipe de Asturias da Concordia, e que di:

«O Parlamento de Galicia declara, por acordo de todos os grupos parlamentarios con representación na Cámara, o seu apoio á candidatura de D. Francisco Javier Pitillas Torra, fundador de Discamino, para a concesión do Premio Princesa de Asturias da Concordia.

Francisco Javier Pitillas, nado en Vigo en 1962, é un sarxento da Policía Local de Vigo, atleta de éxito internacional e fundador no ano 2009 de Discamino, un proxecto que axuda a persoas con discapacidade a realizar o Camiño de Santiago loitando pola igualdade de oportunidades.

Entre os méritos de Javier Pitillas, no ámbito persoal e profesional, poderíamos destacar unha prolífica carreira deportiva na disciplina do atletismo —foi subcampión absoluto de España 2 veces, internacional en 6 ocasións e campión de España de veteranos—.

En 1996 comeza a compatibilizar o seu labor profesional coa de adestrador de atletismo a usuarios da ONCE, e trece anos despois, cun compromiso social e persoal permanente coas persoas con discapacidade, crea o proxecto Discamino, destinado a posibilitar a realización do Camiño de Santiago a persoas con grandes discapacidades como unha vía de integración e superación persoal, contribuíndo a axudar, visibilizar e difundir a cultura do deporte e do esforzo, así como o respecto e o recoñecemento á valía de todas as persoas, con independencia das súas capacidades.

O Camiño de Santiago é a fiel imaxe dun itinerario cultural común, centrado na cooperación e a solidariedade de todos os que el transitan. Tras 11 anos, Discamino conta cun equipo de 90 persoas voluntarias que posibilitou que 115 persoas con discapacidade puidesen vivir esta experiencia. En total, desde o ano 2009 e de forma ininterrompida, leva xa 72 camiños realizados, entre os que se inclúen: 2 desde Roma, 4 desde Roncesvalles, 2 veces a Ruta da Prata, a volta ciclista a España, a volta ciclista por Andalucía, outra volta pola provincia de Cádiz, outra volta polo Cantábrico, unha ruta polos Alpes, a Transpirenaica e moitas máis.

Esta iniciativa permitiulle recibir premios de recoñecido prestixio á solidariedade, como as Medallas Castelao no ano 2014 ou a Condecoración da Orde de Mérito Civil por Felipe VI no ano 2015, condecoración que recoñece aos cidadáns anónimos que coa súa conduta exemplar fan grande a España.



O Premio Princesa de Asturias da Concordia sería un merecido recoñecemento a unha persoa que manifestou ao longo da súa traxectoria vital un profundo amor, humildade e xenerosidade, e que conseguiu atopar, a través do deporte e do Camiño de Santiago, unha vía para facer felices centos de persoas con especiais dificultades. E esta distinción significaría un recoñecemento non só á súa persoa, senón tamén a unha iniciativa que constitúe un referente dos valores que conforman a concordia.»

(Apróbase por asentimento).

Moitas grazas, que teñamos éxito, que el ben o merece.

Ímoslle dar un aplauso. *(Aplausos.)*

E continuamos coa orde do día, agora xa pasamos ás proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a establecer facilidades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas, dando cumprimento ás vontades da Lei 5/2015, así como para realizar as actualizacións e adecuacións necesarias no sistema legal e sanitario de Galicia para acompañar os mecanismos públicos aos avances sociais xerados a partir da aprobación da Lei orgánica de regulación da eutanasia no Congreso dos Deputados e garantir a posibilidade de exercer ese dereito en Galicia en plenitude de condicións

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda esta proposición non de lei:

Emenda de adición:

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

«4. Realizar de inmediato as accións precisas para o cumprimento do establecido na Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais na súa Disposición adicional única. Difusión e promoción da lei: A Xunta de Galicia, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, levará a cabo as actuacións precisas tanto para darlle difusión a esta lei entre as e os profesionais e as cidadás e os cidadáns galegos como para promover entre a poboación a realización do documento de instrucións previas.»

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:



Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Proposición non de Lei polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Estender as facilidades para a recollida e aceptación do documento de instrucións previas coa habilitación de recepción, baixo as condicións de garantías actuais, por parte do persoal dos centros sanitarios.*
- 2. Abrir a posibilidade de, en diálogo coas entidades implicadas, mellorar o documento estandarizado de instrucións previas, habilitando a posibilidade de modificalo para ser máis explícito e facilitador das decisións no caso de ter que ser aplicado.*
- 3. Continuar coa aplicación da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, incorporando progresivamente calquera avance científico que colabore na prevención e alivio da dor e o sufrimento dos enfermos terminais, evitando a obstinación terapéutica e procurando a ortotanasia ou boa morte do paciente.*
- 4. Dirixirse ao Goberno central para solicitarlle que constitúa un grupo de traballo multidisciplinar sobre a aplicación da Lei Orgánica de regulación da eutanasia, no que participen polo menos as sociedades científicas (especialmente as vinculadas aos cuidados paliativos), o Comité de Bioética de España e o Consejo General de Colegios Médicos de España, entidades todas elas coas que non se contou na fase de elaboración desta Lei, para tratar todas as cuestións que suscita a súa entrada en vigor e permitir que a súa aplicación se faga con plenitude de garantías no sistema legal e sanitario.»)*

Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Non somos os primeiros pero teñan por seguro que non seremos os últimos. Seguramente máis de algún dos que están nesta Cámara lembrarán estas verbas da política recente estatal, ao aprobar algún dereito civil que enche de orgullo a todo un país e que é mérito de todo un país, de todo un país. Serían perfectamente aplicables agora grazas á oportunidade que nos dá a política de desfrutar de dereitos que antes non tiñamos e agora temos. Este país ten un dereito máis e iso sempre é un motivo de satisfacción. Cremos, dende o noso grupo, que, con todo o orgullo de ser o partido que promoveu este recoñecemento, é un mérito que sería absurdo arrogarnos, non ten ningún sentido. É un mérito obter un dereito, que non é unha obriga, e é un mérito de toda a sociedade, de todos os partidos que o apoiaron aquí nesta Cámara, tamén o BNG participou desa aprobación e merece todo o recoñecemento a súa aportación. Pero, sobre todo, permítanme o agradecemento, dicía Ascensión Cambrón, voceira da Asociación polo Dereito a Morrer Dignamente, en días recentes, que é o mérito e é a satisfacción de todas aquelas persoas que se sacrificaron con moita dureza, e que incluso faleceron en circunstancias que non quixeran, pero que a través delas e da súa loita tamén é este éxito un éxito que merecen: María José Carrasco, Maribel Tellaetxe, Luis de Marcos, Ramón Sampedro... En definitiva, todas aquelas persoas que durante moito tempo viron como había un



dereito que crían necesario, que crían digno, pero que non tiñan recoñecido, e loitaron por el moito máis do que o facemos os que nos dedicamos á política nas cámaras, que unicamente transmitimos unha vontade popular que, neste caso, a ninguén se lle pode escapar que chega tarde, pero ben é e ben chegado se chega e, por tanto, nós queremos celebralo.

Queremos tamén reivindicar neste caso a figura do doutor Luis Montes, xa falecido, probablemente unha das persoas cun compromiso humano máis potente que se puido ver neste país. *(Aplausos.)*

Este é un dereito que non condiciona outros, que non obriga, porque os dereitos non obrigan, teñen esa virtude e esa marabilla de darlles ás persoas a oportunidade de escollelos, de ter a oportunidade de utilízalos ou non. Como todos aqueles dereitos, este fai exactamente o mesmo.

Nós comprendemos —non podería ser doutra maneira—, entendemos todas as dificultades, todas as resistencias. Comprendemos as reticencias e comprendemos, ademais, e pretendemos respectar con toda vontade e honestidade todas as opinións e posicións ao redor do dereito á eutanasia, da morte digna e de todos os debates que se dan en cuestións que entendemos profundamente morais e que corresponden á ética persoal. É inasumible que non se comprendan, é inasumible que non se respecten.

Pero iso son opinións e posicións que, sendo absolutamente respectables, deben —e sabemos que debe ser así, que será así— respectar a vontade colectiva, que agora está transformada en dereito.

É imposible non recoñecer tamén que este Parlamento tivo e deu os seus pasos en 2015 cara a unha lei de garantías, unha lei que contou cun apoio maioritario, amplísimo, de todos os grupos desta Cámara. Eu non era membro desta Cámara pero nunca me cansarei de agradecer a todos os grupos, a todos os grupos, todo o traballo que fixeron, e créanme que no meu interior eu os aplaudo constantemente por ter sido capaces de chegar a aquel acordo, ao que chegaron con traballo, con esforzo e con diálogo. Aquela foi unha lei que para uns sería un paso de máis, para outros insuficiente, pero foi unha boa lei, é unha boa lei e, dende logo, o noso recoñecemento e o noso aplauso para aquelas persoas que traballaron e para os grupos que a aprobaron, porque así é, así se dan os grandes avances.

Esta é a oportunidade de que demostramos que a política e a xestión deben de ir unidas. A política recoñece dereitos, impulsa liberdades, e neste caso traballamos ou debatemos sobre dereitos que teñen que ver cunha cuestión evidentemente delicada pero que necesitamos que a política recoñeza. Necesitamos, ademais, que esa política se traduza despois en feitos, porque un dereito recoñecido pero que non se pode exercer non é un dereito, é un papel mollado. E, por tanto, somos responsables dende a xestión e, especialmente, aqueles que teñen competencias máis directas, de non frustrar os desexos, de non frustrar as vontades populares que se expresan e que conseguen avances.

Nós traemos a esta Cámara unha proposición non de lei que pretende axustar, afinar cuestións que cremos que na lexislación autonómica poden ser mellorables e que plantexamos



que se adapte ás novas realidades legais no estado, que lle corresponderá a Galicia, á Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade fundamentalmente, desenvolver e por iso cremos que é necesario.

¿Que plantexamos no plano máis técnico da xestión? Plantexamos un debate sobre a necesidade de asegurar que a lei de 2015, a Lei 5/2015, de garantías, se cumpre. Porque, sexamos francos, aquela lei aprobouse e foi unha gran aprobación, pero non se cumpre fielmente, non é fácil que se cumpra. As persoas que queren acollerse ás cuestións que transmite a Lei 5/2015, a lei de garantías, unha lei que regula os dereitos ao final da vida das persoas, dos enfermos terminais, non se cumpre de maneira efectiva.

Galicia ten hoxe o rexistro menor en número de documentos de instrucións previas, de testamentos vitais, o menor de toda España. E en ningún sitio está escrito, é máis, está evidenciado o contrario, que a opinión e a posición ideolóxica dos galegos e galegas é semellante ao resto de comunidades autónomas en España. As diferenzas son mínimas e, por tanto, non é explicable que teñamos un rexistro tan baixo. ¿Por que se dá? Porque hai dificultades, hai dificultades. As persoas que queren rexistrar o seu documento de instrucións previas teñen dificultades en elaboralo porque a consellería entorpece, é o problema, e teñen dificultades en rexistralo e en que se acepte, porque a consellería entorpece o problema. Entorpece a situación a través de provocar burocracia ineficiente, probablemente demasiado ampla e probablemente alonxando a posibilidade de moitas persoas de recorrer a eses dereitos que teñen recoñecidos. Como dicimos, un dereito recoñecido é fundamental, pero un dereito non desenvolvido é unha frustración e, polo tanto, plantexamos a través desta iniciativa mellorar esa cuestión.

Plantexamos tamén que, existindo como existe dende esta semana pasada unha lei que recoñece un dereito, para nós importantísimo, é necesario que a Xunta de Galicia faga a súa parte de traballo. Como dicimos, somos conscientes das dificultades e de que a xestión e a aplicación dos dereitos ten a súa complexidade, pero é o momento da xestión e é o momento dos políticos e políticas que traballan en desenvolver aquelas normativas que están en marcha.

A Lei da eutanasia é unha lei garantista, probablemente moi garantista dende algúns puntos de vista, que pretendía unha lei máis fácil, é excesivamente garantista, e para outros será excesivamente libertaria, pero esa é a cuestión, que é a que temos e que é aprobada. Pero debe ser efectiva, e para iso Galicia ten algunhas misións.

Nós propoñemos tamén, nesta iniciativa, que se axilicen os mecanismos para que se faga posible a súa aplicación. ¿Que mecanismos? Galicia debe nomear unha comisión que traballe e que avalíe as circunstancias, unha comisión de control, de seguimento, e esa comisión ten tres meses para avaliarse, para conformarse. Non entenderíamos, ninguén entendería, que existise un atraso innecesario na aplicación, porque un pode non estar de acordo coa lei — é perfectamente lexítimo —, pero o que non pode é inaplicala, ou non pode dificultar a súa aplicación. E nós vimos aquí a dicir que isto ocorre, ocorreu no 2015 nalgún caso moi coñecido e triste. Ocorre na Lei de interrupción voluntaria do embarazo, e ocorre en casos onde as leis ás veces non concordan coa posición ideolóxica deste Goberno, e queremos que iso non pase.



En definitiva, queremos que se poidan desenvolver os dereitos. Non é así no caso da Lei do 2015, que é unha gran lei en recoñecelos pero non en desenvolvelos, e queremos que non ocorra coa Lei da eutanasia, ¿por que? Porque o dereito á eutanasia é un dereito que respecta profundamente dúas cuestións esenciais: unha, á liberdade e outra, á vida. Porque hai poucas maneiras de respectar tanto a liberdade e a vida como permitir ás persoas a liberdade de escoller como e cando terminar coa súa propia vida, porque as persoas non lle teñen medo a morrer, téñenlle medo a sufrir, e somos unha sociedade que podemos permitirnós aforrar sufrimento, e ese é un gran avance para todos, e por iso queremos que se cumpra.

En definitiva, queremos facer aquilo que dicía García Márquez, que hai que iniciar unha arrasadora utopía onde ninguén poida decidir por outros nin sequera a forma de morrer. E por tanto, nós queremos un gran acordo nesta Cámara, para saber que podemos seguir dicindo que seguimos sendo pioneiros, que seguimos sendo grandes no exercicio, no dereito e no recoñecemento dos dereitos, e para iso traemos esta PNL.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Boa tarde de novo.

Dicía esta mañá a deputada do Partido Popular, a señora Prado del Río, no debate da toma en consideración da proposición de lei Ángeles Alvariño, impulsada polo BNG, que o problema non era a falta de lexislación, senón que o problema é o incumprimento da lexislación existente, o incremento das leis. E eu concordo plenamente nesa afirmación, pero teño que engadir que, efectivamente, unha lei, se logo non se cumpre, é papel mollado, e teño que dicir que o Partido Popular é especialista en non cumprir as leis, sobre todo cando se trata de dereitos. E exemplos abundan, ¿non? Necesitaría bastante máis que o tempo que teño para esta intervención para nomear eses incumprimentos.

Efectivamente, no 2015 aprobouse neste Parlamento a Lei 5/2015, de dereitos de garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. Unha lei que regula o dereito dos galegos e das galegas enfermas terminais a decidir sobre o proceso final da súa vida. E xa dixemos naquel momento que non era a lei de máximos que lle gustaría ao BNG, que había cuestións que consideramos importantes que non quedaban reguladas. Outras, como a non existencia da obxección de conciencia, que si que quedou regulada, pareceunos un paso importante, e, efectivamente, foi unha lei aprobada por unanimidade, froito de cesións, de cesións dos grupos que naquela altura debatemos esa lei. E dixemos que, efectivamente, non era a lei de máximos, que criamos que había que seguir avanzando en medidas lexislativas para deixar de penalizar as persoas que non teñen outra forma aceptábel de evitar o sufrimento que deixar de vivir, que é diso, realmente, do que se trata, o que estamos abordando hoxe.



A loita por unha morte digna, dende logo, no BNG cremos firmemente que forma parte pola loita por unha vida digna, e defendemos a necesidade de ter instrumentos legais para conseguir eses obxectivos que permitan ás persoas avanzar no control da súa vida e, polo tanto, tamén no control da súa morte. Conseguir recoñecemento legal do control da vida e da propia morte ten relevancia neses avances de dereitos, que, dende logo, o BNG sempre vai estar aí impulsando. E defendemos que cada persoa puidera decidir libremente onde e como vivir, e tamén como morrer en caso de enfermidades sen solución e que non permitan recibir máis axuda sanitaria.

Esta Lei de garantías da dignidade das persoas enfermas terminais regula o rexistro de instrucións previas, o testamento vital, a decidir como se quere que sexa a súa morte, a plantexar o seu final, mais non regula como efectivizar ese dereito, e ese é un dos problemas que quedou sen concretar. Dixemos que rexistrar o desexo das persoas no momento da súa morte non supón ningunha garantía de que se cumpra, xa que non se establecen nesa lei obrigas. Insistimos, foi un avance pero non se establecen na lei obrigas.

Por iso, consideramos que procede a iniciativa que hoxe trae aquí o Partido Socialista, porque insisto en que a lei que non ten mecanismo para efectivizarse e non se efectiviza é papel mollado e, polo tanto, estánselles negando dereitos, ou dificultando o desfrute deses dereitos, ás persoas que si deberían poder exercelos.

O dereito a unha morte digna, o testamento vital, permite ás persoas plantexarse o final, discutir os valores coas persoas próximas, co seu entorno familiar ou co seu entorno de amizades. E o problema é que non se ten feito absolutamente ningún esforzo por parte da Xunta de Galiza para estender e efectivizar ese dereito. E, polo tanto, non se permite esa liberdade de decidir o final.

E por iso á iniciativa que presenta o Partido Socialista o BNG presentámoslle unha emenda, que literalmente é a disposición adicional única da lei, que consta na mesma, recollendo unha emenda que presentou o BNG, para establecer prazos para popularizar a existencia desta lei, porque aquilo que non se coñece é difícil que as persoas se acollan a el. É unha emenda que, textualmente, é esa disposición adicional única, e que di que a Xunta de Galiza, no prazo máximo de tres meses —estamos falando de tres meses do ano 2015, evidentemente estamos falando case de seis anos despois— desde a entrada en vigor da lei, levará a cabo as actuacións precisas, tanto para darlle difusión a esta lei entre os profesionais, as cidadás e os cidadáns galegos como para promover entre a poboación a realización do documento de instrucións previas. Era unha salvagarda de que, efectivamente, sendo conscientes do aberto que quedaban determinados aspectos da lei, que nun prazo curto se fixera ese labor de popularización da lei. É evidente que non se fixo, co cal é papel mollado.

E sigo insistindo en que, a pesar de todo iso, esa lei foi un avance, igual que é un avance a aprobación da Lei de ordenación e regulación da eutanasia que se acaba de producir hai uns días, unha lei que se fixo agardar, que, igual que o caso da Lei de dereitos de garantías e dignidade das persoas enfermas terminais, é unha realidade moi importante grazas ao esforzo e o sacrificio tanto de colectivos, como a Asociación polo Dereito a Morrer Dignamente, como de persoas individuais. E en Galiza esa individualización é preciso facela no caso de



Ramón Sampedro e outros moitos. Aquí nomeáronse antes outras moitas máis e é certo que o papel, o impulso, que a actuación de Ramón Sampedro realizou dese dereito a decidir o final da vida foi moi importante. Importante o avance, porque despenalizar a eutanasia non significa a obriga de optar por ela —xa o dixemos en máis ocasións— senón ter oportunidade de elixir, ter opcións, do que se trata é de ter dereitos e ter opcións. Ninguén obriga a acollerse a unha lei se considera que non a necesita, ou que non é necesario, pero é moi importante ter a oportunidade de facelo se alguén considera que necesita poñerlle fin á súa vida, porque considera que é insoportable xa continuar coa vida que leva.

Un avance que tamén consideramos que é insuficiente, pois hai cousas que non quedaron recollidas. Facía antes referencia á obxección de conciencia, que quedou recollida na Lei de garantías dos enfermos terminais en Galiza, mais non queda recollida nesta regulación da eutanasia. Ou cuestións que tamén quedan en certa ambigüidade. Pero, a pesar de todo, iso é un avance moi importante que, dende logo, no BNG tentaremos mellorar no futuro.

E do que se trata é de que ninguén lle impoña a obriga de vivir a ninguén cando considera que non é soportable seguir con esa vida. Trátase de ser donos da propia vida e de ser donas da propia morte. Porque no BNG partimos da premisa de que a vida é un dereito, non é unha obriga, é un dereito.

Esta regulación é un avance tamén fronte aos que pretenden sacralizar a vida e antepoñer unha suposta vontade divina fronte á liberdade e a escolla persoal, mais logo tamén non poñen ningún empeño nin esforzo en conseguir que esa vida sexa digna para moitos miles de persoas. E, dende logo, cremos que non parece de recibo pretender que nun estado —que, oficialmente, o Estado español é aconfesional— existan leis ou normativas que poñan por riba do dereito persoal bases éticas e morais directamente vinculadas co divino e non cos dereitos das persoas.

Insisto en que é un avance. Imos votar a favor desta iniciativa, se acepte a emenda do BNG ou non, mais este avance, evidentemente, non foi unánime no Congreso dos Deputados, e é un avance fronte aos que puxeron todo tipo de problemas e dificultades.

E quero aclarar que, se por parte do proponente se vai a aceptar o punto 4 da emenda que presenta o Partido Popular, que non imos votar a favor desa emenda, porque é unha emenda que, máis unha vez, pretende que sexa no Estado onde se tomen decisións a respecto de algo que xa queda regulado, e na Lei de ordenación da eutanasia que se aprobou recentemente no Congreso dos Deputados queda establecida, no seu artigo 17, a creación e composición da Comisión de garantías e avaliación, que é esa comisión que hai que crear en cada comunidade autónoma no prazo de 3 meses desde a entrada en vigor deste artigo 17, e onde esa comisión ten a competencia para aplicar o que se establece nesta Lei da eutanasia, sen necesidade de máis coordinación, sen necesidade de tutelas nin de manobras de distracción, como pretende ser esta emenda no seu apartado 4, que é deixar que se cree no Estado algo que non é necesario crear para —eu agardo que non sexa iso— non crear esa comisión en Galiza, e furtarlles aos galegos e galegas o dereito de desfrutar en canto entre en vigor esta Lei da eutanasia.



Eu agardo que isto non sexa así e que no prazo establecido de 3 meses desde a entrada en vigor desta lei, en Galiza teñamos a constitución desa comisión de seguimento e avaliación, para que todos os galegos e galegas que o queiran, que o precisen e que o demanden se poidan acoller a esta Lei de regulación da eutanasia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

É unha evidencia que a morte constitúe a única certeza que temos os seres humanos desde o momento mesmo en que nacemos; e, dada a evolución da nosa sociedade, véñse producindo unha participación cada vez maior dos sistema sanitario no proceso sanitario, no proceso de morrer, aínda que non sempre da maneira máis adecuada. Recoñecer a naturalidade da morte e procurar a paz ao final da vida deben entenderse como elementos do noso patrimonio institucional e debemos enraizalos no código ético da organización sanitaria galega.

Este é o primeiro parágrafo da exposición de motivos da Lei de garantías e dereitos da dignidade das persoas enfermas terminais, que aprobamos —como vostedes ben dixeron— neste Parlamento por unanimidade no ano 2015. Unha magnífica lei da que nos sentimos moi orgullosos, non só pola forma na que foi tramitada, contando co apoio dos profesionais sanitarios, senón tamén polo consenso acadado polos grupos desta Cámara. Unha lei que foi tomada como referencia noutras comunidades autónomas e que está servindo para protexer e respectar a dignidade da persoa ata o final da vida, os dereitos e desexos dos pacientes terminais, garantindo que reciban coidados paliativos. Pero tamén os tratamentos axeitados encamiñados a conseguir a boa morte, aquela que ocorre sen dor e sen sufrimento, aquela que desexamos para todos nós e para todos os nosos.

Dende esta tribuna gustárame unir-me tamén á felicitación e felicitar os ponentes desta lei que continúan aquí sendo deputados, o presidente do Parlamento, Miguel Santalices, que foi o ponente polo Grupo Popular; a señora Prado, polo Grupo do BNG, e o resto dos ponentes dos grupos que non continúan sendo deputados nesta lexislatura: a señora Cuña, polo PSOE; a señora Solla, por Alternativa Galega de Esquerda; e a señora Martínez, polo Grupo Mixto. E felicitalos —insisto— por esa vontade de acadar o consenso, porque foi unha lei que recolleu o sentir maioritario da cidadanía galega.

O artigo 8 contempla o dereito a outorgar o documento de instrucións previas ante o funcionario ou empregado público encargado do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamentos de saúde. O modelo de documento que temos en Galicia, que é certo



que non se exige un concreto, precisamente para non ser limitantes á hora de recibilos, permite facer aclaracións e modificacións, se se considera oportuno; e, de feito, conta cun campo aberto para este fin. Aínda que, por suposto, todo é mellorable e por iso nós entendemos tamén que, de ser o caso, o documento debe ser mellorado para optimizar o traslado das decisións da persoas que o presentan. Neste momento hai 37 unidades habilitadas do Rexistro galego de instrucións previas onde se pode non só aclarar dúbidas ou entregar documentación senón tamén formalizar o dito documento. E tamén se pode presentar en calquera centro do Servizo Galego de Saúde, que lle dará traslado á unidade do rexistro que corresponda.

Vostede acaba de dicir, señor Torrado, que Galicia presenta os números de documentos rexistrados máis baixos de todo o Estado. Nós non cremos que deba existir unha competición nestas cifras; a Xunta, dende logo, ten o deber de informar a cidadanía e poñer todos os medios posibles para a tramitación dos documentos. Pero a cidadanía non ten a obriga de exercer todos os dereitos cos que conta, vostede mesmo o acaba de dicir: o dereito non obriga. Pero, realmente, de feito, só catro comunidades autónomas están por riba dos dez documentos por cada 10.000 habitantes —eu molesteime en buscalo porque me chamou a atención—. Por debaixo de Galicia están Castela-A Mancha, Murcia e Extremadura; e en cifras similares está Madrid, Castela-León ou Andalucía. Non estamos tampouco tan desfasados co resto das comunidades autónomas; agora ben, hai que garantir o acceso a todas as persoas que desexen este rexistro. Cousa diferente é se se constata esa dificultade de acceso para presentalo para os galegos e as galegas. E nese senso precisamente vai o punto 1 da nosa emenda: descender as facilidades para a recollida e a aceptación do mesmo.

No que non estamos de acordo é en que sexa o médico de familia o que teña que tramitar estes documentos. Os médicos de familia —escoitámolo aquí continuamente— xa están bastante sobrecargados de traballo e o que se pretende actualmente, precisamente, é descargarlos do traballo administrativo que están a facer para que poidan facer o seu cometido, a súa función, que non é, nin máis nin menos, que diagnosticar e tratar os pacientes das súas enfermidades. Polo tanto, pensamos que isto o debe de seguir facendo parte do persoal dos centros sanitarios, os funcionarios e os estatutarios que, precisamente, están formados para facer este cometido.

Respecto do segundo punto da iniciativa, que abría a posibilidade de diálogo coas entidades implicadas na mellora do documento, xa o dixemos: estamos a favor de mellorar todo o que sexa susceptible de mellora. En Galicia, ademais de contar con esta lei, contamos cun Plan galego de coidados paliativos que se publicou en 2007 e que, con varias modificacións, continúa estando en vigor. E temos a Comisión Galega de Coidados Paliativos, o Comité Técnico Sanitario, o Comité da Dor Oncolóxica Complexa, os referentes en coidados paliativos en atención primaria na parte non asistencial. E na parte asistencial temos a implicación da atención primaria no Plan galego de coidados paliativos, que se concreta na atención directa dos profesionais ao redor do 80 % dos pacientes e as súas familias que necesitan coidados paliativos. E neste momento estase a traballar para que todos os servizos de atención primaria dispoñan dun botiquín coa medicación e infusores necesarios para proceder á sedación paliativa. Un paso moi importante foi o que se deu incorporando os médicos de familia a este tipo de coidados, ademais dos servizos sanitarios convencionais, os equipos de función



de soporte en atención paliativa, que son moi importantes en Galicia porque atenden a pacientes con enfermidade avanzada e complexa tanto no ámbito hospitalario como no seu domicilio, e as unidades de paliativos dos hospitais, de ADO, etc. Consideramos que en Galicia se está a facer un bo traballo neste campo dos cuidados paliativos, aínda que —volvoo repetir— todo é mellorable.

En canto ao punto terceiro, no que se pide que se realicen os cambios no sistema en Galicia, tanto o sistema legal e sanitario, xerados a partir da aprobación da Lei orgánica de regulación da eutanasia no Congreso dos Deputados, o primeiro que nos gustaría sinalar é que o Goberno galego cumpre sempre as leis vixentes, sempre, estea ou non estea de acordo con elas. Neste hemiciclo non nos toca debater sobre a eutanasia, fíxose no Congreso dos Deputados, e nesa tramitación da lei non se acadou o consenso que si tivemos en Galicia coa lei que acabamos de citar. E nós pensamos que para que unha lei teña amplo percorrido debe contar co maior consenso posible. A Lei da eutanasia tramitouse nun momento complicado, en medio dunha pandemia, con pouco período de reflexión, nun Parlamento limitado pola declaración do estado de alarma, sen comparencias, sen debate. Tramitouse con présas, non se escoitou as organizacións sociais, as sociedades médicas, as entidades de discapacidade non puideron dar a súa opinión. E de aí precisamente algúns recursos que se queren presentar contra a lei, e o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, do CERME, considera que a Lei da eutanasia aprobada polo Congreso dos Deputados fai —palabras textuais— «un señalamiento innecesario a las personas con discapacidad, y pedirá al Defensor del Pueblo que presente un recurso de inconstitucionalidad. Observa que la nueva lei es contraria a la Convención internacional de los derechos de las personas con discapacidad de Naciones Unidas». Elixiuse unha tramitación exprés que evitou os ditames preceptivos do Consello de Estado, do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Consello Fiscal... e que mesmo furtou o trámite de audiencia aos interesados. E apróbase unha lei que moitos expertos catedráticos, profesores de Dereito Constitucional e académicos da xurisprudencia din que é inconstitucional.

Acabamos de ver o que ocorreu cos nosos veciños de Portugal, cunha lei menos lesiva que a nosa, que se aprobou no Congreso e que foi tumbada hai poucos días polo Tribunal Constitucional do país veciño. Unha lei que, sendo unha prestación que se vai realizar nos centros sanitarios, non implicou o Ministerio de Sanidade, foi promovida polo Ministerio de Xustiza e non consultou o Comité de Bioética de España nin o Consejo General de Médicos de España, nin os colexios de enfermaría. Unha lei que, unha vez votada, hai que poñela en marcha con garantías e tanto partidarios como detractores coinciden en que a redacción da lei deixa moitos aspectos no aire.

Vostedes pídennos que se fagan rapidamente os cambios na lexislación galega, e hai expertos, señor Torrado, que opinan que é imposible facer as cousas medianamente ben en tres meses, que é o prazo que fixa a lei para a súa entrada en vigor. Nos poucos países que a teñen aprobado os prazos van dos 12 aos 18 meses. Pero que, ademais, unha lei tan importante no ámbito sanitario merece que os profesionais sanitarios teñan toda a información. Os médicos teñen dúbidas de como van aplicar todo isto, isto é un tema moi importante, non se pode facer dun día para outro. Unha inquedaanza compartida é precisamente a creación das comisións de avaliación autonómicas que vostede acaba de citar. E por iso é porque nós presentamos esta emenda pedindo que se constitúa un grupo de traballo multidisciplinar sobre a aplicación



desta lei a nivel de toda España no que se poidan analizar todas estas cuestións que preocupan aos profesionais sanitarios, que son os que van ter que poñela en práctica.

E por todo isto presentamos esta emenda, que esperamos que sexa tida en conta.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, en primeiro lugar, quero agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego a esta iniciativa e a súa comprensión perfecta e impoluta da situación, como non pode ser doutra maneira. E agradecer o ton e a colaboración que sempre ten nestas cuestións.

E sobre as emendas, por ir primeiro á cuestión máis técnica ou máis puntual do asunto, nós cremos que a emenda do BNG contribúe e suma. É unha cuestión meramente formal que nos debates naturais non deberamos de estar tramitando *n* veces, pero que é así neste Parlamento porque hai que respectar as cousas desta maneira; e, polo tanto, incluímosla integramente como engádegas sen ningún problema.

O Partido Popular plantexou algunhas cuestións, algunhas dúbidas. Para ser máis explícitos, o noso punto 1 propón modificar algunhas cuestións para que sexan, evidentemente, os profesionais sanitarios dos centros sanitarios públicos os que poidan tramitar e estender esa oportunidade das persoas de entregar o seu testamento vital ou o documento de instrucións previas. O único ademais que plantexamos —parécenos— para que sexa claro que evidentemente sexa de maneira voluntaria para os profesionais. Pode que existan profesionais que non queiran facer ese trámite e cremos que é importante que sexa voluntario porque sempre será mellor tratado. E tamén incluímos que sexa tratado polo profesional que escolla o paciente —é un pouco unha situación natural— pero que o profesional tamén o faga de maneira voluntaria, e con iso contribuíríamos.

Temos algunha discrepancia no último punto da proposta, que basicamente é o trámite que se debe facer e, por tanto, o desenvolvemento das medidas para exercer ou para permitir exercer os dereitos. Eu non comparto algunhas posicións, comprendo algunhas posicións que expresou a señora Vispo, non comparto algunhas cualificacións. Eu non utilizaría o concepto de que a lei portuguesa era menos lesiva. Eu o último que creo que é esta lei é lesiva, o último. Eu creo que precisamente, é unha lei inversa, que pretende non ser lesiva, pretende ser liberadora para as persoas. Eu creo que isto é o que trata a lei.

Pero, indo ao fondo da cuestión, vostedes plantexan —creo entender— que esta lei —dixo— non tivo moito apoio e que chega apresuradamente. Eu entendín esas dúas cuestións.



Podemos ir aos datos fríos, ás enquisas cidadás, da rúa, das persoas que coñecemos, para saber se realmente ten apoio ou non ten apoio, nós cremos que si. Os datos fríos din 85 %, 87 % de apoio social a unha lei que regula a eutanasia. Escollan o dato que queiran, pero é así. É que a cidadanía vai moito máis por diante ca nós nesta cuestión.

A tradución política parlamentaria da cidadanía está no Parlamento. ¿Cantos grupos políticos hai no Congreso dos Deputados? Se contamos o mixto como un, creo que hai 10, se o contamos por separado debe de haber 14 ou 15. ¿Quen votou en contra? O Partido Popular e Vox, todos os demais a favor. Dicímolo porque o concepto de que maioría social está a favor ou en contra non se correlaciona co que pensa o Partido Popular nalgunhas ocasións; seguramente noutras si, pero non nesta. Por tanto, asumir que a maioría é o que pensa cada un non é correcto, a maioría está a favor desta lei. Pero é que non é unha lei tramitada en tres meses: por diferentes cuestións, algunhas por cuestións administrativas, outras por atrasos debidos aos propios partidos políticos e outras por cuestións e retencias que frearon a lei, levamos anos con este procedemento, ¡anos! Por tanto, non chega rápido, chega tarde. Non é que non sexa maioritaria, é demasiado maioritaria para que non a tiveramos feito antes, se esa é a autocrítica que debemos asumir moitos.

E a cuestión está en que vostedes plantexan unha emenda para que non se aplique, e iso non podemos aceptalo. É un dereito e é imparabile, é un dereito que non vai ir para atrás, este país non o vai aturar. Este país conseguiu esta semana pasada un dereito grazas a moitísima xente que o traballou e non vai ser posible frealo. E si, en Galicia hai leis que recoñecen dereitos que non se cumpren. A lei de interrupción voluntaria do embarazo, que non se cumpre e se torpedea a propósito, como está claramente demostrado non só neste Parlamento, senón cos casos reais. Como a propia lei de 2015, que meses despois de ser aprobada incumpríuse co paraugas do propio presidente da Xunta por entón, o señor Feijóo.

Claro que os dereitos necesitan que as leis os desenvolvan, pero é que ao final, ¿que estamos proponendo con esta PNL? Que a Xunta cumpra a lei e, por tanto, se o único que plantexamos é que se cumpra a lei non entenderíamos que se votara en contra. Nós non lle pedimos a ninguén que estea de acordo, pedímoslle que se cumpra, porque é un dereito e non é unha obriga, efectivamente. Pero un dereito recoñecido que non se cumpre é unha frustración e non lles debemos nada que xere frustración aos cidadáns, ao contrario. Xa moitas veces xeramos suficientes como para que os cidadáns nos aguanten de máis.

Polo tanto, non lles poñamos paus ás rodas. Pódese estar en desacordo, pero isto é xa un dereito, isto é un mérito de toda a cidadanía e nós plantexámoslles, máis alá da cuestión parlamentaria, máis alá da aprobación ou non, que non vulneren os dereitos. E, por favor, que non existan casos nos que existan persoas que queiran desenvolver un dereito e non teñan a oportunidade porque alguén lles pon unha traba burocrática. Pasou noutras ocasións; por favor, que non volva pasar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e tres deputados/as máis, sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para o sector da hostalaría

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Daniel Pérez López, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Elaborar un auténtico plan de rescate específico para o sector da hostalaría para garantir a súa supervivencia no noso país e, así mesmo, axilizar a tramitación das axudas articuladas polo goberno galego para o sector da hostalaría.*
- 2. Consensuar cunha representación ampla e plural do sector da hostalaría os criterios de reparto propios que a Xunta de Galiza pode establecer (dentro dos parámetros xerais establecidos polo Goberno do Estado) en relación aos fondos que vaian destinados ao sector, e que Galiza percibirá ao abeiro do Real Decreto-lei de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial.*
- 3. Demandar do Goberno do Estado que se concrete e axilice a transferencia dos fondos que Galiza recibirá ao abeiro do Real Decreto-lei de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial.»*

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Borja Vereza Fraiz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar do Goberno Central que antes de finais deste mes de abril se asine o convenio coa Xunta de Galicia para a transferencia dos fondos derivados do Real Decreto-lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial na pandemia da COVID-19 para unha maior axilidade e eficiencia das axudas.*
- 2.- Solicitar do Goberno do Estado que non penalice na distribución dos fondos á Comunidade Autónoma de Galicia, achegando, conforme ao sistema de financiación autonómica e á porcentaxe de per-*



soas traballadoras autónomas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, un mínimo de 340 millóns de euros.

3.-Solicitar do Goberno do Estado que amplíe os CNAES previstos no Real Decreto-lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial na pandemia da COVID-19 a outras actividades non incluídas e que pertencen a sectores moi afectados polo impacto da covid-19.

4.-Solicitar do Goberno do Estado que reconsidere os requisitos de xustificación de gasto previstos no Real Decreto-lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial na pandemia da COVID-19 por tratarse dunha norma que regula axudas directas ás empresas e aos profesionais.>>

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde, deputados e deputadas.

Desde o punto de vista económico, a crise sanitaria provocada pola covid-19 a bo seguro suporá unha das grandes crises da nosa historia máis recente. Un dos sectores máis prexudicados, como todos e todas xa saben, é, sen dúbida, o da hostalería. Concretamente, a restauración, a hospedaxe e o ocio nocturno, que teñen unha forte incidencia no produto interior bruto e están gravemente afectados polas restricións sanitarias determinadas por causa da pandemia.

O Executivo autonómico ten que poñer en marcha medidas máis efectivas que as axudas que sacou para a hostalería. Estas axudas son insuficientes e carecen dun criterio de repartición xusto e equitativo.

Segundo os datos publicados en decembro polo Instituto Galego de Estatística, a peor rama polos efectos da pandemia é a hostalería. Coincidindo cos diferentes gromos da covid-19, a facturación de bares, restaurantes e hoteis caeu o ano pasado un 42 %. Sete de cada 10 empregos perdidos en Galicia durante o ano 2020 estaban en bares, restaurantes e aloxamentos, sete de cada 10.

En Galicia, no último ano, a caída de traballadores en alta foi do 1,7 %, con 16.855 ocupados menos. Deles, máis de 12.000 correspondían á hostalería, máis de 12.000, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística.

O sector, só no mes de decembro, destruíu outros 1.325 postos de traballo e acumula no ano unha redución do emprego do 16 %. O sector rexistrou unha caída da facturación do 70 % con respecto, por exemplo, á campaña do Nadal do 2019-2020.

Para que nos fagamos unha idea, as perdas no mes de decembro para a hostalería oscilaron entre os 15 e os 18 millóns. Estes datos confirman que a pandemia está destruindo a maioría dos empregos no sector da hostalería. Os evidentes efectos da redución de aforos e horarios,



a contención dos gastos por parte das familias e o medo ao contacto social, leva a hostalería a estar nunha situación límite.

Por iso, dende o Grupo Parlamentario Socialista demandamos á Xunta de Galicia elaborar un plan de rescate o antes posible para este sector. Así o leva reclamando dende hai meses a hostalería de toda Galicia.

A consecuencia de todas estas circunstancias é que cada vez son máis os hostaleiros que deciden poñer o seu bar, cafetería, restaurante ou pub, á venda, en alugamento ou traspasalo. No último ano, dous de cada 10 establecementos de hostalería de Galicia víronse obrigados a baixar a persiana definitivamente. En total, no ano do coronavirus 3.400 hostaleiros da comunidade víronse obrigados a pechar os seus negocios, case unha media de 10 ao día, case unha media de 10 ao día.

Ata o día de hoxe, máis alá do ruído propagandístico, a Xunta de Galicia aprobou en novembro unha liña de axudas á hostalería por un importe de 17 millóns de euros, cando as propias transferencias extraordinarias do Estado no ano 2020 acadaron a contía de 745 millóns de euros, dos cales 225 millóns foron transferidos para compensar a caída en actividades económicas. (*Aplausos.*) ¿A onde foron eses 224 millóns? ¿A onde foron?

O Goberno autonómico do señor Feijóo chegou moi tarde coas axudas. O *Diario Oficial de Galicia* publicou o 27 de novembro as ordes de axuda para microempresas, traballadores autónomos e hostalería. Xa pasaron 9 meses dende o inicio da pandemia, demostrando así a Xunta de Galicia que non se anticipou a nada, aínda que vostedes, señores e señoras do Partido Popular, repiten unha e outra vez como un mantra que si se adelantaron; non é verdade, non se anticiparon nin se adelantaron a nada, non é verdade. (*Aplausos.*)

O segundo plan de axuda, cos 12 millóns para a hostalería, é insuficiente e non corresponde ás necesidades do sector, que, por certo, hoxe pola mañá falaba cos representantes de varias asociacións de hostalería e dixéronme que aínda, que aínda non se ingresaron esas axudas, aínda están sen ingresar. E iso que o señor Rueda dixo o día 10 de marzo que a semana pasada xa estaban ingresadas, ían estar ingresadas. Entón, un pouquiño máis de celeridade.

A Xunta debe asumir as súas competencias, ten recursos para facelo e a colaboración do Goberno de España, que transferiu millóns de euros para apoiar as autonomías na reactivación social e económica.

O Goberno autonómico ten que elaborar un plan de rescate serio para salvar a hostalería galega, non pode seguir demorando este rescate, e debe facelo con axudas potentes e con recursos suficientes, xa que ten capacidade orzamentaria e non pode seguir obviando os grandes problemas económicos polos que está a pasar este sector. A Xunta de Galicia ten que aumentar o orzamento para a hostalería e que así este sector poida salvar a súa liquidez.

No actual contexto, a situación do sector da hostalería é francamente desesperada, con miles de negocios pechados dende a declaración do estado de alarma, con máxima incerteza sobre a continuidade dos locais que aínda permanecen abertos e con miles de empregos en risco.



Por iso, dende o noso grupo parlamentario propoñemos elaborar un plan de rescate ambicioso para o sector da hostalería para garantir a súa supervivencia na nosa comunidade e tamén axilizar esa tramitación das axudas para o sector.

A situación é crítica para moitos destes negocios, que non por pechar deixan de asumir gastos como o alugueiro, a luz, a auga, o gas, o gasto dos provedores, etc. etc.

Despois do primeiro plan de axudas e agora co segundo, o sector máis afectado pola crise da covid non sabe canto tempo poderá soportar os números vermellos deixados pola pandemia. As medidas anunciadas pola Xunta para apoiar o sector, se me permiten, chegaron tarde, mal e a rastro. (*Murmurios.*) Chegaron tarde, mal e a rastro. (*Aplausos.*) E eu pregúntome: ¿en 11.500 millóns que ten a Xunta de Galicia de orzamento, grazas en parte ao Goberno central, non son capaces de elaborar un plan de rescate para salvar o sector da hostalería? ¿De verdade que non en 11.500 millóns? ¿De verdade que non son capaces? (*Aplausos.*)

E mentres as persoas afectadas seguen coas protestas. Hai dúas semanas houbo unha gran manifestación aquí en Santiago, a nivel de toda Galicia, para denunciar que as axudas son claramente insuficientes e exixir á Xunta que se implique seriamente nisto e que deseñe un auténtico rescate ao sector para que sobreviva aos impactos do coronavirus. Estas reivindicacións son do sector da hostalería, estas reivindicacións son do sector da hostalería. A Xunta ten que escoitar a todo o sector da hostalería.

Independentemente da evolución da pandemia nos próximos meses, a realidade é que o sector que aglutina bares, cafeterías, restaurantes e demais, necesita dun plan específico de rescate, un plan inmediato que evite o seu definitivo afundimento.

En todas as reunións que mantivemos o noso grupo parlamentario coas diferentes asociacións da hostalería, a mensaxe que nos trasladan era a mesma, e era moi clara: as axudas son moi insuficientes e pouco áxiles na súa tramitación. A hostalería necesita moitos máis recursos urxentemente, non podemos seguir agardando máis. Queremos solucións inmediatas. Isto é o que demanda a hostalería.

E en declaracións dos hostaleiros e hostaleiras hai uns días nos medios de comunicación: se non hai un rescate, morreremos. Con esta crueza expresou este sector polo que está a pasar. Necesitan un rescate xa.

A situación actual debuxa un panorama escuro e, polo de agora, non se coñece ningún plan de rescate por parte do Goberno galego, a pesar de que a Xunta de Galicia ten capacidade orzamentaria para elaborar un plan de rescate e para axilizar fondos. (*Aplausos.*)

A nosa hostalería non aguanta máis. Pido unidade por parte de todos os grupos políticos, porque esta unidade é máis necesaria que nunca, unidade en torno ao sector da hostalería, que nos necesita a todos e a todas unidas.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidenta.

Boa tarde da todos e a todas.

O Grupo Parlamentar do BNG rexistrou unha emenda á presente iniciativa e con esa emenda o que pretendemos é actualizar e concretar esta iniciativa do PSdeG. A propia evolución da pandemia e as decisións adoptadas pola Administración galega e polo propio Goberno español exixen que as iniciativas que presentemos neste Parlamento sexan acaídas ao momento actual e á situación na que se atopan os diferentes sectores aos que van dirixidas esas actuacións. Só así poderemos establecer medidas efectivas, que, cando menos, alivien a situación crítica na que se atopan moitos sectores produtivos da nosa sociedade, e nomeadamente o da hostalaría. E empezando polo punto terceiro da nosa emenda, faise preciso analizar o Real decreto lei de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial, publicado hai escasamente dez días. Nese real decreto o Goberno do Estado establece unha liña de axudas directas, das cales unha parte van dirixidas á hostalaría, e non era sen tempo. Esas axudas, aínda non materializadas, chegan máis dun ano despois do comezo da pandemia, e isto é, dende logo, censurábel.

Nas nosas diferentes iniciativas nestes meses, dende o BNG solicitamos que se articularan esas axudas directas, tanto do Estado como da Xunta de Galiza, e que se fixese de maneira inmediata e acumulativa para intentar evitar a sangría constante de empresas e negocios do sector que foron pechando durante o ano 2020. Hai que recordar que neste sector se perderon no noso país máis de 11.000 empregos no ano 2020. Se esas axudas autonómicas e estatais houberan chegado no verán a situación do sector non sería seguramente tan dramática, esa é a realidade.

Como censurábeis son, dende o noso punto de vista, os criterios adoptados polo Goberno do Estado para a repartición destes fondos, contidos no real decreto lei, porque penalizan unha vez máis a Galiza. Os criterios van ser os mesmos que Europa considerou para repartir os fondos React-EU aos diferentes estados membros, e dende o BNG xa os considerabamos discriminatorios para o noso país, e presentamos propostas alternativas de repartición, baseadas en criterios que tivesen en conta as particularidades da Galiza, e solicitamos da Xunta que loitase por estar presente naqueles foros nos que se adoptaban esas decisións. Pero o Goberno do señor Feijóo estivo máis preocupado de empregar eses criterios inxustos como arma arreboladiza contra o Goberno do Estado que en adoptar unha auténtica posición de país na defensa dunha repartición xusta para Galiza. É necesario recordar que, neste sentido, por responsabilidade, o BNG mantivo a man tendida cara ao executivo galego e xa en setembro do ano pasado a nosa portavoz nacional manifestaba que, para saír da crise derivada da covid, Galiza precisaba xestionar o cen por cento dos seus recursos, e por iso propuxo que se acadase un consenso, unha posición de país, firme, para defender ante o Estado os criterios de repartición e a xestión dos fondos europeos. Unha man tendida ao Goberno galego para a reconstrución do país. Pero ese ofrecemento foi ignorado polo PP do señor Feijóo, polo Goberno,



e iso a pesar de que ao longo desta lexislatura demos proba de que o BNG, cando se trata de cuestións relativas á defensa do país, non dubidou en apoiar iniciativas do PP que reclamaban actuacións do Goberno español en cuestións de competencia estatal, como puideron ser a rebaixa do IVE turístico ou a reclamación de fondos para o Xacobeo. Neste último caso, con reticencias, é certo, polo destino final que podería facer a Xunta deles, pero poñendo o BNG sempre por diante os intereses de Galiza, e por iso votamos a favor no seu día.

E daqueles barros estes lodos. Agora atopámonos con que Galiza, ao adoptarse os mesmos criterios de repartición que para os fondos React-EU, é unha vez máis discriminada nas axudas articuladas polo Estado neste real decreto, e que son Andalucía, Cataluña e a Comunidade de Madrid os que levan o cacho grande do pastel.

A Xunta tivo unha vez máis unha postura partidista, deixando pasar esa oportunidade de crear unha fronte común, unha posición firme de país, para que Galiza non fose maltratada coa repartición dos fondos europeos antes, e agora cos criterios de repartición dos fondos desta liña de axudas directas do Estado, e non parece xa que haxa moito remedio. Por iso, solicitamos neste punto terceiro da nosa emenda que se concrete de xeito inmediato e axilice a transferencia dos fondos a Galiza, que Galiza recibirá ao abeiro deste real decreto. Entendo que coincide co contido do punto primeiro da emenda presentada polo Grupo Parlamentar do PP a esta iniciativa do PSOE.

No punto segundo, no tocante á parte dos fondos deste real decreto de medidas extraordinarias que irán a hostalaría, o que pedimos é que se consensúen cunha representación ampla do sector. Os criterios de repartición, neste caso, os propios criterios de repartición que a Xunta pode establecer dentro dos parámetros xerais establecidos polo Goberno español, porque hai unha parte moi importante do sector que non está sendo escoitada pola Xunta á hora de adoptar decisións que poden ser vitais para a pervivencia da hostalaría galega, e isto, atendendo á diversidade e diferente casuística que ten o sector, supón un grave problema. Creo que ninguén dubida da lexitimación dos representantes do sector cos que a Xunta se estivo reunindo, pero se hai unha parte importante de hostaleiros que non se senten representados nesas xuntanzas tamén é lexítimo que soliciten ser escoitados. E cando falo dunha parte importante do sector refírome a asociacións como a da plataforma do turismo Hostalaría da Costa da Morte, conformada por diferentes asociacións e empresarios da zona e con 400 socios, ou a Plataforma en Defensa da Hostalaría Galega, que conta con máis de 3.500 asociados.

Se a Xunta quere consensuar medidas efectivas cara ao sector, debe, cando menos, reunirse con todo o sector, e manter un diálogo fluído co mesmo, por suposto co Clúster de Turismo e as asociacións provinciais, pero tamén asociacións como as que acabo de nomear, que representan a miles de familias que viven da hostalaría. *Learn To Listen, Listen to Learn* como di unha canción de Ramones. Porque a sensación que ten parte da hostalaría é que, máis que diálogo, o que hai por parte da Xunta é un monólogo e así se desprende do malestar provocado na maioría do sector polo caótico e precipitado da deescalada de finais de febreiro, que explicitaron na prensa e no boca a boca.

O Plan da hostalaría segura estableceu unhas medidas que non foron consensuadas co sector, que considerou a orde do 25 de febreiro como un documento confuso e alleo á realidade,



falto de claridade e que incidía na culpabilización dos hostaleiros por parte da Administración autonómica. Desescalada que establecía medidas de control, como a dos códigos QR, sen ter preparada a Administración todas as ferramentas necesarias para atender e axilizar os procedementos de adaptación. E, sobre todo, porque o sistema de control a través dese código QR é basicamente un facer que fago en canto ao control, porque a ferramenta QR na práctica non vai ser efectiva, polo menos no inmediato. Hoxe mesmo na prensa, concretamente na Voz de Galicia, recollíanse os testemuños de numerosos estaleiros que dicían que o código QR non o usou ninguén, referíndose aos clientes. A xente non o usa, non están para iso, pode que algúns xoves, pero os maiores non saben o que é. É unha iniciativa rara, porque lles dicimos que se se queren rexistrar, pero non entenden para que, ou tamén din: non o usa ninguén, os maiores porque non saben e os novos porque nin se decatan del. Esa tamén é outra realidade.

O sistema QR pode ser unha boa ferramenta pero precisaríase ter falado antes co sector, formalo dixitalmente, e tamén darlle difusión e promocionalo entre os potenciais clientes usuarios. E ter a Administración unha loxística dixital que, dende logo, non tiña a Xunta cando quixo implementar este sistema. E iso amosa, nada máis e nada menos, que a falta de planificación da Xunta. Tiveron un ano para facelo ben, pero a Xunta segue tropezando na mesma pedra, a improvisación. E ese malestar do sector amosouse na manifestación de hai dez días que houbo en Santiago, que reuniu centos de hostaleiras que, ademais de diálogo fluído e plural da Xunta co sector, pedían un plan de rescate real, porque as liñas e programas articulados de marzo a novembro pola Xunta de Galiza tiveron pouca receptividade no sector. Unhas, como os criterios brandos do Igape, porque supoñían endebedarse cando a situación era incerta. E outras, con máis aceptación, é verdade, como as axudas para a dixitalización exixían un desembolso previo para o proxecto e execución e a día de hoxe, case nove meses despois de ser publicadas, o Igape só aboou o 50 % da subvención, estando pendente o 50 % restante, e tendo en conta a situación de falta de liquidez isto é gravísimo.

E os mal chamados plans de rescate 1 e 2, aínda que si están sendo máis áxiles, constitúen parches que non compensan tantos meses acumulando gastos e perdas, e iso para os que puideron acceder a esas axudas, porque moitos hostaleiros, polos requisitos exixidos, xa non puideron facelo. Por iso é imprescindible un plan de rescate real específico para o sector, porque específico para o sector do turismo e a hostalaría ía ser o chamado plan de rescate, o número 1, e que ao final a Xunta estendeu a outros moitos sectores, sectores que tamén o precisan, por suposto, pero a hostalaría, os bares, cas cafeterías, os restaurantes, o ocio nocturno, as salas de concertos, están sendo dos sectores máis castigados e séntense culpabilizados pola Xunta, que é áxil para pechar os seus locais pero non tanto para planificar e facilitar unha apertura ordenada e segura.

Por iso consideramos necesario ese plan de rescate real para a hostalaría, que debe ser necesariamente consensuado, e isto é quizá o máis importante, cunha representación ampla e plural do sector, que impida que este se volatilice, e a súa posibilidade dunha cuarta onda, que espero non chegue pero que, atendendo aos datos do noso propio país, e incluso do resto do Estado español, e incluso internacionais destes últimos días, é plausíbel, exixe que a Xunta se anticipe e sexa proactiva, e iso conleva escoitar e manter un diálogo plural, real e honesto co sector para poder artellar un auténtico plan de rescate a curto e medio prazo que



garanta a supervivencia dun sector cun moi importante peso directo no PIB, pero do que dependen moitísimos outros sectores, como o dos produtores do sector primario ou, por exemplo, o de distribución de bebidas. E que socialmente xoga un papel importante, xerando movemento nas nosas rúas, do que se beneficia directamente o comercio. Se cae a hostalaría o efecto arrastre afectará a moitos outros sectores da Galiza.

Por todo isto, apoiaremos a iniciativa do Grupo Parlamentar do PSdeG, esperando que acepten a nosa emenda, que, indo na mesma liña, entendemos que enriquece a parte resolutiva da súa iniciativa.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Pérez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A continuación, polo Partido Popular, ten a palabra o señor Vereia Fraiz.

O señor VEEA FRAIZ: Grazas, presidenta.

É lóxico, levamos xa moitas sesións, tanto en pleno como en comisión, analizando e debatendo a situación do sector da hostalería e tamén doutros sectores turísticos, e o certo é que hai moitos aspectos nos que estamos de acordo. Estamos de acordo en que é un dos sectores máis afectados e, polo tanto, un dos que necesita maiores apoios. Máis alá do dato estatístico, é algo que podemos ver no noso día a día. E tamén estamos de acordo, polo menos a maioría, que as medidas máis eficaces e máis eficientes son as medidas en clave indemnizatoria, as axudas directas ou o que se coñece como os plans de rescate. No momento en que hai un pechamento obrigatorio como consecuencia dunha restrición sanitaria, pois automaticamente ten que haber un aboamento dunha cantidade que ten que ser xusta, que ten que ser áxil e que ten que ser suficiente para evitar o peche definitivo.

Neste contexto, a Xunta de Galicia convocou os seus plans de rescate, e para facer unha avaliación xusta deses plans de rescate entendemos que é importante contextualizalos e, sobre todo, comparalos co que fixeron o resto de administracións.

O primeiro plan de rescate convocouse en novembro, chegaba a moitos sectores, e nomeadamente había unhas partidas específicas para o sector da hostalería, e ademais foi un plan que, ademais, foi consensuado, foi validado e foi chegado a acordo co propio sector. Un plan que, ademais, supuxo un antes e un despois en todo o que significa a tramitación administrativa e a xestión administrativa da Xunta de Galicia. Nunca antes se convocou un plan tan rápido despois de chegar a un acordo, nunca antes se mobilizaron recursos orzamentarios dun xeito tan rápido para chegar a un número tan amplo de solicitantes: no primeiro plan, máis de 33.000. E nunca antes se pagaron tan rápido unhas subvencións. Polo tanto, unha tarefa xigantesca e unha tarefa meritosa por parte de todo o aparato administrativo da Xunta de Galicia. Ademais, establecéronse os marcos de traballo por se fose necesario convocar novos plans e así foi. Na terceira onda necesitouse activar un segundo plan, estaban os mar-



cos administrativos de traballo preparados e activouse ese segundo plan cos mesmos principios de celeridade na convocatoria tras un acordo cos representantes do sector, mobilizouse gran cantidade de orzamento para chegar a moitos solicitantes, neste segundo plan arredor de 44.000, 10.000 máis, e co obxectivo de facer os pagos coa maior axilidade posible e os datos, aproximadamente, o 20 % de autónomos, do paquete de autónomos, está xa pagado.

Se facemos unha comparativa dos plans de rescate da Xunta de Galicia cos plans do resto de comunidades autónomas, toparemos que non hai ningún paquete de axudas nin máis áxil, ningún paquete de axudas que exixa menos burocracia e menos papeleo e, por suposto, ningún paquete de axudas que se pague con tanta celeridade como se está pagando o da Xunta de Galicia.

Este grupo parlamentario e a Administración autonómica actuaron sempre con humildade e con honestidade, porque cando convocamos os plans de rescate xa anunciamos que iamos necesitar o apoio do resto das administracións, das administracións locais e da Administración estatal. Incluso no segundo plan estivemos a punto de... houbo unha oferta formal para chegar a ese plan conxunto, que entendiamos que era o propio, porque incrementaría os orzamentos, poderíamos sumar os orzamentos de todas as administracións e, ademais, teríamos unha ventanilla, un cancelo único, que facilitaría ou evitaría a peregrinación dos negocios por todas as administracións. É público que non se chegou a este acordo de plan conxunto porque as administracións locais gobernadas ou lideradas polo PSdeG entenderon que non era o momento, ou que era máis apropiado que houbose diferentes plans por partes dos diferentes concellos ou das diferentes deputacións.

Entón aquí tamén é momento de avaliar esas decisións políticas. A Xunta de Galicia ten convocados os seus plans, ten pagados os seus plans e a pregunta que nos podemos facer é se, por exemplo, os empresarios de Lugo ou os empresarios de Pontevedra recibiron axudas da Deputación de Lugo ou da Deputación de Pontevedra. Ou se os empresarios de Vigo están recibindo axudas do Plan de rescate do Concello de Vigo. E a resposta, señorías, é que non, e polo tanto aquí só caben dúas conclusións: ou que non dixeron toda a verdade cando non se sumaron ao plan conxunto, ou equivocáronse, cometeron un erro político e o que corresponde é corrixilo, porque é un erro político que, ademais, ten consecuencias importantes, porque ese diñeiro que está nos orzamentos das deputacións ou dos concellos non está no bolsillo dos negocios do sector comercial galego. (*Aplausos.*)

En canto á Administración do Estado, tamén solicitamos desde o comezo que necesitabamos ese apoio deses paquetes directos, desas axudas directas. Estábano facendo o resto de países europeos. A Administración do Estado apostou por outro esquema, por un binomio, por unha combinación de ERTE e préstamos ICO. E, insistimos, faltaba o terceiro piar, que eran as axudas directas. E agora atopámonos cun sector empresarial cun endebedamento ao límite e con risco ademais de insolvencia, e é agora cando, un ano despois, reacciona o Estado e anuncia estas axudas directas. Axudas directas que, ademais, chegan tarde e chegan mal para Galicia. ¿E por que chegan mal para Galicia? Chegan mal para Galicia porque, en primeiro lugar, non inclúen todos os sectores afectados. Moitos dos sectores están expresamente excluídos destas axudas do Estado. Estámolo vendo en prensa nestes días como van goteando os diferentes sectores que critican o non estar dentro destas axudas. Son unhas



malas axudas para Galicia porque, novamente, cando hai unha repartición económica, Galicia sae prexudicada. E, neste caso, recibimos un 30 % menos dos fondos que nos corresponderían. Un 30 % menos que podemos calculalo coas fórmulas de financiamento autonómico tradicionais ou, como fixeron nestes días as asociacións de autónomos, a través do cálculo de autónomos. Pero a media é que estamos recibindo un 30 % menos de fondos, que xa non é que non os reciban, moito menos o PPdeG ou a Xunta de Galicia, é que non o van recibir os negocios galegos, os comercios galegos e a hostalería galega, que, como mínimo, ten o mesmo dereito que o resto de comercios, que a hostalería e que negocios do resto das comunidades autónomas.

Polo tanto, señoría, non imos aceptar ou non imos apoiar a súa proposta, propoñemos unha emenda de substitución que vai na liña que acabo de comentar, na que insistiremos e queremos insistir en que os fondos que se transfiren a Galicia non son os suficientes; queremos insistir en que os sectores que quedan excluídos deberían incorporarse ás axudas estatais e queremos tamén insistir na axilidade deses fondos estatais. Gustaríanos ter xa, ou gustaríalle á Administración autonómica ter xa, eses fondos para poder activar ese terceiro plan no que se está xa traballando. E tamén, como cuarto punto da nosa emenda, propoñemos que se simplifique a burocracia, porque entendemos que vai xerar moitos problemas de xestión.

En definitiva, señoría, este grupo parlamentario ten que ser sincero coas súas propostas, unha das nosas obrigas é intentar colocar na axenda pública onde están os problemas reais e, sinceramente, entendemos que os plans de rescate da Xunta de Galicia non son un problema real a día de hoxe porque están convocados e se están pagando, o que si é un problema, señorías, son eses plans das administracións locais do PSdeG, que ou ben non existen ou ben non están sendo aboados. O que é un problema hoxe en día son tamén esas axudas estatais que chegaron tarde, chegaron mal e novamente prexudicando a Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vereas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Señores do Partido Popular e señoras do Partido Popular, ¿saben o que fan vostedes moi ben? Improvisar, improvisan vostedes fenomenal. A Xunta de Galicia está na improvisación constante e isto dino os hostaleiros e as hostaleiras, non o di esta deputada, dino os hostaleiros e as hostaleiras. Non teñen un plan serio para rescatar a hostalería, improvisan, levan todo o rato improvisando. *(Aplausos.)* E así o demostra a manifestación de hai uns días, así o demostrou.

Este goberno do Partido Popular presidido polo señor Feijóo ten que realizar un plan de rescate ambicioso na hostalería galega. Non hai ningún rescate neste momento, non hai ningún



rescate. A Xunta está obrigada a rescatar o sector, pois as competencias son do Goberno autonómico e é a Xunta quen toma as decisións sanitarias, a que pecha os establecementos e a que ten a responsabilidade. A responsabilidade e as competencias que pretenden derivar aos concellos e deputacións. E as competencias son da Xunta de Galicia, que parece que nos esquecemos, (*Aplausos.*) parece que que nos esquecemos.

E, por certo, os concellos levan facendo un enorme esforzo económico dende o comezo desta pandemia, un enorme esforzo económico, sen competencias e sen recursos. E os concellos tamén están ao límite.

Diante desta situación excepcional, o Goberno do Estado ten feito un gran esforzo para manter o conxunto da actividade económica. O Consello de Ministros aprobou un plan de reforzo para a hostalería, o turismo e o comercio con novas medidas que teñen como obxectivo paliar a situación das empresas e autónomos relacionados con estas actividades e facer fronte aos seus custos fixos, como os salarios, arrendamentos ou pagamentos de impostos, entre outros, para permitirles manter a súa viabilidade e non verse obrigados a pechar como consecuencia da pandemia.

O Goberno de España aprobou axudas para a hostalería, turismo e comercio por importe de 4.200 millóns. Esas axudas son axudas potentes, e non meros parches. A Xunta de Galicia o que fai son parches, son parches.

O Goberno de España transferiu á Xunta o pasado ano 735 millóns de euros: 418 foron para sanidade, 93 para educación e 224 para actividade económicas. Eses 224 millóns de euros do Estado que lle deu á Xunta de Galicia a fondo perdido tiñan que terse destinado aos afectados pola caída da actividade económica. ¿Por que non se utilizaron eses millóns para salvar a hostalería, para un plan de rescate? ¿Por que? (*Aplausos.*)

E este ano percibirá outros 441 millóns dos Fondos de axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa co mesmo obxectivo. E estes fondos deben utilizarse para rescatar a hostalería. A hostalería, ou o comercio ou o turismo en xeral.

E a maiores o Consello de Ministros, o pasado 12 de marzo, aprobou un fondo de axudas directas de 7.000 millóns, dos que 5.000 millóns serán para as comunidades autónomas. E o escenario das empresas para participar destas axudas serán de turismo, hostalería e comercio. Isto, grazas á aprobación dos orzamentos do Estado, a aprobación dos orzamentos do Estado.

A Galicia correspóndenlle 220 millóns e esperemos que a Xunta de Galicia os utilice para o rescate da hostalería na nosa comunidade, e tamén para rescatar o comercio e o turismo.

Iso si, os millóns que non gaste o Goberno do señor Feijóo vai ter que devolvelos ás arcas do Estado, e veremos que pasa, (*Aplausos.*) e veremos que pasa con eses millóns. Esperemos que o Goberno do Partido Popular faga ben o seu traballo e non sexan devoltos, esperemos. Claro que, se non fai ben o seu traballo, xa sabemos a quen lle vai botar a culpa, ¡como non!, a culpa sempre é doutros, será do Goberno do Estado, a culpa será do Goberno do Estado.



E eu pregúntome que fai a Xunta de Galicia con todos estes cartos que veñen do Goberno de España. Por favor, se alguén pode explicármelo, agradeceríallo. Pero ben, non só a min, alguén podería explicarllelo aos galegos e ás galegas, que tamén queren saber que pasa con eses cartos que veñen do Goberno de España, ¿onde están? ¿Onde están os cartos? *(Aplausos.)*

E dicir, que xa non me queda tempo, que estamos vendo unha transacción co BNG, estamos aí, pasaremos o texto. E a emenda do PP non a imos aceptar, porque a distribución faise non porque Pedro Sánchez decida que Galicia non merece máis diñeiro, non; hai uns indicadores que son renda, o desemprego e o desemprego xuvenil, e con eses indicadores é como se fai a distribución.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Si, é así. É moi fácil este discurso populista que teñen vostedes, que veñan 340 millóns. Non, hai uns indicadores, que son ademais os da RAC EU, ou sexa, que é en función do desemprego, desemprego xuvenil e da renda, é así.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitalle ao Goberno de España:



a) A dotación de carga de traballo inmediata para os estaleiros de Navantia en Ferrol tanto para o cadro de persoal principal como para a industria auxiliar.

b) Desenvolverao 100% o Plan industrial pactado e o proxecto de estaleiro 4.o para as instalacións do estaleiro ferrolá.

2. Utilizar as competencias da autonomía en economía, industria e formación para:

a) Elaborar un plan de reactivación económica das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, con graves problemas de desindustrialización.

b) Participar máis activamente no desenvolvemento do Estaleiro 4.o de Ferrol, que inclúa proxectos para a captación de fondos europeos no estaleiro ferrolán.

c) Levar a cabo un plan formativo para os traballadores da industria auxiliar do sector co fin de garantir a súa competitividade e unha continuidade na actividade dunha man de obra altamente capacitada.

d) Elaborar un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólico-mariña, que poida englobar outros sectores que sexan estratéxicos para a comarca, de tal xeito que se aproveiten as instalacións portuarias, as comunicacións e o solo industrial.>>

(O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de adición:

Engadir o seguinte texto na parte resolutiva:

<<O Parlamento insta a Xunta de Galiza, en relación coa carga de traballo en Navantia ría de Ferrol, a esixir do Goberno do Estado:

1. A paralización inmediata do plan da dirección de Navantia para ceder as instalacións de Fene á empresa privada Windar.

2. Garantías de que os proxectos de eólica mariña flotante nos que participe Navantia, se realizarán no centro de Fene.

3. Que manteña a participación maioritaria de Navantia na UTE con Windar, ou calquera outra empresa, para garantir un retorno económico axeitado, a posición actual neste mercado, así como o control sobre a subcontratación de empresas, e máis sobre as condicións laborais.

4. A adxudicación, e execución inmediata, dos traballos de transformación do buque GALICIA, do Ministerio de defensa, a Navantia ría de Ferrol.>>



Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde a todas e todos.

O pasado 10 de marzo todos apoiamos a folga xeral en Ferrolterra. A resposta a esta situación non poden ser máis declaracións institucionais, boas palabras, discursos grandilocuentes ou promesas ou plans que coñecemos ben en Ferrolterra.

Por iso hoxe presentamos esta iniciativa, igual que se debateu outra iniciativa esta mañá, porque dende o noso grupo sentimos a responsabilidade, como forza maioritaria de Ferrol e de Galicia, de facer dúas cousas. A primeira, dicir a verdade, describir a situación real na que se atopa a cidade e a comarca. E a segunda, propoñer unha solución, porque é o que esperan de nós todos aqueles que confiaron en nós para que os representamos nesta Cámara.

Como son coñecedores, Ferrol é unha cidade vinculada ao mar dende hai séculos, a través da Armada española e o sector naval. Esta dependencia tan absoluta e tan comentada dese sector naval pasounos factura en moitos momentos da nosa historia, que se incrementaron, sen dúbida, coas mal chamadas reconversións socialistas e os vetos europeos ás antigas Bazán e Astano, co traslado da Armada ao sur, e co atraso na chegada de infraestruturas básicas, como a autopista, con 20 anos de atraso, e agora o ferrocarril, a conexión de Ferrol co eixo atlántico ferroviario.

Como consecuencia destas e outras situacións, pois, xa se ten comentado o sucedido: 15.000 habitantes menos nos últimos vinte anos; temos agora os mesmos habitantes que en 1950, e somos a única cidade de España que perdeu un terzo da súa poboación nos últimos corenta anos.

A isto temos que engadirlle un dato, dende o noso punto de vista moi negativo, que é o da taxa de paro, porque temos a taxa de paro máis alta de toda Galicia; máis de 5.000 persoas, dunha poboación de 65.000 habitantes, están no desemprego, e estar no desemprego é golpear unha cidade na dignidade das persoas que a habitan. Acaban de saír os últimos datos de risco de pobreza. Desgraciadamente, temos os peores datos de risco de pobreza da nosa historia recente: o 25 % das persoas que viven en Ferrol están en risco de pobreza, moitísimos puntos por riba da media de toda Galicia. E o peor, sempre que falamos de datos, non son os datos, non son os números, o peor son as persoas, moitas persoas que perderon o seu emprego no último ano, e 1.000 persoas que poden perder o seu emprego nas próximas semanas. Por iso, esta moción.

Dicialles dous obxectivos: un, describir a verdade; e outro, tamén propoñer unha solución concreta, porque cremos que ante estes datos se poden facer moitas cousas, botarlles a culpa a moitas administracións, pero nós cremos que hai unha solución posible e unha solución inmediata. É unha solución política, e por iso nós facemos un chamamento a non caer na resignación. Unha resignación que nos está a acompañar tanto nos últimos tempos.



Cremos en Ferrol e nas capacidades de Ferrol, e por iso queremos esta solución concreta, que non é máis nin menos que un barco para paliar a seca absoluta de carga de traballo que existe nas gradas dos nosos estaleiros. Porque a verdade, a verdade do naval é que as gradas dos nosos estaleiros, un millón de metros cadrados, están totalmente baleiras. A verdade é que non temos certeza de cando vai empezar a primeira unidade das fragatas sobre as que tanto se ten falado, e non vaia ser, non vaia ser que despois de tantos atrasos as fragatas non comecen no ano prometido, ou reprometido, porque cada vez se vai cambiando o calendario, do ano 2022. Non vaia ser que o que estea previsto para o ano 2022 sexa un bloque prototipo e non un bloque construtivo, porque eu non son especialista en barcos, pero si que en Ferrol todos sabemos que un barco, igual que unha casa se empeza polos cimentos, un barco se empeza pola quilla, e o certo é que nas unidades de produción de Navantia nestes momentos non teñen certeza de cando se vai aprobar o CDR, que é o que permitirá iniciar a construción das fragatas e paliar esta situación actual.

E a verdade do naval, igual que non hai data para as fragatas, é que non hai data tampouco para o proxecto estratéxico que vai indisolublemente unido ás fragatas, que é o da modernización do estaleiro, o coñecido como estaleiro 4.0. Que quero lembrar que foi aprobado o 12 de xullo de 2018 baixo a presidencia de Navantia dun ferrolán, de Esteban Vila Sánchez, que foi cesado poucas semanas despois de aprobar este documento e de que entraran en vigor os orzamentos xerais do Estado coa partida de 250 millóns de euros, que eran os que permitían firmar a orde de execución e o plan de modernización. Pois unhas semanas despois todo cambiou. Todo cambiou, e preocúpanos moitísimo que a dirección de Navantia, como tantas veces sucedeu na nosa historia, volveu mirar para o sur. E, realmente, non é unha reprogramación o do plan de modernización, senón que é un verdadeiro atraso, porque este plan o que dicía —xa digo, aprobado cun Goberno do Partido Popular— é que o dique seco comezaría a finais do ano 2019. ¡É que estamos no ano 2021 e o dique seco nin está nin se lle espera!, porque, primeiro, non existe financiación, e segundo, non existen os permisos. É máis, direi que o único investimento que hai sobre o proxecto de transformación do estaleiro nos orzamentos xerais do estado, que é quen de momento financia un estaleiro ao cen por cento público, dependente do Estado, é o taller de subbloques. E atopámonos tamén que o taller de subbloques neste momento non ten licenza de construción e que, polo tanto, esa partida que está debuxada nos orzamentos xerais do Estado non se vai executar este ano, igual que non se executou a partida das fragatas dos anos 2018, 2019, 2020 e 2021. Estamos falando de centos de millóns de recursos públicos que cremos que hai que desbloquear máis ca nunca neste momento no que nos atopamos.

E por iso, unha proposta sinxela e realizable, porque, xa digo, podemos discutir moito, podemos repartir culpas, podemos poñernos medallas, pero o certo e verdade é que non hai carga de traballo e 1.000 persoas poden ir á rúa. E o máis rápido nun estaleiro cen por cento público que traballa para a Armada española é encargar un buque, porque, ademais, a Armada española precisa buques. Nos últimos anos a Armada deu de baixa 27 buques, e soamente de alta 9. Nesta semana saía na prensa que estabamos no 30 aniversario dun famoso buque da Armada española. Trinta anos é, precisamente, o tempo útil de vida dun buque. Polo tanto, son moi necesarios eses barcos, é moi necesario ese barco que estamos planteando.



¿Por que traemos novamente esta iniciativa? Porque é moi importante que a aprobemos aquí, pero que, igual que pasa coas fragatas e que pasa co proxecto de modernización, se se aproba aquí e se despois non se aproba en Madrid, en fin, non conseguiremos o obxectivo, que é o que dicía: o obxectivo dos representantes públicos é dar solucións e dar certezas.

Por iso a traemos aquí, porque o importante é que despois de que se adopte a decisión aquí, esa mesma decisión se adopte en Madrid. E de verdade que dende este grupo o que queremos é axudarlles, ao Grupo Socialista especialmente, a que adopten esta decisión en Madrid. Seremos o primeiros en aplaudir que calquera martes do mes de abril se adopte esta decisión. Pero mentres non se adopte, en representación dos ferroláns, imos seguir insistindo para conseguir facer a política do posible, non a política do imposible e a política das promesas. A política do posible é: estamos na peor situación da nosa historia recente, e na peor situación precisamos unha decisión política. Todos os que estamos aquí sabemos como se adoptan as decisións políticas, se non estariamos escribindo manuais de ciencia política e de gobernanza. Non, sabemos como se adoptan esas decisións e, polo tanto, o que pedimos é que se adopte esa decisión neste Parlamento, como representantes dos galegos, e que se adopte tamén en Madrid. De verdade que cremos que isto é algo razoable, e que Ferrol ben o merece.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Pola palabra e tamén polo da chaqueta.

Ben, señor Rey, quero iniciar dicíndolle que en xullo do 2018 non gobernaba Rajoy, gobernaba Pedro Sánchez xa, é bo que o recorde para saber que estas cuestións se firmaron baixo un Goberno de Pedro Sánchez, e no cal aínda estaba o señor anterior, ou o anterior do anterior presidente de Navantia.

Volven traer unha vez máis ao Pleno a falla de carga de traballo en Navantia, que existe ata o comezo da construción das fragatas F-110, e supoño que esta insistencia vén derivada da mala conciencia que teñen nun problema xerado polo abandono ao que someteron Navantia durante os seus sete anos de goberno, dúas lexislaturas de gobernos do Partido Popular no cal quebrou financeiramente a empresa, e meteu nun caixón os proxectos para Ferrol. ¿E que facía o Partido Popular de Galicia e Feijóo mentres iso sucedía? Vostedes calaban, señor Rey, sempre submisos aos intereses do seu partido e aos intereses persoais do señor Morenés, con esa submisión do que espera a que chegue a súa oportunidade para poder dar un ansiado paso a Madrid.



No Partido Popular, en vez de estar ocupados por gobernar Galicia en tempo de pandemia, e ver o que poden aportar, están preocupados por facer oposición ao Goberno do Estado. Dá igual a situación na que deixaron Navantia, dá igual as razóns espurias que fixeron que meteran o proxecto das fragatas F-110 nun caixón, dá igual a situación na que estea o naval mundial, o importante é intentar esconder as competencias, mellor dito, as incompetencias en materia de política industrial do Goberno galego, que prescindide de facer política nesta materia dende hai nada máis e nada menos que 12 anos.

A situación do sector naval en tempos de crise do coronavirus que estamos a vivir semella que non lles importa. No mercado naval de defensa estase dando unha replanificación dos programas navais militares previstos polos reaxustes orzamentarios, cunha caída do mercado de exportación e cunha tendencia global a protexer e desenvolver cada país as súas respectivas bases industriais co obxectivo de asegurar a soberanía na cadea de subministración, e as caídas do sector naval tanto no civil como militar son importantes, cun 42 % en China, un 71 % en Xapón, un 55 % en Corea, e ata un 97 % en Europa, e as previsións indican que o impacto total da crise na industria marítima será máis intensa durante todo este ano.

Señores do Partido Popular, este é o panorama actual que temos no sector naval e as dificultades coas que ten que traballar Navantia para o futuro dende a chegada da crise do coronavirus. Pero imos máis atrás: ¿Cal era a situación que tiña Navantia no ano 2018 cando saíron vostedes do Goberno? Observemos a carteira de traballo de Navantia, é dicir, o importe de contratos asinados durante os gobernos do Partido Popular, señor Rey, cunha intensa caída durante o período do ano 2012 ao 2017, que provocou un gran boquete financeiro na empresa, que está financiado actualmente con préstamos participativos da Sepi por un valor duns 1.500 millóns de euros.

Señor Rey, a empresa estaba en quebra técnica, estaba quebrada, señores do Partido Popular, inmersa en causa de disolución segundo a Lei de sociedades de capital, e sostida única e exclusivamente polos préstamos participativos da Sepi e, polo tanto, nunha difícil situación producida pola incapacidade, pola incompetencia e a falla de aposta por Navantia do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E esa falla de carteira de traballo faise visible agora na actividade industrial, tres ou catro anos despois, xa que nos anos 2018 e 2019 recuperouse a carteira de Defensa, fundamentalmente co programa das F-110 en Ferrol, e a OS-80 en Cartagena, pasando de 1.680 millóns de euros en 2017 a 7.747 millóns de euros a finais do 2020.

En decembro de 2018, co Goberno actual á fronte, asinouse o plan estratéxico 2018-2022 cun acordo cos representantes dos traballadores, cos obxectivos de conseguir a viabilidade da empresa, mantendo a actividade en todos os centros de traballo, modernizando os procesos e instalacións coa panca de transformación dixital, rexuvenecendo a plantilla e adaptándoa ás necesidades do mercado, a pesar da situación na que deixaron vostedes a empresa.

Baixo este Goberno, mantense o cen por cento do emprego, non se despediu absolutamente a ninguén, e estase contratando xente nova á vez que se xubila ao persoal de maior idade, mediante o ERE acordado cos sindicatos no plan de emprego, cun rexuvenecemento do per-



soal con ata 600 contratacións previstas para Galicia nos próximos anos, e que xa se ve na actualidade que se están a incorporar en Ferrol 65 operarios e empregados junior.

Dende a chegada do actual Goberno do Estado, pasamos da quebra técnica da empresa e a falla de carteira de traballo a que Ferrol sexa o estaleiro que ten maior volume de carteira de traballo, coa execución do maior programa de fragatas dos últimos anos. ¡Lástima deste período val de traballo que estamos a vivir para as industrias auxiliares derivado do olvido a que someteu o Goberno do Partido Popular de Rajoy o proxecto das novas fragatas F-110! Pero xa sabemos como funciona o Partido Popular: cando non goberna dedícase a prometer e a reivindicar para logo non facer absolutamente nada do prometido. Non lles vou recordar unha vez máis onde van aqueles suculentos contratos con Pemex e a construción daqueles flamantes buques para a empresa mexicana, ou o famoso dique flotante que ían construír en Ferrol. ¡Señores do Partido Popular, todo fume! (Aplausos.)

¿Resultado do seu paso polo Goberno de España? Quebra técnica de Navantia, falla de carga de traballo e falla de modernización do estaleiro de Navantia en Ferrol. Xa que desexan falar da falla de carga de traballo ata o inicio das construcións das fragatas, deberán explicarlles aos ferroláns por que tiveron dous anos no caixón o proxecto das F-110 ata a chegada do Goberno socialista, que firmou uns contratos que van supoñer unha inversión de máis de 4.000 millóns de euros para Ferrol, garantindo 10 anos de carga de traballo e a creación de 7.000 empregos. Deberán contarlles aos traballadores auxiliares, cada vez que traen este tema ao Parlamento, cales eran os intereses particulares do ministro Morenés para paralizar o proxecto. ¿Por que tiña o Goberno do Partido Popular tanto interese en poñerlles uns mísiles da empresa MBDA ás fragatas contra o criterio propio da Armada? ¿E cal era a relación desta empresa co ministro Morenés do Partido Popular? E logo de contarllelo, señor Rey, pídanelles perdón aos cidadáns de Ferrol. Menos mal que chegou o actual Goberno de Sánchez desbloqueando unha inversión esencial para a cidadanía ferrolá e deixando atrás as políticas daqueles que só miran para os seus propios intereses.

Segundo informa a propia empresa Navantia, os prazos do programa das F-110 están a cumprirse sen atraso. Hai poucas datas cumpriuse un dos fitos da aprobación da enxeñería nun programa que marcha en tempo e forma segundo a súa planificación e no primeiro trimestre de 2020 está previsto o inicio da construción das fragatas. O programa das F-110 aínda non colleu o ritmo de produción porque ten unha enxeñería moi complexa que conleva moito tempo, dado que, entre outras cuestións, están a desenvolverse tecnoloxías de xemelgo dixital e intelixencia artificial que supoñen prototipos que hai que deseñar especificamente antes de entrar en construción. Este desenvolvemento tecnolóxico é único neste país nestes momentos e estase a desenvolver en Ferrol. O que supón un investimento en innovación que será exportable ao mundo civil e que, ademais, permitirá que a F-110 poida ser tamén exportada internacionalmente, revertendo na economía de Ferrol e sostendo o tecido produtivo da industria da defensa en Galicia.

Señores do Partido Popular, poden sumar e aportar algo positivo despois de deixar o estaleiro como o deixaron. Poden colaborar dende a Xunta de Galicia para darlle un maior impulso ao proxecto do estaleiro 4.0, como está recollido no propio plan. Poñan máis recursos da nosa Administración, traballen dende as políticas públicas da Xunta de Galicia para que o dito es-



taleiro consiga unha maior carga de traballo e novas inversións, está dentro das súas competencias industriais. Ou poden seguir de perfil deixando o Goberno do Estado e, o que é o peor, a todos os cidadáns de Ferrolterra abandonados. Poden seguir coa súa política de propaganda nos medios de comunicación pero Ferrolterra, Eume e Ortegá necesitan urxentemente un plan para a súa reindustrialización. Porque as empresas auxiliares deberan de ter alternativas de traballo na comarca e vostedes son incapaces de xerar e manter a actividade industrial. Poñan enriba da mesa axudas ás empresas auxiliares, poden facelo e deben facelo; e un plan de formación para os traballadores deste sector das auxiliares co fin de fortalecer a competitividade destes traballadores e darlle unha continuidade na actividade a unha man de obra altamente capacitada e que ademais o merece. Elaboren un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólico-mariña que poidan englobar outros sectores que sexan estratéxicos para a comarca, aproveitando as instalacións portuarias, as comunicacións e o solo industrial existente.

Miren, nós, dende o Partido Socialista, non imos facer coma vostedes. Volvemos dicirlles que imos volver a votar a favor da súa proposta, facémolo agora e farémolo as veces que sexa necesario. Pero pedímoslles por unha soa vez que unan as nosas propostas á súa iniciativa para que, ademais de poñerlle deberes a Navantia, fagan algo dende as súas competencias da Xunta de Galicia. Non poden estar unha e outra vez deixando sen executar todas as competencias que teñen en materia industrial e que teñen Galicia nunha situación lamentable.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde.

O seu apoio á folga, señor Rey Varela, quedou demostrado coa votación, votando en contra da moción que presentamos hoxe pola mañá. Pero se vostede quere continuar con esa pantomima, alá vostede.

En todo caso, aquí está a prometida iniciativa do Partido Popular sobre a reclamación dun BAM para Navantia Ría de Ferrol. Dixeron que presentarían esta iniciativa todos os meses e aquí está. Teño que felicitálos porque por unha vez cumpren vostedes unha promesa relacionada co sector naval de Ferrol. *(Aplausos.)* Agora ben, temos que lamentar que o seu compromiso co sector, con Ferrol e coa verdade remate aquí coa presentación desta iniciativa. Insisten vostedes en que o encargo deste buque significaría evitar os despedimentos do persoal das auxiliares e iso é mentira. É certo que hai moitos traballos de enxeñería deste buque que están feitos e que isto abreviaría os prazos para o corte de chapa. Mais, con todo, os traballos de construción deste buque non comezarían, probablemente, até despois dos prazos



actualmente previstos para o inicio das fragatas F-110. É dicir, esta reclamación non vale para facer de buque ponte, como vostedes din.

Aínda así, nós imos apoiar —como sempre facemos— calquera demanda de carga de traballo para Navantia Ría de Ferrol porque, independentemente de cando puideran comezarse os traballos deste buque, tal como está previsto o calendario construtivo das fragatas, o que parece claro é que non se producirá unha ocupación plena do estaleiro de Ferrol até ben entrado o ano 2026. Por non falar do estaleiro de Fene, absolutamente infrautilizado e acharrado desde hai moitísimos anos.

Apoiamos, polo tanto, a demanda deste BAM e presentamos unha emenda para lembrarlles, por exemplo, que xa votamos neste Parlamento a favor de demandarlle ao Goberno do Estado a adxudicación e comezo inmediato das obras de transformación do buque *Galicia* para o centro de Navantia na ría de Ferrol. Unhas obras —estas si— que evitarían en certa medida o despedimento do persoal da industria auxiliar. Unha obra de máis de 200.000 horas, planificada e orzada, no centro de Ferrol; mais que veñen reclamando desde outros centros de Navantia —Cartaxena ou Cádiz— máis ou menos explicitamente desde hai meses.

É urxente, polo tanto, que a Xunta de Galiza reclame tamén esta obra, é urxente que execute este acordo do Parlamento galego. Pero disto non sabemos nada, non din vostedes nada. Podería vostede explicarnos na súa réplica que xestións está a realizar a Xunta de Galiza para conseguir ese traballo tan importante para Navantia Ría de Ferrol. Os secretarios xerais dos sindicatos da comarca de Ferrol veñen de remitir carta á ministra de Defensa reclamando esta obra. ¿Pode vostede acreditar, amosar ou explicar que está a facer a Xunta de Galiza a respecto desta reclamación?

Introducimos na nosa emenda outro asunto tamén urxente e moi concreto. Noutras ocasións, noutros debates anteriores —hoxe volveu insistir neste asunto— teñen vostedes criticado que as nosas iniciativas son moi amplas e moi programáticas, mentres que a súa intención é restrinxir o debate a cuestións concretas, e xustifica así o seu voto en contra. Hoxe —como dicía— ademais do asunto do buque *Galicia*, xa acordado por este Parlamento, introducimos na nosa emenda unha solicitude para que tamén o Parlamento galego diga algo e tome posición sobre a intención de Navantia de renunciar aos contratos para a eólica mariña flotante na ría de Ferrol. Unha intención que, de concretarse, vai repercutir moi negativamente na ocupación en Fene, porque se a eólica flotante xa non ocupa máis que unha pequena parte do que ocuparía a construción dun buque de grandes dimensións, como os que se fan en Navantia Ferrol, o proxecto de monopás ao que queren destinar as instalacións de Fene ocuparía aínda menos. É, polo tanto, un paso atrás moi importante no que a postos de traballo se refire, co engadido, ademais, de que Navantia reduce a mínimos a súa participación na UTE e no proxecto en favor da empresa Windar, esa empresa tan amiga do Partido Popular. Un novo exemplo de cal é o deseño que para Navantia Ría de Ferrol manexan tanto o Partido Popular como o PSOE: reducir actividades e dimensións. De feito, o PSOE reclama hoxe aquí, a través da súa emenda, o cumprimento do Plan industrial para Navantia, ese plan industrial elaborado integramente polo Goberno do PP e Mariano Rajoy e que aprobou sen miralo o PSOE de Sánchez xusto despois da moción de censura. Ese plan que é absolutamente claro, absolutamente cristalino sobre a redución de Navantia na ría de Ferrol ao mercado militar, e sobre a falta de iniciativas ou pro-



postas para as instalacións de Fene, tal como explicaba en sede parlamentaria a presidenta da SEPI durante o Goberno do PP, a señora Pilar Platero. Ese plan que, por certo, nada di da construción de novos talleres nin de diques. Así que díganos, por favor, ¿que opinan vostedes de que os contratos para a eólica mariña flotante se desvíen aos centros de Navantia á baía de Cádiz? Igual que se vén facendo, por certo, coa construción das subestacións eléctricas dos actuais contratos da eólica mariña xa co anterior Goberno do Partido Popular, á parte dos contratos con máis valor engadido. E díganos como casa isto cos discursos que escoitamos todos os días sobre o potencial que ten Galiza no sector da eólica mariña.

Aprobamos tamén neste Parlamento, por iniciativa do BNG, unha proposta para que a Xunta de Galiza solicite a entrada no Consello de Administración de Navantia, para que a Xunta de Galiza teña presenza alí onde se toman todas estas decisións. Pode explicarnos tamén na súa réplica que xestións realizou a Xunta de Galiza para executar este acordo do Parlamento. Porque xusto neste momento no que se están a tomar estas decisións tan prexudiciais para a nosa comarca sería de gran importancia que a Xunta estivera presente nese consello de administración. Onde, por certo, tamén se están tomando decisións sobre o futuro da fábrica de turbinas de Ferrol. Non nos cansaremos de insistir na importancia que tería impulsar esta división e dotala de medios e recursos para introducila no sector das tecnoloxías relacionadas coa descarbonización da mobilidade marítima. É, polo tanto, fundamental a entrada da Xunta de Galiza nese consello de administración. Cumpran vostedes con ese compromiso, cumpran, executen estes acordos parlamentarios, pidan ou negocien a entrada no Consello de Administración de Navantia. Constitúan unha mesa co Goberno do Estado para a diversificación de Navantia na ría de Ferrol, para a recuperación e diversificación de actividades en Navantia. Exixan xa para xa a adxudicación e o comezo inmediato das obras de transformación do buque *Galicia*. Deixen o teatro para os artistas e para as artistas e fagan política, gobernen e, sobre todo, poñan en valor todas as inmensas potencialidades de Navantia na ría de Ferrol. E non digan que non aceptan a emenda porque a súa intención é tomar un acordo sobre un asunto moi concreto. Non restrinxan o debate, que en Ferrol xa imos cheos de restricións. Tomen posición e defendan o sector porque son temas de gran relevancia para o emprego na comarca de Ferrol.

Deixen de traer iniciativas ao Parlamento para facer como a que fan. Convalidámoslles de mil amores as iniciativas dos próximos seis meses. Dámoslles o noso voto a favor por adiantado se cumpren vostedes con algunha destas que xa imos aprobando.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Si, moitas grazas, señor presidente.

Para responder a algunhas das cuestións que plantexaron o señor Seco e o señor Fernández. Señor Seco, a verdade é que acaba vostede de adoptar como propio o Plan de transformación



do estaleiro de Ferrol, 12 de xullo de 2018. É verdade que gobernaba o Partido Socialista, pero ¿vostede cre que o Partido Socialista, o novo Goberno do Partido Socialista, co presidente que tiña o anterior Goberno, nuns días foi capaz de aprobar este Plan de modernización do estaleiro 4.0 como para chegar aquí a poñerse a medalla de que foi o Partido Socialista o que desbloqueou o plan do estaleiro? Mire, tráiolle outro documento, porque, claro, é que algúns dos que estamos aquí vivimos como naceu o proxecto de transformación do estaleiro. E vivimos todo o que houbo que traballar para conseguir meter nos orzamentos do ano 2018 — que, salvo vostedes, supoño que pouca xente sabía o da moción de censura —, meter neses orzamentos 250 millóns para as fragatas.

Estudo de viabilidade. ¿Cando se aprobou o estudo de viabilidade?, doulle outra data: outubro de 2016. Pero dáme igual quen gobernara, é que de verdade que están vostedes instalados no argumentario e no pasado. E de verdade que o que precisamos é falar do presente e mirarlles á cara a 700 persoas da industria auxiliar de Ferrol que perderon o seu emprego no último ano, para dicirlles que a culpa a tivo Morenés, que foi ministro de Defensa hai non sei cantos anos.

Mire, se eu quitara de argumentario aquí, en vez de falar de Morenés pois podería falar... ¿Lémbrese daquilo do conflito de Arabia, da venda de armas a Arabia? Poderíamos falar do que ía supoñer ese conflito... que estiveron a punto de anular, de anular o contrato asinado por Mariano Rajoy con Arabia, para a construción dunha serie de corbetas que se están construíndo en Navantia, pero no sur.

Ou poderíamos falar das repercusións que tivo retirar unha determinada fragata ante os Estados Unidos, e o que ocasionou comercialmente para Navantia esa decisión. Porque as decisións da Armada, de que se constrúe da Armada española, son decisións que se adoptan nun Consello de Ministros. Pero Navantia tamén produce para outros países. E mire, precisamente para todos os países que produce, normalmente son países que levan uns determinados mísiles. Pero, en fin, creo que non é a cuestión seguir discutindo tantos anos despois, porque, de verdade, levan tres anos gobernando e non sei, de verdade, a que vén sempre unha cortina de fume dos mísiles, en vez de falar do que está pasando agora e de como se pode solucionar. Poderían vostedes ter aprobados tres orzamentos e poderían, dende logo, cando menos, executar os orzamentos que quedaron aprobados no ano 2018. *(Aplausos.)*

Mire, ¿pero pódeme dicir cando Navantia, nos últimos anos, gobernando o PSOE ou o PP, non tivo créditos participativos da SEPI ou do Ministerio de Industria? ¿Pero cando Navantia tivo resultados positivos nos últimos anos? Non, non, non, vamos ver, é que 26 anos de goberno dos últimos 40 anos do PSOE, 14 do Partido Popular. En fin, non é cuestión, xa digo, nin de medallas nin de enfrontamentos, pero, ¡oia!, todos sabemos perfectamente como funciona o sector naval en Ferrol.

E mire, eu tamén lle pido... estamos a falar dun estaleiro que constrúe buques militares — despois falarei da parte do BNG, se me dá tempo, vaime dar tempo—. *(Murmurios.)* Polo tanto, non... ¿a que vén agora a caída dos tráficoos marítimos en relación a un estaleiro que constrúe barcos militares? As necesidades estratéxicas de... falou vostede de que o problema de Navantia é que caeu o sector naval en todo o mundo. Non, non, non. É que o sector militar,



as necesidades estratéxicas da defensa nacional española e os compromisos internacionais aumentaron. Polo tanto, aumentou a necesidade de buques. *(Aplausos.)*

Mire, xa que é seu o documento, xa que é seu o plan de modernización, porque o plan estratéxico ese que se aprobou en decembro non é do Partido Popular, jeh!, que o saiba o representante do BNG. Porque o Partido Popular, que eu saiba, nunca firmou unha reconversión, nunca, nunca. Entón nós non nos sentimos identificados con ese documento. Si que nos sentimos identificados co plan de modernización.

E mire, nese plan de modernización, que entón é do Partido Socialista, eu estou a favor, e que a adxudicación do dique, finais do ano 2019, díxeno antes. E a primeira fragata no ano 2020. ¿E a que vén a falar dous anos despois dun atraso achacable ao Partido Popular cando ían empezar dous anos despois de que Mariano Rajoy abandonase a Moncloa? Pero, de verdade, non se trata de repartir culpas, nós non podemos compartir algunhas cousas do BNG da eólica mariña nin do sector militar, xa o saben, nós queremos algo concreto, non queremos mesas de traballo, queremos que se faga un buque, que o encargue o Consello de Ministros. Esa é a nosa proposición e de verdade que esperamos que de aquí ao xoves todos fagamos o que poidamos facer para que este acordo que se poida reproducir neste Parlamento, se reproduza no Senado, que é o importante, e que o Goberno de España, queira ou non queira barco, o faga porque Ferrol o necesita.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta as emendas?

O señor REY VARELA: Non aceptamos as emendas...

O señor PRESIDENTE: ¿Non as acepta?

O señor REY VARELA: ...porque son proposicións diferentes.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Rey Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego dun plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña, a licitación polo Goberno central da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira, así como a xestión da condonación da débeda ou solución análoga

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Diego Calvo Pouso, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:



Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia a demandar ante o Goberno de España:

1.- O compromiso firme do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana de incluír a conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira na próxima convocatoria (mes de maio) dos fondos Next Generation.

2.- A condonación da débeda do Porto da Coruña ou a concesión dunha axuda equivalente ao seu importe.»

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Este próximo 31 de marzo será o primeiro cabodano de Serafín Mourelle, un referente da cultura mariñeira desde a súa vasta experiencia como home de mar sempre a pé entre Galiza e Irlanda, proa e popa dunha vida intensamente ligada ao seu porto base, que é o porto da Coruña.

Permítanme que traia aquí hoxe *in memoriam*, na súa honra, a lembranza persoal dunha conversa inesquecible nun día de celebración mariñeira ben especial como é a festa do Carme, sobre todo para quen vivimos mirando a terra desde o mar, tanto como mirando o mar desde a terra.

Afirmaba Serafín, nun relato preciso e clarividente, a vida intensa do noso porto coruñés, vizoso. Contaba os barcos a centos e os peixes a moreas. Unha vida infatigábel de traballos e perigos contada en ardoras, un ir e vir dunha vida maior común para tanta xente da Coruña e tamén de toda a comarca.

O mar non é poesía, é traballo e é esforzo, dicía. E con todo falaba do seu mar e do noso porto da Coruña como un poeta que era. Mais o certo é que os seus ollos vidrosos non se recoñecían xa neste porto minguado e decadente. Porque o porto da Coruña está inmerso nunha regresión económica continuada, sen precedentes ao longo da última década.

Algúns dos factores que explican este desolador balance son a acusada diminución de tráfico, sen excepción, o abandono dun importante tráfico como é o de contedores, a dependencia de descargas en retroceso como é o petróleo ou o carbón, así como a aposta polo tráfico de cruceiros ou tamén a ausencia de diversificación e captación de novos mercados, como si fixeron moi atinadamente portos próximos como o de Ferrol ou o de Vigo. Razóns que constatan a redución da participación do porto da Coruña no conxunto de portos do Estado. Mentres que os tráfico portuarios coruñeses —din os informes— decrecen en algo



máis dun 11 %, en España aumentan máis dun 20 %. Unha situación que a todas luces denota falta de capacidade de atracción para un porto que está en condicións de continuar a ser o que sempre foi, un importante motor económico para a cidade da Coruña, mais para o conxunto da comarca, como así o fixo ser testemuño o mestre da memoria Serafín Mourelle.

Mais iso si, será así sempre e cando se atenda a unha xestión diferente á que se veu realizando na última década, capaz de se adecuar ás necesidades actuais mais, sobre todo, de se anticipar ao futuro, corrixiendo os erros do plan de actuación que o trouxeron precisamente ata esta situación e sobre os que, por certo, deberían exixirse respostas, explicacións e tamén responsabilidades.

O porto da Coruña, como porto de interese do Estado, require un plan estratéxico que contribúa a recuperar un emprazamento óptimo para acoller unha ampla diversidade de escalas e de tráfico comercial a nivel nacional e tamén internacional.

Neste sentido, cómpre recuperar o índice de conectividade do porto da Coruña con outros recintos para dinamizar os tráfico, nomeadamente o tráfico emerxente de contedores, ao que non podemos nin debemos renunciar, captar novos fluxos de mercadorías e ser base de operacións que faciliten a súa dimensión internacional.

No entanto, o retrato actual que nos ofrece o porto da Coruña está a condicionar severamente a súa funcionalidade, e esta é o feito de ter contraída unha débeda acumulada xa de 302 millóns de euros, dos que 200 son unha débeda contraída con Portos do Estado.

Nesta altura cómpre dicir que o Porto da Coruña está pagando intereses ao Estado ao 5 % por esta débeda, converténdose, curiosamente, nun dos principais fondos de ingreso do Estado. Esta débeda é unha hipoteca que fai que as taxas do Porto da Coruña, por exemplo, sexan máis altas que nos portos veciños, restándolle, evidentemente, competitividade ao porto da Coruña e freando a súa expansión.

O BNG presentou unha emenda aos orzamentos xerais do Estado neste ano 2021, cunha dotación de 20 millóns de euros, para solicitar neste exercicio o acceso ferroviario ao porto exterior. Unha emenda que, como sabemos, non prosperou polo voto en contra de, entre outros, os dous partidos que cogobernan no Estado. Un voto negativo que traduce máis unha vez o nulo apoio a unha demanda que é imprescindible e irrenunciábel para a cidade e para a comarca da Coruña. E dicimos máis unha vez porque emendas do BNG con contido semellante xa foran rexeitadas tamén polo Goberno do Partido Popular presidido por Mariano Rajoy —non o esquezamos— entre os anos 2011 e 2018, boa parte desa década da que falabamos ao comezo.

Nun e noutro caso, o tempo demostrou, con feitos ben infelices ao noso ver, que a galeguidade fica esquecida mentalmente ou rea nos lindes do Padornelo para populares ou socialistas.

Desde o BNG temos sido moi críticos coa xestión da Autoridade Portuaria. Nos últimos anos, temos que dicilo, baixo a responsabilidade do señor Enrique Losada e, non o esquezamos,



nomeado polo Partido Popular do señor Feijóo. Desexamos, por certo, ao novo presidente do ente portuario, o señor Fernández Prado, ata hai pouco compañeiro deste hemiciclo, un camiño de solucións que reverta a gravidade da situación que agora debe xestionar.

A recente celebración da cimeira interadministrativa no Porto da Coruña é unha boa nova que vén reconducir unha anormalidade democrática e institucional. Mais xa adiantamos dende o primeiro momento a valoración decepcionante que faciamos por parte do BNG, derivada de algo fundamental: a falta real de compromisos por parte do Estado para co acceso ferroviario, á que se suma algo fundamental tamén, a negativa a condonar a débeda do porto como si se fixo, por exemplo, en Valencia ou procurar unha solución alternativa análoga. Unha operación sobre a que volve xustificarse máis unha vez, e xa desde o ano 2004, a venda de activos do porto, abrindo a porta non, manténdoa ben aberta a un novo pelotazo urbanístico, que a cidadanía da Coruña xa manifestou reiteradamente que non vai tolerar.

Motril é o único porto de interese xeral da Península que carece de acceso ferroviario. ¿Ten que ser esta a triste igualación por abaixo para Punta Langosteira, para o porto exterior da Coruña ubicado en Arteixo?

Fálasenos moito de transición ecolóxica, ministerio mediante, e obrígase a transportar as mercadorías, mesmo cun alto potencial contaminante, en reas de camións até o corazón da cidade, cun elevado impacto ambiental. Transición si, certamente, por aquilo de que hai un deslocamento, un desprazamento, mais, desde logo, ecolóxica en absoluto nos parece.

E mentres volvemos ao tempo dos titulares recentes, fotoxénicos, que actúan como estupefacientes, o Estado segue sen se comprometer a nivel orzamentario nin tampouco con prazos de execución. E mesmo condiciona o acceso aos fondos europeos á realización agora dun estudo de viabilidade.

A construción do porto exterior da Coruña, non o esquezamos, foi unha decisión do Estado. O que si nos resulta inviábel é gastar 1.000 millóns de euros na súa construción para logo deixalo arrombado, incomunicado e inoperativo, sen un acceso ferroviario. Isto si que resulta inviábel e moi difícil de explicar á cidadanía.

Unha exixencia que agora tamén fai pública o Partido Popular nun entendemos que atinado e xusto exercicio reivindicativo que acordou dos brazos de Morfeo en que estivo sumido durante todos os anos de goberno de Mariano Rajoy. Benvidos sexan os acordos na súa dupla acepción semántica. Porque é unha cuestión vital para a cidade da Coruña, porque é unha cuestión vital para a comarca da Coruña, e porque é de transcendencia vital para toda Galiza, demandamos desta Cámara, dos dous partidos con responsabilidades da intrahistoria e no devir do porto da Coruña até hoxe, o voto favorable. Para o Goberno da Xunta, demandar, por unha banda, con urxencia, desde a súa representación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, un plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do noso porto. E en segundo lugar, exixir do Estado a licitación inmediata da conexión ferroviaria do porto exterior de Langosteira, e xestionar a condonación da débeda ou solución alternativa análoga. *In memoriam*, benquerido Serafín Mourelle. Como ti gustabas de dicir, seguimos a barlovento.

Obrigado. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUZO: Grazas, presidente.

Señorías, moi boas tardes de novo.

Señora Queixas, escoitei atentamente a súa intervención e a miña conclusión é a que tiña antes de escoitala. O Bloque Nacionalista Galego chega tarde e ademais toca de oído neste asunto. E preocúpanos que chegue tarde e que toque de oído. É normal que a oposición faga propostas, para iso está, pero neste asunto chegan tarde, mal e a rastro. Probablemente porque o debate político nas últimas semanas se ten trasladado entre o Concello e a Xunta, froito dos acordos a que parece que chegou o ministro Ábalos co presidente Feijóo, e o Bloque Nacionalista Galego quere tamén reivindicar o seu papel.

Ben, permítame que lle explique varias cousas. A verdade é que da Autoridade Portuaria da Coruña levamos falando sobre ela moito tempo nesta Cámara, co anterior presidente, co actual, co Concello da Coruña, e hai moitas iniciativas nesta Cámara nas que xa reclamamos ter o trato igualitario que tivo o Estado co porto de Valencia. Dá igual que sexa unha condonación, que se lle chame un crédito dalgunha maneira, en fin, dá igual, iso xa o reclamamos o día 11 de setembro do ano 2018. Por certo, votou a favor o Partido Popular e abstivéronse o resto dos partidos. E o mesmo día, unha iniciativa da Marea tamén pedía a condonación da débeda ou similar e a licitación no ano 2019 —fíxese vostede, no ano 2019— do tren a Langosteira. Iso aprobouse por unanimidade, tamén cos votos do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, nesta Cámara.

En fin, falamos e chegamos a moitos acordos e reclamamos o mesmo dende hai bastante tempo.

Nos últimos temos é certo que se intensificou o diálogo e o contacto con todas as administracións, e vostedes hoxe traen aquí unha iniciativa que eu creo que ten un certo cariz de deslealdade política, e explícome. Din vostedes que queren levar a cabo ou encargar un plan comercial, e a verdade é que, ¡home!, isto é un pouco curioso. Dígoo porque, por primeira vez, o novo presidente da Autoridade Portuaria, excompañeiro noso ata hai ben pouco, pois tivo creo que unha boa estrea no seu cargo, e tivo unha reunión con todos os voceiros dos grupos municipais do Concello da Coruña, con todos, sen excepción. Non era unha reunión formal de presentación e unha foto, foi unha reunión de traballo, de traballo verdadeiro, unha reunión de traballo verdadeiro onde se explicou cales eran as cousas que quería levar a cabo..., Si, si, cales eran as cousas que se ían levar a cabo no porto, explicarlles cal era a situación, cales eran os proxectos que estaban enriba da mesa —xa fala despois vostede, señor Arangüena—, os camiños que se ían estudar nos próximos meses, adiantoulles o que era o plan de empresa e o que tiña pensado facer, e tamén o plan comercial que era necesario facer e en que sentido se tiña que enfocar.



A verdade é que xa incluso o mes anterior, o 12 de xaneiro, houbo un Consello de Administración con representación de todas as administracións, conselleiros de todas as administracións, e tamén se falou deste plan comercial. Deuse cumprida nota aos conselleiros, e tamén incluso a nota de prensa posterior ao consello de administración da autoridade portuaria.

Polo tanto, vostedes, desa xuntanza do seu portavoz co presidente da Autoridade Portuaria falando de cales son as necesidades, de alí a vinte días presentan unha iniciativa nesta Cámara pedindo que se faga un plan comercial... ¡Home!, non deixa de ser..., parece que como xa o van facer, imos pedilo nós para que pareza que, se se fai, se fai grazas ao Bloque Nacionalista Galego.

Pois eu teño que contalo e teño que dicir como é a verdade, porque nesta crise, que antes falabamos do sector naval, se hai algo que se ten resentido non son os pedidos do Ministerio de Defensa a Navantia senón que é o tráfico naval, efectivamente, o tráfico que hai por vía marítima, mellor dito, para que se entenda. E aí si que os contedores teñen unha especial significación e outros tráfico que non son cativos aos que se vostede se referiu cando falaba dos tráfico e da redución dalgúns tráfico do porto da Coruña.

Pero mire, sobre o tren a Langosteira, de novo vostedes chegan tarde neste asunto, porque estiveron desaparecidos durante bastantes anos. Falabamos antes de que xa foi acordada neste Parlamento por todos os grupos a licitación do tren a punta Langosteira, por unanimidade de todos os grupos, sempre, nós tamén o reclamabamos, agora e antes. Creo que vostede tivo un pequeno lapsus cando pensaba ou se refería a que nós non o facíamos. Pero vostedes foron os que fixeron presidente a Sánchez, vostedes foron os que, con esa foto entre Adriana e Ana, ían arranxar todos os problemas do mundo, principalmente todos os problemas que había en Galicia, porque esa foto para vostedes era o máis importante, e xa vimos —si, eu xa sei que non lles gusta— como llo agradeceron. Entregaron os concellos en Galicia, moitos concellos onde o Partido Socialista nin sequera era a primeira forza política. Entregaron as deputacións, fixeron presidente do Goberno a Sánchez, e ¿que obtiveron a cambio? Pois que todas esas reclamacións e esas fotos non valeran para nada, porque nunha reunión entre Ábalos e Feijóo se avanzou máis que cos pactos de goberno, coas fotos, coas investidas e con multitude de iniciativas que se teñen presentado.

E esa é a verdade, ¿e eu que quere que lle diga? Esta é a maneira que llo ten agradecido o Partido Socialista ao Bloque Nacionalista Galego. A verdade é que a reunión do presidente Feijóo co ministro de Transporte, o pasado 10 de marzo, parece que —parece, parece— que desbloqueou a conexión ferroviaria, e aí non estaba nin o Bloque, nin estaban as pancartas, nin había ningunha iniciativa. O Goberno de España —repito— asumiu por primeira vez a construción do acceso a Langosteira. Deu un primeiro paso, que non é garantía de que se vaia facer, pero deu un primeiro paso, non vou ser eu o que defenda o señor Abalos, téñeno que comprender, pero deu un primeiro paso. É certo, e o máis importante é que o financiamento dixo que tiña que tratarse con calquera tipo de fondos, fundamentalmente fondos europeos. Logrouse que o ministerio desvinculase a execución desta infraestrutura da xestión da débeda que neste momento pesa sobre o porto coruñés, e que se amosa aberto a que



todas as administracións se implicasen na busca de solucións que asegurasen a viabilidade do porto.

Fíxose, ademais, un calendario de reunións, que a vindeira será o próximo mes de abril. Pola mañá discutían vostedes a utilidade dese tipo de reunións. Ben, imos confiar, non imos totalmente confiados pero, dende logo, creo que por responsabilidade temos que seguir na seguinte reunión.

É verdade que o compromiso acadado polo ministro Ábalos supón un claro cambio de postura, un claro cambio de postura respecto do que tiña acontecido unhas semanas antes, porque unhas semanas antes, no pazo de María Pita, a Alcaldía da Coruña convocou alí distintas institucións, e naquela convocatoria, onde estaban presentes varios representantes socialistas, entre eles a presidenta de Adif, entre eles o presidente de Portos do Estado, e entre eles o secretario de Estado do ministerio, naquela reunión os representantes socialistas dedicáronse a poñer en dúbida a situación do porto da Coruña e dedicáronse a poñer en dúbida de que nesa situación non estaba claro que houbera que realizar o acceso ferroviario a Langosteira. Isto foi unhas semanas antes. É certo que de alí a uns cantos días o ministro Ábalos corrixíunos, e probablemente aos que unha semana antes lles dixo unha cousa, co presidente Feijóo cambia de opinión e non sei se foi pola foto ou polo que foi, cambiou de opinión e agora o ministerio di que hai que atender a licitación dese tren ao porto exterior.

Nós pedímoslles que deamos un paso xuntos, un paso máis adiante. Xa que o ministro di que hai que atender a licitación do acceso ferroviario ao porto exterior, o que lles pedimos é que na próxima convocatoria, na nosa emenda dos fondos *Next Generation*, inclúa este proxecto. É certo que nesa reunión en María Pita dicía que non cumpría as condicións para ser incluído e xa o informe da Xunta desta mesma semana dicía que si, que cumpre as condicións, que está incluído no plan de recuperación de resiliencia que o Goberno enviara a Bruxelas e que encaixa perfectamente nos regulamentos da Comisión Europea sobre os fondos *Next Generation*.

Por iso nós queremos dar un paso máis, supoño que niso estarán de acordo connosco, porque o que lles pedimos é que llelo pidan vostedes a eses que lles deron o voto cos que gobernan en concellos, en deputacións e que non serían nada sen vostedes, non serían nada sen vostedes. E nós pedímoslles que llo pidan a esta xente que non serían nada sen o Bloque Nacionalista Galego. Que lle pidan o tren a Langosteira nos fondos europeos ou rompan os gobernos. Que lles pidan que rebaixen as peaxes ou rompan os gobernos. Eu ben creo que vale a pena reducir as peaxes en Galicia a cambio dun sillón nun concello ou nunha deputación. Seguramente sería moi recompensado pola xente, pero iso o Bloque Nacionalista Galego non está disposto a facelo. Nós fariámolo, pero non son os nosos socios, non, non son os nosos socios, son os seus socios. Son os seus socios, non os nosos, e iso sei que non lles gusta.

E remato coa débeda. Estamos de acordo en que como se fixo con Valencia se pode facer na Coruña e tamén como sucedeu co tren. E unha última idea, señor presidente, eu pídlle ao Partido Socialista que non se poñan en evidencia de novo, que o que pasou o outro día en María Pita, cando os enviados do señor Ábalos dixeron e puxeron en dúbida o tren a Lan-



gosteira, o tren ao porto exterior de Langosteira, foi algo que nunca se debeu de ter feito, iso non é discutible, estou de acordo co que dicía a señora Queixas, hai unha infraestrutura de mil millóns de euros, e agora o que temos que facer é facela viable e competitiva. Para facela viable e competitiva temos que garantir que o tren, o acceso ferroviario, chegue canto antes. Nós pedimos que se comprometan hoxe, que deamos un paso máis e que vaíamos xuntos, e que aquí e en Madrid votemos o mesmo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Queixas.

¡Ah, perdón! ¡perdón! Foi con esta distracción.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

Desculpe.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor Calvo, con todo o respecto, din os expertos que para contar trolas de xeito crible, polo menos teñen que ter unha certa base. E, ¡claro!, as cousas que nos contou vostede hoxe aquí é que non as cre, nin por asomo, nin vostede. Entón vénnos dicir aquí que o señor Martín Fernández Prado, ao que, por certo, lle desexamos o maior dos éxitos, tivo unha reunión, enxalza e pon en valor ese feito como se co salario —por certo, que non é precisamente baixo— que ten o señor Martín Prado non tivese... o primeiro que ten que facer ao chegar é reunirse con todo o mundo, pero non soamente con quen o fixo, con moitísima máis xente, ten que facer moitísimas máis cousas e cunha reunión non se van arranxar os problemas do porto exterior da Coruña, que son graves e son complexos de arranxar.

E, por certo, di vostede que o señor Feijóo foi a Madrid e arranxou non sei que, iso é un completo disparate. O resultados que se acadaron na primeira reunión xa estaban por escrito, xa se manifestou todo o que estaba disposto a asumir o Ministerio de, anteriormente Fomento, agora Mobilidade, despois desa primeira reunión no Concello da Coruña, na cal se fixeron determinados avances. Non nos diga vostede que o señor Feijóo conseguiu nada que non se conseguise anteriormente na Coruña, porque non é certo.

E permítanme que exerza un coruñesismo positivo e incluínte, dicíndolles que non falamos dun porto calquera nin dunha cidade calquera nesta materia. O porto da Coruña foi, moi probablemente xa antes da chegada dos romanos, o Portus Magnus Artaborum, aquel gran porto dos ártabros do que falaban os xeógrafos clásicos, ao que chegou por mar Xulio César no ano 62 antes de Cristo. Foi, logo, un dos escasos portos romanos da Península. En 1520 o rei Carlos I de España e V de Alemaña partiu do porto da Coruña por unha porta que todavía existe para mercar, a golpe de ouro, o imperio, o título de emperador e, posteriormente, en



1799, Alexander von Humboldt partiu da Coruña para descubrir o mundo, por sinalar só algúns feitos reseñables do porto da miña cidade.

E digo todo isto porque o porto da Coruña, como a cidade da Coruña, non son un porto nin unha cidade calquera, senón un porto e unha cidade cunha historia tan potente como a súa xeografía. E sabemos que o proxecto do porto exterior da Coruña ten que ver co desastre do *Prestige*, cos *hilillos* de plastilina dos que falaba Rajoy e con Fraga indo de caza con dous conselleiros (*Aplausos.*) mentres o barco afundía. Entre eles, por certo, don Carlos del Álamo, que é hoxe alto directivo de Ence, un exemplo perfecto do que entende por economía circular o PP de Galicia.

Pero antes do *Prestige* foi o *Mar Exeo*, que lembro como se empotrou case aos pés da Torre de Hércules, e antes fora o *Urquiola* e, por tanto, existía unha necesidade obxectiva, *insoslayable* de dotar A Coruña dun porto exterior. E por iso se impulsou ese proxecto que no seu día se definiu como unha obra ao límite da viabilidade técnica e económica. Unha frase que define moi ben a situación do porto desde o principio. Un porto exterior ao límite no seu comezo e un porto exterior, teño que dicilo tamén, ao límite 17 anos despois, porque neses 17 anos cambiou o país e o mundo en moitos sentidos. A alegría económica do ano 2004 xa non existe nin parece previsible que vaia voltar. A burbulla inmobiliaria estoupou e cunha débeda pública que rolda o 120 % do PIB, os recursos públicos hoxe son moito máis escasos que no ano 2004, cando era aproximadamente a terceira parte.

Pero pasaron máis cousas neses 17 anos. As promesas dun centro loxístico para toda Europa, que, segundo dixó en precampaña no ano 2012 o señor Feijóo, ía construír Pemex en Punta Langosteira, quedaron en nada. Iso si, con titulares como este: *Pemex prevé invertir 57 millones en una planta de hidrocarburos en A Coruña*. Como este e moitísimos máis, en precampaña das autonómicas do ano 2012.

E tamén dicían que a inversión de 270 millóns de euros que o grupo chinés Beijing 3 ía facer no porto exterior, segundo publicitou o expresidente Rajoy a bombo e platillo nun acto público celebrado en Moncloa coa asistencia do presidente da Autoridade Portuaria, que quedou tamén en nada. Aquí, máis titulares: *La inversión china de Beijing 3 en Punta Langosteira se hará en 3 años*. Precampaña das autonómicas do ano 2012.

E logo de todo iso nada, nada das promesas do PP para o porto exterior, *cero patatero*, como dicía o meu compañeiro Martín Seco, fume. Fume é o que vostedes fixeron no porto exterior e para o porto exterior.

Por certo, un presidente da Autoridade Portuaria ata hai ben pouco, o señor Losada, que foi nomeado polo señor Feijóo dicindo que era un gran xestor, a pesar de que non tiña ningún tipo de experiencia no mundo da loxística, nin moito menos da loxística portuaria, nin tampouco tiña experiencia comercial. Un expresidente ao que o Tribunal de Contas do Estado lle reclama 690.000 euros por irregularidades nas contratas do porto. Desexámoslle sorte, por certo. E que levaron a perder financiación europea e tamén a que o propio Tribunal de Contas emitira un informe moi duro no ano 2017.



E agora hai un novo presidente, nomeado tamén polo señor Feijóo, quen ten a maioría e o control do Consello de Administración do Porto da Coruña, un novo presidente, o exdeputado Martín Fernández Prado, a quen lle dixen xa que hai que desexarlle moito éxito, pero, sendo o porto unha gran empresa de gran importancia, o señor Prado non ten nin formación nin experiencia relacionada cos portos ou co mundo empresarial, o cal non lle impide xa dicir cousas como que o porto exterior sen tren é un fórmula 1 sen rodas. Iso como titular queda moi ben, o problema é que os titulares periodísticos non van resolver os problemas do porto, que son moitos e moitos deles relacionados coa nefasta xestión da Autoridade Portuaria na última década. Desde que os gobernos do señor Feijóo nomean o seu presidente teñen maioría no Consello de Administración. Un economista de prestixio, expresidente da Xunta de Galicia, expresidente de Portos do Estado, como Fernando González Laxe, falaba nun recente artigo —e cito literalmente— do desolador balance do Porto da Coruña na última década. Decía que o Porto da Coruña perdeu o mercado de contedores, caeu en todo tipo de tráfico, a súa posición relativa en España reduciuse e desapareceu do ránking da UNCTAD, que é o máis representativo no mundo en materia de portos. E así a participación do Porto da Coruña dentro do conxunto de España reduciuse, decrecendo un 11,5 % nese período mentres os de España aumentan nun idéntico período un 20,7 %.

Noutro artigo lembraba Laxe que en materia de infraestruturas hai que ter claro isto, é moi importante que a oferta non xere a súa propia demanda. É dicir, en termos máis sinxelos, o feito de construír unha infraestrutura non garante en absoluto que esa infraestrutura vaia ser utilizada.

E noutro artigo falaba de algo aínda máis preocupante se cabe, a tendencia a pechar refinerías en todo o mundo, que vai da man do proceso de transición enerxética que está tendo lugar agora mesmo de forma acelerada.

En canto ao problema da débeda, este ano comezaba en teoría o pago da débeda de 200 millóns contraída co ministerio, que xa se abriu a unha moratoria —sen a mediación de Feijóo, jeh!, por certo—, a unha moratoria ata o ano 2035. Isto significa directamente evitar a quebra do porto, porque se tivera que facer fronte a ese pago inicial de 2 millóns anuais, 4 o segundo e así progresivamente, cun beneficio que anda entre o medio millón e o millón de euros anuais, non podería nin afrontar o primeiro pago. E, a maiores, desde 2017 está devolvéndose un crédito do Banco Europeo de Inversións, do que restan 104 millóns por pagar, a razón de 3,5 millóns ata o 2026, ano no que haberá que aboar 9 millóns cada ano. E para facer fronte a ese pago o porto tería que multiplicar por entre 10 e 20 veces o beneficio medio dos últimos anos, o cal é hoxe unha auténtica quimera.

Polo tanto, o porto e o señor Fernández Prado teñen que captar moito tráfico e teñen que facelo con urxencia, e para iso fai falta o tren, claro que si. E nós reclamamos que se faga o tren, pero fai falta tamén unha xestión comercial que non existiu nin por asomo na última década, á parte do fume que vendeu o señor Feijóo a escala industrial. Se hai tren pero non hai xestión comercial, o porto non terá beneficio e vai ser difícil ou imposible que o BEI dea as mesmas facilidades de pago que o ministerio.

Por tanto, temos 5 anos para darlle un cambio completo e radical á xestión da Autoridade Portuaria e atopar tráfico ou alternativas dalgún tipo para un porto que hoxe está grave-



mente infrautilizado, e hai que constituír un consorcio entre todas as administracións porque todas as administracións están implicadas e deben implicarse nun problema de primeiro nivel. E temos unha gran empresa portuaria que pretende trasladarse a un porto exterior que está rematado pero non ten tráfico nin ten a día de hoxe expectativas que substitúan as fantasías do anterior presidente, as promesas incumpridas de Feijóo, que a través da Xunta de Galicia lembro que nomea o presidente do porto e controla o seu Consello de Administración.

Por tanto, quen ten que asumir as súas responsabilidades para sacar adiante un porto que é vital para A Coruña, ademais do resto das administracións, é tamén a Xunta de Galicia, un porto vital para A Coruña pero tamén vital para Galicia, que ten problemas serios. Non nos fagamos trampas ao solitario con eses serios problemas e afrontémolos con sentido de país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

En primeiro lugar, señor Calvo, non lle vou dar as grazas por explicarme as cousas como vostede dixo, porque son moito máis humilde e modesta e creo que as vou compartir con todos os compañeiros e compañeiras desta Cámara. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, eu creo que realmente aquí quen chega tarde é o Partido Popular, porque foi quen estivo todos estes anos, díxeno antes, entre o 2011 e o 2018, con responsabilidades, con compromisos de goberno no Estado, e non fixo absolutamente nada, senón que viu, ademais, impasíbel como a derrota absoluta do porto da Coruña se manifestaba ano tras ano en balances continuamente negativos. E insisto, non fixo absolutamente nada, *(Aplausos.)* sendo quen podía telo feito.

Efectivamente, é absolutamente inexplicábel e tamén é inexplicábel que en todos eses anos, entre 2011 e 2018, non fosen quen de ter unha reunión tan operativa, tan beneficiosa para o porto da Coruña como tiveron agora de repente nunha única reunión. ¡Que mágoa perder 7 anos da nosa vida! *(Aplausos.)*

Nós traemos aquí esta PNL porque, evidentemente, traballamos por un presente de solucións, non por un presente en que continúen vostedes, populares e socialistas, a tirarse os trastos á cabeza.

O presidente do Porto da Coruña xustifícase por unha singular especie de —permítame que o diga— corrente alterna, na medida en que algo semella moverse nas actuacións políticas coa muda dos gobernos, Partido Popular, Partido Socialista, mais logo no fondo todo fica



nunha alternancia de siglas para continuar nunha situación de corrente estática, é dicir, inmobilista e inmovilizadora, que non nos conduce a ningures. (*Aplausos.*) E así estamos como estamos, sacrificando unha cidade, unha comarca e todo un país.

A memoria falla mais a hemeroteca de verdade que sempre atina. E colócanos en situación neste tempo en que alguén —saben vostedes quen— trazou un corredor atlántico de mercadorías borrando Galiza do mapa. Se cadra é que xa nos convidan a independizarnos. Ou ben ignorou por completo (*Aplausos.*) exixir solucións para o Porto da Coruña a quen llas tiña que exixir. Desde logo, se se me permite, acabo por pensar que o delirio centralista é de secaño, non sabe de mar.

A Xunta de Galiza e o Ministerio de Fomento asinaron en 2018 —por certo, de costas, daquela si, ao Goberno municipal, como se non tivese responsabilidades en política urbanística— un protocolo que defendía a vixencia dos controvertidos e rexeitados pola cidadanía da Coruña convenios de 2004. Que implicaban, por suposto, automaticamente vender directamente activos do porto para dedicalos a fins urbanísticos para financiar o porto exterior. Por suposto, nunha zona urbanizable con vivendas só accesibles a uns poucos, como debe ser.

Durante a sinatura do protocolo, Feijóo chegou a afirmar que comprometía unha achega económica de 20 millóns de euros. Coma sempre, unha foto, un titular. Unha perfecta declaración de intencións da que nunca máis se soubo dende o ano 2018. ¿Que foi deste pacto entre iguais, entre gobernos amigos como gustan tanto de dicir no PP? O de sempre: parálise plena, iso é o que representa a sigla. (*Aplausos.*)

Reedítase agora unha nova escenificación, entretéñenos con novas roldas de prensa, fotografías e conversas, reunións que parece ser que son hiperoperativas. Antes Feijóo-Íñigo de la Serna, agora Feijóo-Ábalos, ¿para que? Para dicir que todo está exactamente no mesmo lugar, no mesmo punto morto. Non hai nada absolutamente encamiñado porque non hai datas nin hai compromisos orzamentarios en execución.

E mentres tanto, o único certo é que a conexión ferroviaria ao porto exterior de Punta Langosteira, no concello de Arteixo, tampouco o esquezamos, é vital, sabémolo, para garantir a operatividade desta infraestrutura e asegurar, ademais, a conectividade co corredor atlántico e coas redes europeas de mercadorías. Porque, efectivamente, nin estamos nin queremos nin imos permitir quedar arrombados do mapa.

Polo momento, o único compromiso firme, recollido por escrito en resposta recente destes días pasados a preguntas do deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, é explicitamente a intención do presidente de Portos do Estado de levar a cabo unha reestruturación da débeda da Autoridade Portuaria cunha moratoria —que non condonación, simplemente adialo— ata 2035. E, por suposto, volvendo vinculala outra vez coa venda de activos do porto para fins urbanísticos, especulativos. Seguen coa mesma teima do 2018 e xa do ano 2004. Polo tanto, cero avances.

Por outra banda, comunicouse tamén por escrito —insisto— a intención de demandar a ampliación da declaración de impacto ambiental, que, vixente durante 5 anos, caduca o próximo



mes de xuño, con todo o que iso significa para continuar adiando calquera posible e hipotético comezo de obras.

E ademais, tamén, compromete a analizar un estudo de viabilidade económico-financeira por parte da Autoridade Portuaria. Seguimos no mesmo: cero avances. Asemade, nesa reunión do 23-F —data ben sinalada— ínstase a Xunta de Galiza e a Autoridade Portuaria a traballar no ámbito das súas competencias para garantir que o porto sexa viábel, acrecentando os niveis de tráfico marítimo. Permanecemos en espera porque nada comprometido hai.

Escaneada —para rematar— a realidade do porto da Coruña, diagnosticada, cómpre inocular canto antes os principios activos que devolvan o porto da Coruña ás mans do traballo. Asuman as súas responsabilidades e competencias dende o Goberno da Xunta e dende o Goberno central. Deixen de compartir ineptitudes, poñendo en risco o potencial industrial e comercial do porto da Coruña, e actúen xa dunha vez asentando as bases para liquidar unha hipoteca completamente allea á cidadanía coruñesa que representa un agravio comparativo con Galiza. É preciso a condonación da débeda, como se fixo en Valencia, coas ferramentas necesarias, para liberármonos desa espada de Damocles, e da escusa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...de que este espazo ten que ser obrigatoriamente vendido para construír vivendas —insisto— que só poderán mercar uns poucos. —Remato xa señor presidente—. Tamén, para construír A Coruña e o porto do futuro, necesitamos imperiosamente esta conexión ferroviaria co porto exterior, porque se non existe haberá empresas que nunca se van instalar neste porto, e non poderemos liberar todo ese espazo que nos conecta co mar. Trallemos, por favor, por un presente de solucións.

Obrigada, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

¿Acepta a emenda do Grupo Popular?


A señora QUEIXAS ZAS: Queremos facer unha transacción.

O señor PRESIDENTE: Perfecto. Grazas. Queda pendente esa transacción, e aquí remata por hoxe.

Suspendemos ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás vinte horas e cinco minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

